**CONCELLO DE VIGO**
Expte. 1789 /1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión ordinaria do 2 de decembro de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dous de decembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Ecxmo.Alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(959).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 22 de novembro de 2024. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(960).- DAR CONTA DA SEGREGACIÓN POR TRASPASO DE UNIDADE ECONÓMICA NO CONTRATO DE SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 5162/611.**
Dáse conta do informe-proposta de data 21/11/2024, asinado pola xefa do servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se trasponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 20 de outubro de 2023, acordou adxudicar a FCC AQUALIA, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5.162-611).

O contrato formalizouse o 16 de novembro de 2023, por un prazo de 4 anos, comezando a súa execución ao día seguinte da sinatura, estando prevista unha prórroga dun ano de duración.

**Segundo.-** Con data do 11 de marzo de 2024 FCC AQUALIA, S.A. presenta escrito (documento nº 240082629) no que "*comunica y pone en su conocimiento que resulta de interés de este concesionario realizar una operación corporativa de segregación de su actividad contractual de gestión, mantenimiento y explotación de los Centros Deportivos municipales, de la que forma parte el "Contrato dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalación dependentes da Concellería de Deportes".*

**Terceiro.-** O 24 de xullo de 2024, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello (documento nº 240230199) D. Francisco Javier García Linares, en representación de FCC AQUALIA,S.A. e D. Santiago Lafuente Pérez-Lucas, en representación de LOCAL SPORTS CENTER MANAGEMENT, S.L., na súa condición de apoderados das citadas compañías, comunican a segregación pola que AQUALIA traspasa en bloque a LOCAL SPORTS CENTER MANAGEMENT, S.L. todos aqueles elementos do activo e do pasivo que constitúen a unidade económica independente correspondente aos servizos de xestión, mantemento e explotación de centros deportivos municipais e que forman parte do patrimonio do mesmo.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

1. Escritura de constitución e estatutos da mercantil beneficiaria da segregación
2. Proxecto de segregación
3. Informe dos Administradores das sociedades FCC AQUALIA, S.A e LOCAL SPORTS CENTERS MAGEMENTE, S.L.U sobre as consecuencias da segregación para o emprego
4. Certificados dos acordos dos consellos de administración das compañías

**Cuarto.-** O 5 de novembro de 2024, D. Francisco Javier García Linares, en representación de FCC AQUALIA,S.A. e D. Santiago Lafuente Pérez-Lucas, en representación de LOCAL SPORTS CENTER MANAGEMENT, S.L., na súa condición de apoderados das citadas compañías, mediante escrito con nº de documento 240339224, achegan escritura de segregación, outorgada perante o notario de Madrid, D. Celso Méndez Ureña, o 22 de outubro de 2024, e solicitan que se teña por realizada a "*manifestación expresa de las compañías por la que se responsabilizan solidariamente del buen fin del contrato hasta su terminación*".

No escrito declárase que *"El proceso de sucesión universal legal regulado en el mencionado Real Decreto implica de suyo que se traspase la solvencia técnica y económica exigida por los Pliegos de Condiciones que rigieron la licitación del contrato referido"*.

**Quinto.-** O 20 de novembro de 2024 (documento nº 240356700) LOCAL SPORTS CENTER MANAGEMENT, S.L. presenta declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

**Sexto.-** Constan no expediente os certificados e xustificantes de LOCAL SPORTS CENTER MANAGEMENT, S.L. de non existencia de débedas tributarias coa AEAT, ATRIGA e a facenda municipal, e coa Seguridade Social.

**FUNDAMENTOS JURÍDICOS**

**Primeiro.-** Segundo o artigo 98 "*Supostos de sucesión do contratista*" da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público *"nos casos de división, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúe o contrato, que se subrogará nos dereitos e obrigas derivados dela, sempre que cumpra as condicións de capacidade, ausencia de prohibición para contratar e a solvencia requirida ao acordar a adxudicación ou que as distintas empresas beneficiarias das operacións mencionadas e, se subsisten, a empresa da que proceden os activos, empresas ou sucursais segregadas, son responsables solidarios da execución do contrato. Se a subrogación non se puidese producir porque a entidade á que se atribúe o contrato non reúne as condicións de solvencia necesarias, rescindirase o contrato, considerándose a todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario"*.

Resulta acreditado no expediente que LOCAL SPORTS CENTER MANAGEMENT, S.L. reúne as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación:

- Capacidade: nos estatutos recollidos na escritura de constitución figura o seu obxecto social que inclúe a explotación e mantemento de instalacións deportivas, piscinas, polideportivos e centros de ocio e recreo en xeral.

- Non prohibición de contratar: foi presentada declaración responsable.

- Solvencia: na documentación presentada declárase que *"El proceso de sucesión universal legal regulado en el mencionado Real Decreto implica de suyo que se traspase la solvencia técnica y económica exigida por los Pliegos de Condiciones que rigieron la licitación del contrato referido".* Así mesmo, consta no escrito presentado o 5 de novembro de 2024 compromiso de AQUALIA de *"responder solidariamente, con LOCAL SPORTS, de la ejecución del Contrato "Servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores,Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de deportes" durante toda la duración del mismo. Ello de manera que queda cubierta cualquier incertidumbre que pudiera surgir como consecuencia de la operación de Segregación".*

Foron incorporados polo Servizo de Contratación certificados de non existencia de débedas tributarias de LOCAL SPORTS CENTER MANAGEMENT, S.L. coa AEAT, ATRIGA e a facenda municipal, e coa Seguridade Social.

**Segundo.-** No escrito do 5 de novembro de 2024 LOCAL SPORTS se "*compromete a cumplir con las exigencias del Contrato referido en el expositivo primero y, en particular, a la sustitución de la Garantía definitiva aportada en su día por AQUALIA (mismo importe y condiciones), permaneciendo vigente existente hasta tanto ese Ayuntamiento, no de su confirmad a la nueva garantía*".

**Terceiro.-** A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP)

En base ás anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

> *"1. Tomar razón da sucesión do contratista outorgada por FCC AQUALIA, S.A. a favor de LOCAL SPORTS CENTERS MANAGEMENT, S.L. SOCIEDAD UNIPERSONAL (segregación por traspaso de unidade económica) no contrato de servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e*

*instalacións dependentes da Concellería de Deportes" (5.162-611), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 20 de outubro de 2023.*

*2. A garantía definitiva constituída por FCC AQUALIA, S.A. será devolta en canto se constitúa a garantía de LOCAL SPORTS CENTERS MANAGEMENT, S.L."*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(961).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE CORTINAS SEPARADORAS PARA O PAVILLÓN DE QUIRÓS. EXPTE. 6818/611.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 21/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/11/2024, asinado polo adxunto á xefatura do servizo de Deportes-director técnico, o xefe do servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

**Antecedentes:**

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, de datas 18 e 19 de xullo de 2024.

- Este contrato NON está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023 e publicado na plataforma de contratación.

- Memoria económica de data 6 de novembro de 2024, conformada polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, relativa aos seguintes extremos:

  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base os custos que ten actualmente o propio Servizo de Deportes nos contratos para o desenvolvemento do servizo.

  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

- Certificado de crédito emitido pola Intervención Xeral o 7 de novembro de 2024, no que se informa favorablemente sobre a existencia de crédito na aplicación 3420.6290000, proxecto 25342009, por unha contía de 59.772,06 euros, quedando diferida a emisión do documento contable de retención de crédito ao momento no que os créditos sexan executivos, polo que este expediente pódese tramitar como anticipado de gasto.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 14 de outubro de 2024 e declaración do seu redactor da mesma data.
- Memoria xustificativa, de data 5 de novembro de 2024, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido ao ter un valor estimado inferior a 60.000,00 euros (artigo 159.6 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
  - Ao tramitarse como procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada non se esixe acreditación da solvencia aos licitadores (artigo 159.6 LCSP).
  - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación da fórmula de valoración (artigo 146.2LCSP).
  - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
  - Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 15 de novembro do 2024, asinado pola xefa do dito Servizo..
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado polo Servizo de Contratación con data 15 de novembro de 2024.

**Fundamentos de dereito:**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos

previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 nos concelleiros de Area.

**Segundo.-** Dado o obxecto, o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada (art.159.6 LCSP).

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

**Cuarto.-** No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

**Noveno.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local, na súa condición de órgano de contratación e no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada de SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE CORTINAS MÓBILES DEPORTIVAS PARA DIVISIÓN EN ZONAS DE DIFERENTE USO DEPORTIVO NO PAVILLÓN DE QUIROS.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 14 de outubro de 2024 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado pola xefa do Servizo de Contratación día 15 de novembro de 2024.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **59.772,06 € con IVE, sendo o IVE a soportar de 10.373,66 euros**, a executar no exercicio 2025. O contrato financiarase con cargo ao proxecto 25342009 “Adq. Inst. Cortinas deportivas pavillón Quirós” da partida de orzamentaria de investimentos 3420.6290000 “Equipamento deportivo das instalacións”.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(962).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO SAN SILVESTRE DE VIGO 2024. EXPTE. 23555/333.**

Visto o informe xurídico do 29/10/2024 e o informe de fiscalización, ambos do 20/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/10/2024, asinado polo xefe do servizo de Deportes-director deportivo, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES**

1.1.- Con datas 05.03.24, 16.10.24 e 21.10.24 a entidade FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO solicitou ó Concello de Vigo unha subvención polo desenvolvemento do proxecto deportivo “SAN SILVESTRE 2024”

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 37.000,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo da competición
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento de ingresos e gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado titularidade conta bancaria.
- Certificado da representación legal da entidade.
- NIF da entidade, DNI do representante legal da entidade.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo, así como aqueles cunha participación relevante.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso, o desenvolvemento na cidade do evento San Silvestre (Carreira Pedestre) ten unha transcendencia moi relevante no ámbito dos eventos de deporte-saúde, tendo en conta a enorme participación e repercusión mediática e social na cidade de Vigo.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a fomentar o deporte de alto nivel.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados coa saúde e o deporte-ocio.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística, creando un entorno de promoción do deporte vinculado á saúde , colaborando no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, entre outras cuestións.

Segundo.- **O** carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade do proxecto. Esta subvención, ademais, consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.4800015 no orzamento vixente da Concellería de deportes.

Terceiro.- **O** interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de máximo nivel de participación na cidade de Vigo, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva, coa participación de miles de persoas de todos os perfís, dando ó evento un carácter deportivo, lúdico e social.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos da cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Estes datos identifican claramente a envergadura do proxecto, cunha repercusión importante e coa presenza dun importante número de persoas tanto da cidade como de outros puntos xeográficos.

Este evento serve de escaparate para a cidade, promovendo obxectivos en liña cos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como "Cidade do deporte".

- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
  - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
  - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
  - Dinamización de propostas de interese de deporte na súa relación coa saúde.
  - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte-saúde de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
  - Participación en eventos que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que este proxecto deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2024, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizarase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00€ a favor da entidade Federación Galega de Atletismo, CIF: G15103500 pola organización da San Silvestre de Vigo 2024 e aprobar o texto do convenio que a regula, anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00€ para subvencionar á Federación Galega de Atletismo, CIF: G15103500 pola organización da San Silvestre de Vigo 2024, segundo resulta da documentación do expediente nº 23555-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800015 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE VIGO A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DA SAN SILVESTRE DE VIGO 2024 (EXPTE. 23555/333).

**REUNIDOS**

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Ivan Pablo Sanmartín Carreira como presidente da Federación Galega de Atletismo CIF: G15103500 e enderezo social en Avenida Glasgow, 13 (15008), en A Coruña, segundo resulta da documentación obrante no expediente 23555/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I.-O obxecto deste convenio é o desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo "San Silvestre de Vigo 2024" pola Federación Galega de Atletismo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

A Federación Galega de Atletismo, propón a celebración na cidade de Vigo da "San Silvestre de Vigo 2024", un importante evento que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun centro de atención das carreiras populares.

II.-Que a entidade Federación Galega de Atletismo organizará a San Silvestre de Vigo 2024 na cidade de Vigo, de grande espectacularidade e cunha importante participación e repercusión social.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mocidade teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.

- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como "Cidade do Deporte"
- Promocionar o deporte saudable e a loita contra o sedentarismo.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo dispón no seu vixente orzamento o crédito necesario para outorgar unha subvención a favor da Federación Galega de Atletismo por importe de 30.000,00 €, ao constar nominativamente no orzamento da Concellería de deportes na partida 3410.4800015.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, os convenios a través dos que se canalicen as subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade coa propia Lei, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar co financiamento do proxecto de organización e celebración na cidade de Vigo do evento deportivo "San Silvestre de Vigo 2024".

**VI.-** Que a entidade Federación Galega de Atletismo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) e fronte á Seguridade Social, e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e Federación Galega de Atletismo materializan o seu interese e acordan a concesión da referida subvención en base aos seguintes**.**

## PACTOS

**Primeiro.-** A Federación Galega de Atletismo comprométese a organizar a "San Silvestre de Vigo 2024" na Cidade de Vigo asumindo a responsabilidade única na organización nas condicións detalladas no proxecto presentado e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin e cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto. As súas responsabilidades incluirán:

1º.- Organizar o evento deportivo relativo á carreira San Silvestre de Vigo 2024, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

3º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona do evento, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Federación Galega de Atletismo (revista, web, etc).

2º.- Conceder directamente á entidade Federación Galega de Atletismo unha subvención por importe de 30.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800015 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización do evento deportivo “San Silvestre de Vigo 2024”. A tramitación do pago da subvención realizarase, seguindo o seguinte procedemento:

- Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado trala sinatura do convenio, se a entidade beneficiaria o solicita e mediante transferencia bancaria, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
- O 50% restante da subvención poderá ser abonado, se a entidade beneficiaria o solicita coa data límite do 22 de decembro de 2024, trala presentación de xustificantes acreditativos de gastos do proxecto obxecto do presente convenio por importe do 50% do total da subvención, para o que depositará unha nova garantía por un importe igual á cantidade do novo pago anticipado. Os xustificantes cumprirán, ademais, as seguintes especificades:
    - As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, será necesario que conste de forma expresa que os mesmos foron pagados.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.
O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD

887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15.01.25 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ...... euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no

RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “San Silvestre de Vigo 2024”.
Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e

Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 30.12.25 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdicional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan surdir.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

**Vixésima primeira.-** A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
   a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
   b) O acordo unánime dos asinantes.
   c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
   d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
   e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**5(963).- RESOLUCIÓNS DE RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DENEGACIÓN DE SOLICITUDE DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO CURSO 2023-2024:**

**A) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR P. PAZO ASENJO. EXPTE. 98009/332.**

Visto o informe de fiscalización do 20/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/10/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1.-** O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

*"PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.*

*SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.*

*TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:*

*- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org);*

*- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto envaido á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicudes. (...)"*

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

**2.-** Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

**3.-** En data 13/12/2023, D. P. Pazo Asenjo, con DNI ***4423**, presenta solicitude pola súa filla matriculada en Educación Secundaria Obrigatoria, xunto con certificación de conta

bancaria ao seu nome (expediente 97436/332) pero esta solicitude non se incorporou ao aplicativo informático de xestión destas axudas, polo que quedou sen tramitar.

**4.**- A base décimo segunda das devanditas Bases recolle no seu punto segundo que "*tendo en conta o elevado número de solicitudes a concesión das axudas poderá resolverse escalonadamente, á medida que avance o proceso de verificación*".

**5.-** En consonancia co anterior, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 12 de febreiro de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, relativo a un primeiro bloque de concesións das solicitudes verificadas ata o día 9 de febreiro de 2024:

"*PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 1 deste acordo (8.535 solicitudes) as 'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.380.255,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Pl extr. Axudas familias con fillos escolarizados'* (...)".

**6.-** Posteriormente e unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

"*PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo (8.278 solicitudes) as 'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.321.420,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Pl extr. Axudas familias con fillos escolarizados'.*

*SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). (...)*".

**7.-** En data 01/04/2024, D. P. Pazo Asenjo presenta escrito de reclamación, que pode ser considerado como recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de marzo de 2024, toda vez que a súa solicitude de axuda non aparece nas listaxes publicadas ata o momento.

**8.-** Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

"SEGUNDO.- Conceder aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 4 deste acordo que emendaron en prazo a súa solicitude para as *'axudas municipais a familias con fillos e fillas*

*en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 111.315,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados'.*

*TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).*"

**9.-** A solicitude presentada por D. P. Pazo Asenjo non figura en ningún dos cinco anexos publicados, polo que non se atopa nin concedida nin denegada, toda vez que non se tivo en conta para a súa tramitación, polo que procede a tramitación da mesma ao cumprir os requisitos da convocatoria.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Normativa de aplicación:**

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

**II. Recurso de reposición:**

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, quen manifesta que presentou a documentación a ela requirida para subsanación.

O erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non é obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter (artigo 115.2 da LPAC)

**III.- Valoración das alegacións**

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos obrigatorios para ser beneficiario destas axudas mentres na base oitava determínase cales son os documentos necesarios a presentar polos solicitantes para a comprobación do cumprimento dos ditos requisitos.

Compróbase que o solicitante presentou a súa solicitude en tempo e forma, cumprindo cos requisitos recollidos nas bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

**IV . Órgano competente:**

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por don P. Pazo Asenjo, NIF ***4423** contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de marzo de 2024, por canto non se tivo en conta a solicitude presentada polo interesado, sendo procedente a concesión da axuda ao cumprir a solicitude cos requisitos esixidos e terse presentado en forma e prazo.

**Segundo.-** Conceder a D. P. Pazo Asenjo, NIF ***4423**, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 205,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados).

**Terceiro.-** Notificar ao interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; en ambos os dous casos, os prazos contarán desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## B) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR S. RAMÍREZ LIRA. EXPTE. 98014/332.

Visto o informe de fiscalización do 20/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/10/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1.-** O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

*“PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.*

*SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.*

*TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:*

*- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (*www.vigo.org*);*

*- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (*www.vigo.org*). A publicación do extracto envaido á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicudes. (...)”*

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

**2.-** Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

**3.-** En data 22/11/2023, Dna S. Ramírez Lira, con DNI ***0689**, presenta solicitude pola súa filla matriculada nun centro público de Vigo en Educación Primaria, código de solicitude W999970-3386. (expediente 98013/332).

**4.**- A base décimo segunda das devanditas Bases recolle no seu punto segundo que “*tendo en conta o elevado número de solicitudes a concesión das axudas poderá resolverse escalonadamente, á medida que avance o proceso de verificación*”.

**5.-** En consonancia co anterior, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 12 de febreiro de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, relativo a un primeiro bloque de concesións das solicitudes verificadas ata o día 9 de febreiro de 2024:

“*PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 1 deste acordo (8.535 solicitudes) as ‘axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio’ coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.380.255,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 ‘Pl extr. Axudas familias con fillos escolarizados’* (...)”.

**6.-** Posteriormente e unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

“*PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo (8.278 solicitudes) as ‘axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio’ coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.321.420,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 ‘Pl extr. Axudas familias con fillos escolarizados’.*

*SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). (...)*”

**7.-** Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

“SEGUNDO.- Conceder aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 4 deste acordo que emendaron en prazo a súa solicitude para as *‘axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio’ coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 111.315,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 ‘Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados’.*

*TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).*”

No devandito acordo, publicado o 20/05/2024, recóllese o réxime de recursos aplicables contra o mesmo.

**8.-** A solicitude presentada por Dna. S. Ramírez Lira non figura en ningún dos cinco anexos publicados, polo que non se atopa nin concedida nin denegada, toda vez que non se tivo en conta para a súa tramitación.

**9.-** O 21/05/2024 dona S. Ramírez Lira presenta escrito (doc 240156160) que pode ser considerado como recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de non concesión da súa solicitude de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, no que alega que realizou a solicitude co seu certificado dixital sen que lle dese ningún erro e ao finalizar déuselle o código da súa solicitude; en ningún momento a plataforma informática indicou que a súa solicitude non estivese correctamente presentada.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

**II. Recurso de reposición:**

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, quen manifesta que presentou a documentación a ela requirida para emenda.

O erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte da recorrente non é obstáculo para a súa tramitación , sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter (artigo 115.2 da LPAC)

**III.- Valoración das alegacións**

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos obrigatorios para ser beneficiario destas axudas mentres na base oitava determínase cales son os documentos necesarios a presentar polos solicitantes para a comprobación do cumprimento dos ditos requisitos.

Compróbase que a solicitante presentou a súa solicitude en tempo e forma, cumprindo cos requisitos recollidos nas bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

**IV . Órgano competente:**

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona S. N. Ramírez Lira contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2024, polo que se denegan as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida, en relación á concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, ao cumprir a solicitude cos requisitos esixidos e terse presentado en forma e prazo a súa solicitude.

**Segundo.-** Conceder a Dna. S. N. Ramírez Lira NIF ***0689**, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 205,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados).

**Terceiro.-** Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## C) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR A. ESTORS GONZÁLEZ. EXPTE. 98028/332.

Visto o informe de fiscalización do 25/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/10/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

**1.-** O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

*"PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.*

*SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.*

*TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:*

*- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org);*

*- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto envaido á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicudes. (...)"*

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

**2.-** Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

**3.-** En data 04/01/2024, Dna A. Estors González, con DNI ***7104**, presenta solicitude pola súa filla matriculada en Educación Primaria (expediente 75706/332).

**4.**- Unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

"*SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).*

*TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas (Anexo 2) e a relación de solicitudes que procede que sexan emendadas (Anexo 3) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.*"

No Anexo 3, publicado entre o 22/03 e o 09/04/2024, figura que na solicitude de Dna. A. ESTORS GONZÁLEZ non consta a convivencia con ela de ningún menor que cumpra os requisitos da convocatoria.

**5.-** Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

"*TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).*

*CUARTO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas tras subsanación (Anexo 4) e a relación de solicitudes denegadas ao non teren sido emendadas en prazo (Anexo 5) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos.*"

No devandito acordo, publicado o 20/05/2024, recóllese o réxime de recursos aplicables contra o mesmo.

**6.-** O 24/05/2024 dona A. Estors González interpón recurso de reposición (doc 240159746) contra o acordo da Xunta de Goberno Local sobre denegación de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, achegando convenio regulador e declaración asinada polos dous proxenitores da menor pola que se solicita a axuda na que se indica que a menor vive en réxime de custodia compartida e que acordaron que fose a nai da mesma quen a solicitase. Verifícase que o pai da menor (en cuxa vivenda esta está empadroada) non solicitou esta axuda.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Normativa de aplicación:**

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

**II. Recurso de reposición:**

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, quen manifesta que presentou a documentación a ela requirida para emenda.

**III.- Valoración das alegacións**

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos que deben cumprir as solicitudes, entre as que se atopa a seguinte:

"*b) Que o/a solicitante conviva cos/cás alumnos/as para os/as que se solicite a axuda. A convivencia habitual acreditarase mediante informe dos datos do padrón de habitantes (Para os solicitantes empadroados en Vigo a comprobación realizarase polo Concello de Vigo).*"

A base oitava recolle entre a documentación a presentar xunto coa solicitude:

*"f) De ser o caso, outro documento xustificativo da convivencia co menor."*

Coa documentación achegada ao expediente, compróbase que a solicitante cumpre os requisitos esixidos nas bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

**IV . Órgano competente:**

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona A. Estors González contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2024, polo que se denegan as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida, en relación á concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, por considerarse acreditado o cumprimento do requisito de convivencia da solicitante coa menor pola que se solicita a axuda.

**Segundo.-** Conceder a Dna. A. Estors González, NIF ***7104**, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 205,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados).

**Terceiro.-** Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## D) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR Y. AGUELO ALMARIO. EXPTE. 98033/332.

Visto o informe de fiscalización do 25/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/10/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

**1.-** O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

*“PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.*

*SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.*

*TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:*

*- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (*www.vigo.org*);*

*- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto envaido á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicudes. (...)"*

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

**2.-** Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

**3.-** En data 07/12/2023, Dna Y. Agudelo Almario, con pasaporte colombiano ***3599*, presenta solicitude pola súa filla matriculada en Educación Primaria (expediente 69953/332) xunto a documentación obrigatoria esixida nas bases, entre as que se atopa unha certificación de conta bancaria a nome de D. Y. Rivera Muñoz.

**4.**- Unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

"*SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).*

*TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas (Anexo 2) e a relación de solicitudes que procede que sexan emendadas (Anexo 3) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.*"

No Anexo 3, publicado entre o 22/03 e o 09/04/2024, figura que na solicitude de Dna. Y. AGUDELO ALMARIO falta o seguinte documento necesario para a concesión da axuda: Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.

**5.-** Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

"*TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).*

*CUARTO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas tras subsanación (Anexo 4) e a relación de solicitudes denegadas ao non teren sido emendadas en prazo (Anexo 5) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos.*"

No Anexo 5, publicado o 20/05/2024, figura que a solicitude de Dna. Y. AGUDELO ALMARIO non foi subsanada en prazo.

Así mesmo, no devandito acordo recóllese o réxime de recursos aplicables contra o mesmo.

**7.-** O 28/05/2024 dona Y. Agudelo Almario interpón recurso de reposición (doc 240161966) contra o acordo da Xunta de Goberno Local sobre denegación de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, achegando declaración xurada asinada por ela e polo titular da conta bancaria na que manifestan a súa conformidade en que o ingreso se realice na conta do señor Rivera, toda vez que ela non dispón de conta bancaria da súa titularidade.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Normativa de aplicación:**

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

**II. Recurso de reposición:**

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, quen manifesta que presentou a documentación a ela requirida para subsanación.

**III.- Valoración das alegacións**

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base oitava cales son os documentos necesarios a presentar polos solicitantes para a comprobación do cumprimento dos requisitos; entre os mesmos atópase:

"*e) Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.*"

Coa documentación achegada ao expediente, considérase que a solicitante cumpre os requisitos esixidos nas bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

**IV . Órgano competente:**

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona Y. Agudelo Almario contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2024, polo que se denegan as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida, en relación á concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, por considerarse que cumpre os requisitos esixidos nas bases reitoras destas axudas.

**Segundo.-** Conceder a Dna. Y. María Agudelo Almarioi, pasaporte ***3599*, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 205,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados).

**Terceiro.-** Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## E) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR M.CABANILLAS GONZÁLEZ. EXPTE. 98042/332.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/10/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

**1.-** O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

*“PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.*

*SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.*

*TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:*

*- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (*www.vigo.org*);*

*- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (*www.vigo.org*). A publicación do extracto envaido á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicudes. (...)"*

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

**2.-** Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

**3.-** En data 13/03/2024, D. M. Cabanillas González, con DNI ***4277**, presenta escrito de solicitude polos seus dous fillos matriculados en Educación Primaria (expediente 98042/332), indicando que por un erro informático non puido rexistrar a dita solicitude; achega copia do seu DNI. Polo tanto esta solicitude foi presentada fóra de prazo.

**4.**- A base décimo segunda das devanditas Bases recolle no seu punto segundo que "*tendo en conta o elevado número de solicitudes a concesión das axudas poderá resolverse escalonadamente, á medida que avance o proceso de verificación*".

**5.-** En consonancia co anterior, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 12 de febreiro de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, relativo a un primeiro bloque de concesións das solicitudes verificadas ata o día 9 de febreiro de 2024:

"*PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 1 deste acordo (8.535 solicitudes) as 'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.380.255,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Pl extr. Axudas familias con fillos escolarizados'* (...)".

**6.-** Posteriormente e unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

"*PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo (8.278 solicitudes) as 'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.380.255,00*

*euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Pl extr. Axudas familias con fillos escolarizados'.*

*SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). (...)*"

No devandito acordo, publicado o 22/03/2024, recóllese o réxime de recursos aplicables contra o mesmo.

**7.-** A solicitude presentada por D. M. Cabanillas González non figura en ningún dos anexos publicados, polo que non se atopa nin concedida nin denegada, toda vez que non se tivo en conta para a súa tramitación.

**8.-** En data 01/04/2024 don M. Cabanillas González presenta solicitude de revisión (doc 240105220) que pode ser considerado como recurso de reposición interposto contra o acordo da XGL do 22 de marzo de 2024, toda vez que a súa solicitude de axuda non aparece nas listaxes publicadas ata o momento, no que manifesta que en data 04/12/2024 realizou a súa solicitude pero que por un erro informático esta non quedou rexistrada; achega unha captura de pantalla de ordenador con parte do formulario de solicitude (que non se corresponde co modelo de formulario deste curso); alega igualmente a súa condición de familia monoparental.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

### II. Recurso de reposición.

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións .

De conformidade co artigo 115.2 da LCAP, o erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.

**III.- Valoración das alegacións**

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos que deben cumprir as solicitudes, entre as que se atopa a seguinte:

"*c) Ter presentado a solicitude e a documentación necesaria nos prazos estipulados.*"

Na base novena recóllense as dúas vías posibles para a presentación de solicitudes para estas axudas:

"***- Solicitude telemática (vía preferente):*** *Poderá presentarse a solicitude por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Vigo a través da URL: https://www.vigo.org/axudas-ensino (premendo no botón Tramitar por Internet) achegando a documentación esixida nas bases, sendo necesario asinala por calquera dos medios de sinatura admitidos na Sede Electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?idt=sede_firma.*

*-* ***Solicitude presencial:*** *Deberá cumprimentarse o formulario de solicitude a través da URL: https://www.vigo.org/axudas-ensino (premendo no botón Tramitar presencialmente) e posteriormente presentalo no Rexistro Xeral Municipal do Concello de Vigo xunto coa documentación esixida nas bases. Así mesmo, os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*"

Así mesmo, na base décima indícase que o prazo para a presentación de solicitudes e documentación correspondente "*será de* ***dous meses*** *contados a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.*" Tendo en conta que o Extracto foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 24 de novembro de 2023, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria tivo lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

Cómpre indicar que a captura de pantalla de ordenador presentada polo recorrente en data 01/04/2024 non se corresponde con ningún dos dous modelos de formulario da convocatoria do presente curso escolar 2023/24, senón co modelo do curso anterior (en cuxa convocatoria o solicitante si resultou beneficiario da axuda).

Á vista da documentación achegada polo señor Cabanillas non se pode dar por acreditado que teña presentado o formulario de solicitude nin en forma nin en prazo (o único rexistro de solicitude por el realizado é de data 13/03/2023), incumprindo así o requisito indicado na letra c da base quinta da convocatoria.

En base ao exposto o recurso ten que ser desestimado.

**IV . Órgano competente:**

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Desestimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por don M. Cabanillas González contra o acordo da XGL do 22 de marzo de 2024, por canto a solicitude de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, foi presentada fóra do prazo establecido.

**Segundo.-** Notificar ao interesado o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**F) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR O. GARRIDO CASAL. EXPTE. 98064/332.**

Visto o informe de fiscalización do 25/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/10/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1.-** O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

*"PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.*

*SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.*

*TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:*

*- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (*www.vigo.org*);*

*- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (*www.vigo.org*). A publicación do extracto envaido á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicudes. (...)"*

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

**2.-** Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

**3.-** En data 30/11/2023, Dna O. Garrido Casal, con DNI ***7242**, presenta solicitude pola súa filla matriculada en Educación Primaria (expediente 67164/332).

**4.**- Unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

"*SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).*

*TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas (Anexo 2) e a relación de solicitudes que procede que sexan emendadas (Anexo 3) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.*"

No Anexo 3, publicado entre o 22/03 e o 09/04/2024, figura que na solicitude de Dna. O. GARRIDO CASAL falta algún dos documentos requiridos (documento acreditativo conta bancaria e certificado de matrícula da menor pola que solicita a axuda).

**5.-** Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

"*TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).*

*CUARTO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas tras subsanación (Anexo 4) e a relación de solicitudes denegadas ao non teren sido emendadas en prazo (Anexo 5) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos.*"

No Anexo 5, publicado o 20/05/2024, figura que a solicitude de Dna. O. GARRIDO CASAL, non foi emendada en prazo, por faltarlle a documentación requirida.

No devandito acordo recóllese o réxime de recursos aplicables contra o mesmo.

**6.-** O 06/06/2024 dona O. Garrido Casal presenta escrito (doc 240170535) que pode ser considerado como recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno

Local  sobre denegación de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, achegando certificado de matrícula e certificación de conta bancaria.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Normativa de aplicación:**

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

**II. Recurso de reposición:**

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, quen manifesta que presentou a documentación a ela requirida para emenda.

O erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte da recorrente non é obstáculo para a súa tramitación , sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter (artigo 115.2 da LPAC)

**III.- Valoración das alegacións**

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos obrigatorios para ser beneficiario destas axudas mentres na base oitava determínase cales son os documentos necesarios a presentar polos solicitantes para a comprobación do cumprimento dos ditos requisitos.

Coa documentación achegada ao expediente, compróbase que a solicitante cumpre os requisitos esixidos nas bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

**IV . Órgano competente:**

O  órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da  Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona O. Garrido Casal contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2024, polo que se denegan as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida, en relación á concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, por considerarse acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

**Segundo.-** Conceder a Dna. O. Garrido Casal, NIF ***7242**, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 205,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados).

**Terceiro.-** Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

**<u>ACORDO</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## G) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR C. GILARDONI MIRA. EXPTE. 98070/332.

Visto o informe de fiscalización do 20/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/10/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1.-** O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

*"PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.*

*SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.*

*TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:*

*- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org);*

*- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto envaido á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicudes. (...)"*

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

**2.-** Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

**3.-** En data 18/01/2024, Dna C. Gilardoni Mira, con DNI ***2953**, presenta solicitude polas súas fillas matriculadas nun centro público de Vigo en Educación Primaria (expediente 98069/332) pero esta solicitude non se incorporou ao aplicativo informático de xestión destas axudas, polo que quedou sen tramitar.

**4.-** A base décimo segunda das devanditas Bases recolle no seu punto segundo que "*tendo en conta o elevado número de solicitudes a concesión das axudas poderá resolverse escalonadamente, á medida que avance o proceso de verificación*".

**5.-** En consonancia co anterior, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 12 de febreiro de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, relativo a un primeiro bloque de concesións das solicitudes verificadas ata o día 9 de febreiro de 2024:

"*PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 1 deste acordo (8.535 solicitudes) as 'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.380.255,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Pl extr. Axudas familias con fillos escolarizados'* (...)".

**6.-** Posteriormente e unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

"*PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo (8.278 solicitudes) as 'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.321.420,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Pl extr. Axudas familias con fillos escolarizados'.*

*SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). (...)*"

**7.-** Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

"SEGUNDO.- Conceder aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 4 deste acordo que emendaron en prazo a súa solicitude para as *'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 111.315,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados'.*

*TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).*"

No devandito acordo, publicado o 20/05/2024, recóllese o réxime de recursos aplicables contra o mesmo.

**8.-** A solicitude presentada por Dna. C. Gilardoni Mira non figura en ningún dos cinco anexos publicados, polo que non se atopa nin concedida nin denegada, toda vez que non se tivo en conta para a súa tramitación.

**9.-** O 11/06/2024 dona C. Gilardoni Mira interpón recurso de reposición (doc 240173431) contra o acordo da XGL de non concesión da súa solicitude de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, no que alega un posible erro informático no momento de asinar a súa solicitude.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

### II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar

na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, quen manifesta que presentou a documentación a ela requirida para emenda.

**III.- Valoración das alegacións**

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos obrigatorios para ser beneficiario destas axudas mentres na base oitava determínase cales son os documentos necesarios a presentar polos solicitantes para a comprobación do cumprimento dos ditos requisitos.

Compróbase que a solicitante presentou a súa solicitude en tempo e forma, cumprindo cos requisitos recollidos nas bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

**IV . Órgano competente:**

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona C. Gilardoni Mira contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2024, de concesión de axudas a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio ao cumprir a solicitante cos requisitos esixidos e ter presentado en forma e prazo a súa solicitude.

**Segundo.-** Conceder a Dna. C. Gilardoni Mira NIF ***2953**, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 410,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados).

**Terceiro.-** Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

## <u>ACORDO</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**H) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR M. FERNÁNDEZ LORENZO. EXPTE. 98073/332.**

Visto o informe de fiscalización do 21/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/10/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1.-** O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

*"PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.*

*SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.*

*TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:*

*- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (*www.vigo.org*);*

*- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (*www.vigo.org*). A publicación do extracto envaido á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicudes. (...)"*

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

**2.-** Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

**3.-** En data 27/11/2023, D. M. Fernández Lorenzo, con DNI ***5850**, presenta solicitude pola súa filla matriculada en Educación Primaria, xunto con certificación de conta bancaria ao seu nome e certificado de matrícula en centro escolar da menor (expediente 63332/332).

Posteriormente, en data 09/01/2024, D. M. Fernández Lorenzo, con DNI ***5850**, presenta solicitude pola filla que xa constaba na anterior solicitude e por outro fillo, tamén matriculado en Educación Primaria, xunto co seu DNI, libro de familia, certificación de conta bancaria ao seu nome e certificados de matrícula en centro escolar dos dous menores (expediente 98072/332).

Por un erro, a solicitude que se tramitou foi a primeira e non a segunda que a debería ter substituído á primeira.

**4.-** A base décimo segunda das devanditas Bases recolle no seu punto segundo que "*tendo en conta o elevado número de solicitudes a concesión das axudas poderá resolverse escalonadamente, á medida que avance o proceso de verificación*".

**5.-** En consonancia co anterior, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 12 de febreiro de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, relativo a un primeiro bloque de concesións das solicitudes verificadas ata o día 9 de febreiro de 2024:

"*PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 1 deste acordo (8.535 solicitudes) as 'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.380.255,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Pl extr. Axudas familias con fillos escolarizados'* (...)".

**6.-** No Anexo 1 da devandita resolución, figura que Dna. M. Fernández Lorenzo resultou beneficiaria por un importe de 205,00 euros (correspondente á primeira das solicitudes que se indican no punto 3 destes antecedentes).

**7.-** Posteriormente e unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

"*PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo (8.278 solicitudes) as 'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.321.420,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Pl extr. Axudas familias con fillos escolarizados'.*

*SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). (...)*".

**8.-** Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

"SEGUNDO.- Conceder aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 4 deste acordo que emendaron en prazo a súa solicitude para as *'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas*

*mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 111.315,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados'.*

*TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).*"

**9.-** A segunda solicitude presentada por Dna. M. Fernández Lorenzo (que recolle os dous menores) non figura en ningún dos anexos publicados, polo que non se atopa nin concedida nin denegada, toda vez que non se tivo en conta para a súa tramitación.

**10.-** En data 11/06/2024, Dna. M. Fernández Lorenzo presenta queixa (expte. 238808/323), escrito que pode ser considerado como recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local sobre denegación de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, no que indica que non se tramitou o documento de solicitude que incluía os seus dous fillos que terían dereito á axuda.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Normativa de aplicación:**

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

**II. Recurso de reposición:**

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, quen manifesta cumprir os requisitos para ser beneficiaria destas axudas por dous fillos.
O erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte da recorrente non é obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter (artigo 115.2 da LPAC)

**III.- Valoración das alegacións**
Compre atender á alegación da recorrente en canto que a axuda tramitouse para un dos fillos da mesma, se ben na segunda solicitude presentada en data 09/01/2024 (expediente 98072/332) indícanse dous nenos que terían dereito á axuda por canto cumpren os requisitos conforme as Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio
En base ao exposto o recurso ten que ser estimado concedendo a correspondente axuda polo segundo fillo.

**IV . Órgano competente:**

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona dona M. Fernández Lorenzo contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2024, en relación á concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, por canto lle corresponde a concesión da axuda polos dous fillos polos que fixo a solicitude e non so por un ao ter presentado en forma e prazo a súa solicitude.

**Segundo.-** Conceder a D. M. Fernández Lorenzo NIF ***5850**, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 205,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados)".

**Terceiro.-** Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; en ambos os dous casos, os prazos contarán desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

## <u>ACORDO</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## I) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR R. TARELA ROMERO. EXPTE. 98079/332.

Visto o informe de fiscalización do 11/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/10/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

**1.-** O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

*"PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación*

*orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.*

*SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.*

*TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:*

*- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (*www.vigo.org*);*

*- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (*www.vigo.org*). A publicación do extracto envaido á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicudes. (...)”*

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

**2.-** Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

**3.-** En data 17/01/2024, Dna. R. Tarela Romero, con DNI ***6748**, presenta solicitude pola súa filla matriculada en Educación Secundaria Obrigatoria, xunto con copia do seu DNI, libro de familia, certificación de conta bancaria ao seu nome e certificado de matrícula en centro escolar da menor (expediente 78812/332).

**4.**- Unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

“*SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).*

*TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas (Anexo 2) e a relación de solicitudes que procede que sexan emendadas (Anexo 3) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.*”

No Anexo 3, publicado entre o 22/03 e o 09/04/2024, figura que na solicitude de Dna. R. TARELA ROMERO faltan os seguintes documentos necesarios para a concesión da axuda: Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda e certificado de matrícula do centro escolar no que está matriculado o alumnado polo que se solicita a axuda.

Trátase dun erro na tramitación que pasou inadvertido, toda vez que a documentación indicada xa fora presentada pola solicitante.

**5.-** Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

"SEGUNDO.- Conceder aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 4 deste acordo que emendaron en prazo a súa solicitude para as *'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 111.315,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados'.*

*TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).*"

No Anexo 5, publicado o 20/05/2024, figura que a solicitude de Dna. R. TARELA ROMERO non foi subsanada en prazo.

**6.-** O 22/05/2024 dona R. Tarela Romero presenta recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de denegación da súa solicitude de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, no que alega que presentou a súa solicitude con toda a documentación requirida no procedemento.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

### II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, quen manifesta que presentou a documentación a ela requirida para emenda.

### III.- Valoración das alegacións

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos obrigatorios para ser beneficiario destas axudas mentres na base oitava determínase cales son os documentos necesarios a presentar polos solicitantes para a comprobación do cumprimento dos ditos requisitos.

Compróbase que a solicitante presentou a súa solicitude e a documentación requirida en tempo e forma, cumprindo cos requisitos recollidos nas bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

**IV . Órgano competente:**

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, en canto a competencia para realizar unha rectificación de erros corresponde ao propio órgano que ditou o acto a rectificar.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona R. Tarela Romero contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2024, polo que se denegan as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida, en relación á concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, ao cumprir a solicitude cos requisitos esixidos e terse presentado en forma e prazo a súa solicitude coa documentación.

**Segundo.-** Conceder a Dna. R. Tarela Romero NIF ***6748**, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 205,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados).

**Terceiro.-** Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; en ambos os dous casos, os prazos contarán desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

## <u>ACORDO</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## K) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR P. DOMÍNGUEZ RIELO. EXPTE. 98087/332.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/10/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

**1.-** O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

*"PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.*

*SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.*

*TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:*

*- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org);*

*- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto envaido á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicudes. (...)"*

Tanto no texto do acordo como na base novena indícase o réxime de recursos aplicable.

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

**2.-** Dna. P. Domínguez Rielo non realiza ningún acto tendente a impugnar as bases aprobadas para a concesión das axudas.

**3.-** Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

**4.-** En data 23/01/2024, Dna. P. Domínguez Rielo, con DNI ***0537**, presenta escrito de solicitude polos seus tres fillos matriculados en Educación Primaria ou Secundaria Obrigatoria (expediente 80074/332), achegando a documentación necesaria para o procedemento, incluídos os tres certificados de matrícula dos menores no presente curso escolar nun centro escolar privado.

**5.**- Unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

“*PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo (8.278 solicitudes) as ‘axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio’ coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.380.255,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 ‘Pl extr. Axudas familias con fillos escolarizados’.*

*SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). (...)*”

No Anexo 3, publicado entre o 22/03 e o 09/04/2024, figura que na solicitude de Dna. P. Domínguez Rielo non hai ningún alumno que cumpra os requisitos da convocatoria.

**6.-** En data 08/04/2021, durante o período de emenda de solicitudes, a interesada presenta un escrito no que manifesta que xa achegou toda a documentación necesaria no prazo de solicitudes e que se reitera no seu escrito de solicitude pese a que os seus fillos non cumpran co requisito recollido nas bases de estaren matriculados nun centro educativo sostido con fondos públicos.

**7.-** Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

“SEGUNDO.- Conceder aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 4 deste acordo que emendaron en prazo a súa solicitude para as *‘axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio’ coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 111.315,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 ‘Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados’.*

*TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).*”

No Anexo 5, publicado o 20/05/2024, figura que a solicitude de Dna. P. Domínguez Rielo non quedou emendada, por non ter ningún alumno que cumpra os requisitos da convocatoria.

No devandito acordo recóllese o réxime de recursos aplicables contra o mesmo.

**8.-** En data 18/06/2024 dona P. Domínguez Rielo presenta recurso de reposición (doc 240179242) contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 20/05/2024 de concesión/denegación de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, no que manifesta que o acto que recorre é contrario a dereito por dúas razóns: por carecer da suficiente motivación e por entender que o requisito de que as axudas só se concedan por alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos vulneraría os seus dereitos de liberdade de ensino e non discriminación.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Normativa de aplicación:**

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

**II. Recurso de reposición.**

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma.

**III.- Valoración das alegacións**

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos que deben cumprir as solicitudes, entre as que se atopa a seguinte:

"*a) Que o alumnado para o que se solicite a axuda estea matriculado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica ou Educación Especial en centros públicos ou concertados situados no termo municipal de Vigo, ou ben, que os nenos e nenas estean empadroados en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos doutros municipios.*"

Á vista da documentación que consta no expediente, en concreto os certificados de matrícula dos tres menores nun centro educativo privado, non se cumpre o requisito da base quinta, letra a.

As referidas bases son a norma que regula este procedemento e non foron impugnadas tras a súa publicación polo que non resulta procedente neste momento recorrer as bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser desestimado.

**IV . Órgano competente:**

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Desestimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona P. Domínguez Rielo contra a denegación da súa solicitude das axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio.

**Segundo.-** Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**L) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR S. PARDELLAS FERNÁNDEZ. EXPTE. 98097/332.**

Visto o informe de fiscalización do 11/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/10/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1.-** O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

*"PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.*

*SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.*

*TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:*

*- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org);*

*- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto envaido á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicudes. (...)"*

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

**2.-** Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

**3.-** En data 21/12/2023, Dna S. Pardellas Fernández, con DNI ***6186**, presenta solicitude polas súas dúas fillas matriculada en Educación Primaria (expediente 73715/332).

**4.**- Unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

"*SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).*

*TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas (Anexo 2) e a relación de solicitudes que procede que sexan emendadas (Anexo 3) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.*"

No Anexo 3, publicado entre o 22/03 e o 09/04/2024, figura que na solicitude de Dna. S. Pardellas Fernández non consta a convivencia con ela de ningún menor que cumpra os requisitos da convocatoria.

**5.-** Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

"*TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).*

*CUARTO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas tras subsanación (Anexo 4) e a relación de solicitudes denegadas ao non teren sido emendadas en prazo (Anexo 5) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos.*"

No Anexo 5, publicado entre o 20/05/2024, figura a solicitude de Dna. S. Pardellas Fernández como non emendada.

No devandito acordo, tamén se recolle o réxime de recursos aplicables contra o mesmo.

**7.-** O 10/06/2024 dona S. Pardellas Fernández presenta escrito (doc 240171868) que pode ser considerado como recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local sobre denegación de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, no que indica que si convive coas dúas menores polas que solicitou a axuda, achegando copia do DNI do pai das menores así como declaración xurada asinada por ambos os dous na que indican que os catro conviven no mesmo domicilio e que o pai non solicitou a axuda pola súa parte. Compróbase de oficio polo Servizo de Educación que a única solicitude presentada polas menores é a que realiza a señora Pardellas.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Normativa de aplicación:**

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

**II. Recurso de reposición:**

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, quen manifesta cumprir os requisitos para ser beneficiaria destas axudas.

O erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte da recorrente non é obstáculo para a súa tramitación , sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter (artigo 115.2 da LPAC)

**III.- Valoración das alegacións**

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos que deben cumprir as solicitudes, entre as que se atopa a seguinte:

"*b) Que o/a solicitante conviva cos/cás alumnos/as para os/as que se solicite a axuda. A convivencia habitual acreditarase mediante informe dos datos do padrón de habitantes (Para os solicitantes empadroados en Vigo a comprobación realizarase polo Concello de Vigo).*"

A base oitava recolle entre a documentación a presentar xunto coa solicitude:

*"f) De ser o caso, outro documento xustificativo da convivencia co menor."*

Coa documentación achegada ao expediente, compróbase que a solicitante cumpre os requisitos esixidos nas bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

**IV . Órgano competente:**

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona S. Pardellas Fernández contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2024, polo que se denegan as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida, en relación á concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por considerarse acreditado o cumprimento do requisito de convivencia da solicitante coas menores polas que se solicita a axuda.

**Segundo.-** Conceder a Dna. S. Pardellas Fernándezez, NIF ***6186**, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 410,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados),.

**Terceiro.-** Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 6(964).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR. ANO 2024 – 3º. EXPTE. 103012/140.

Visto o informe de fiscalización de data 21/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do servizo de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2024.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

| ***Habilitado*** | ***Nºpagamento*** | ***Aplicación orzamentaria*** | ***Importe librado*** | ***Importe xustifica-do*** | ***Data de paga-mento*** | ***Data Real xustica-ción*** | ***Data legal de xustifi-cación*** | ***Reinte-gro*** | ***S/ a fa-vor*** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Abalde Comesaña Raquel | 12024000117998 | 9120.2260100 | 1.500,00 | 251,79 | 02/07/24 | 03/10/24 | 02/10/24 | 1.248,21 | — |
| Abalde Comesaña Raquel | 12024000126892 | 9120.2269900 | 500,00 | 364,35 | 12/07/24 | 03/10/24 | 12/10/24 | 135,65 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12024000127301 | 9120.2200100 | 800,00 | 785,50 | 17/07/24 | 08/10/24 | 17/10/24 | 14,50 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12024000127302 | 9120.2300000 | 300,00 | 80,60 | 17/07/24 | 10/10/24 | 17/10/24 | 219,40 | — |
| Abalde Comesaña Raquel | 12024000140994 | 9120.2310000 | 500,00 | 154,12 | 19/08/24 | 05/11/24 | 19/11/24 | 345,88 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12024000127013 | 1320.2190000 | 1.000,00 | 36,30 | 15/07/24 | 07/10/24 | 15/10/24 | 963,70 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12024000127303 | 1320.2120000 | 1.000,00 | 39,96 | 17/07/24 | 02/10/24 | 17/10/24 | 960,04 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12024000127375 | 1320.2140000 | 1.200,00 | 31,65 | 18/07/24 | 07/10/24 | 18/10/24 | 1.168,35 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12024000127376 | 1320.2200000 | 300,00 | 116,98 | 18/07/24 | 03/10/24 | 18/10/24 | 183,02 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12024000128654 | 1320.2269900 | 1.000,00 | 82,80 | 23/07/24 | 14/10/24 | 23/10/24 | 917,20 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12024000128781 | 1320.2230000 | 2.000,00 | 671,55 | 24/07/24 | 22/10/24 | 27/10/24 | 1.328,45 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12024000129192 | 1320.2250200 | 3.000,00 | 815,91 | 30/07/24 | 28/10/24 | 30/10/24 | 2.184,09 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12024000129193 | 1320.2312000 | 200,00 | 9,20 | 30/07/24 | 24/10/24 | 30/10/24 | 190,80 | --- |
| Carballo Acuña Al-berto | 12024000129343 | 1320.2219900 | 1.000,00 | 415,35 | 31/07/24 | 30/10/24 | 31/10/24 | 584,65 | --- |
| Couce Senra Óscar | 12024000129619 | 1532.2250100 | 600,00 | ---- | 01/08/24 | 28/10/24 | 01/11/24 | 600,00 | --- |
| Couce Senra Óscar | 12024000129676 | 1532.2312000 | 300,00 | --- | 02/08/24 | 28/10/24 | 02/11/24 | 300,00 | --- |
| García Álvarez Luis | 12024000080220 | 3371.2250100 | 120,00 | 100,55 | 02/05/24 | 08/10/24 | 02/08/24 | 19,45 | --- |
| González Domín-guez Luz Mª | 12024000099230 | 9200.2219902 | 250,00 | 10,30 | 31/05/24 | 22/10/24 | 31/08/24 | 239,70 | --- |
| González Domín-guez Luz Mª | 12024000128780 | 9200.2312000 | 100,00 | 100,00 | 24/07/24 | 22/10/24 | 24/10/24 | 0,00 | --- |
| Núñez-Torrón Ló-pez Jesús | 12024000090977 | 2310.4800000 | 300.000,00 | 298.570,20 | 20/05/24 | 01/10/24 | 20/08/24 | 1.429,80 | --- |

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1789 /1102

| *Habilitado* | *Nºpagamento* | *Aplicación orzamentaria* | *Importe librado* | *Importe xustificado* | *Data de pagamento* | *Data Real xusticación* | *Data legal de xustificación* | *Reintegro* | *S/ a favor* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Núñez-Torrón López Jesús | 12024000118006 | 2310.7800000 | 15.000,00 | 8.209,85 | 02/07/24 | 23/10/24 | 02/10/24 | 6.790,15 | --- |
| **TOTAL** | | | 330.670,00 | 310.846,96 | | | | 19.823,04 | |

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

| **Alcance da fiscalización** | **Si** | **Non** |
|---|---|---|
| Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 12024000117998 de Raquel Abalde Comesaña, 12024000080220 de Luis García Álvarez, 12024000099230 de Luz M.ª González Domínguez, 12024000090977 e 120240000118006 de Jesús Núñez-Torrón López. | ✔ | |
| A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración. | ✔ | |
| Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos. | ✔ | |
| Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante. | ✔ | |
| Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante. | ✔ | |

Resultado da fiscalización

| **De conformidade** | **Con observacións** | **De disconformidade** |
|---|---|---|
| | As ordes de pago a xustificar n.º 12024000117998 de Raquel Abalde Comesaña, 12024000080220 de Luis García Álvarez, 12024000099230 de Luz M.ª González Domínguez, 12024000090977 e 120240000118006 de Jesús Núñez-Torrón López non se rendiron no prazo normativamente establecido. | |

## PROPOSTA

A base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2024 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a ese órgano a aprobación das seguintes:

| *Habilitado* | *Nºpagamento* | *Aplicación orzamentaria* | *Importe librado* | *Importe xustificado* | *Data de pagamento* | *Data Real xustificación* | *Data legal de xustificación* | *Reintegro* | *S/ fa vo* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Abalde Comesaña Raquel | 12024000117998 | 9120.2260100 | 1.500,00 | 251,79 | 02/07/24 | 03/10/24 | 02/10/24 | 1.248,21 | - |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Abalde Comesaña Raquel | 12024000126892 | 9120.2269900 | 500,00 | 364,35 | 12/07/24 | 03/10/24 | 12/10/24 | 135,65 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12024000127301 | 9120.2200100 | 800,00 | 785,50 | 17/07/24 | 08/10/24 | 17/10/24 | 14,50 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12024000127302 | 9120.2300000 | 300,00 | 80,60 | 17/07/24 | 10/10/24 | 17/10/24 | 219,40 | — |
| Abalde Comesaña Raquel | 12024000140994 | 9120.2310000 | 500,00 | 154,12 | 19/08/24 | 05/11/24 | 19/11/24 | 345,88 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12024000127013 | 1320.2190000 | 1.000,00 | 36,30 | 15/07/24 | 07/10/24 | 15/10/24 | 963,70 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12024000127303 | 1320.2120000 | 1.000,00 | 39,96 | 17/07/24 | 02/10/24 | 17/10/24 | 960,04 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12024000127375 | 1320.2140000 | 1.200,00 | 31,65 | 18/07/24 | 07/10/24 | 18/10/24 | 1.168,35 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12024000127376 | 1320.2200000 | 300,00 | 116,98 | 18/07/24 | 03/10/24 | 18/10/24 | 183,02 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12024000128654 | 1320.2269900 | 1.000,00 | 82,80 | 23/07/24 | 14/10/24 | 23/10/24 | 917,20 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12024000128781 | 1320.2230000 | 2.000,00 | 671,55 | 24/07/24 | 22/10/24 | 27/10/24 | 1.328,45 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12024000129192 | 1320.2250200 | 3.000,00 | 815,91 | 30/07/24 | 28/10/24 | 30/10/24 | 2.184,09 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12024000129193 | 1320.2312000 | 200,00 | 9,20 | 30/07/24 | 24/10/24 | 30/10/24 | 190,80 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12024000129343 | 1320.2219900 | 1.000,00 | 415,35 | 31/07/24 | 30/10/24 | 31/10/24 | 584,65 | --- |
| Couce Senra Óscar | 12024000129619 | 1532.2250100 | 600,00 | ---- | 01/08/24 | 28/10/24 | 01/11/24 | 600,00 | --- |
| Couce Senra Óscar | 12024000129676 | 1532.2312000 | 300,00 | --- | 02/08/24 | 28/10/24 | 02/11/24 | 300,00 | --- |
| García Álvarez Luis | 12024000080220 | 3371.2250100 | 120,00 | 100,55 | 02/05/24 | 08/10/24 | 02/08/24 | 19,45 | --- |
| González Domínguez Luz Mª | 12024000099230 | 9200.2219902 | 250,00 | 10,30 | 31/05/24 | 22/10/24 | 31/08/24 | 239,70 | --- |
| González Domínguez Luz Mª | 12024000128780 | 9200.2312000 | 100,00 | 100,00 | 24/07/24 | 22/10/24 | 24/10/24 | 0,00 | --- |
| Núñez-Torrón López Jesús | 12024000090977 | 2310.4800000 | 300.000,00 | 298.570,20 | 20/05/24 | 01/10/24 | 20/08/24 | 1.429,80 | --- |
| Núñez-Torrón López Jesús | 12024000118006 | 2310.7800000 | 15.000,00 | 8.209,85 | 02/07/24 | 23/10/24 | 02/10/24 | 6.790,15 | --- |
| **TOTAL** | | | 330.670,00 | 310.846,96 | | | | 19.823,04 | |

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(965).- ACORDO MARCO DO PROGRAMA PARA A REALIZACIÓN DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS RETRIBUIBLES MEDIANTE GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 44930/220.**

Visto o informe de fiscalización do 26/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de organización e xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I. ANTECEDENTES**

**1. Mesa de Negociación do 07/05/2024**

En data 07/05/2024 foi celebrada Mesa de Negociación das condicións de traballo do persoal funcionario convocada para o inicio do proceso de diálogo social cos sindicatos lexitimados ao efecto, dirixida á negociación dunha proposta de determinación das condicións para a análise e valoración de postos de traballo do SPEIS no relativo á xornada laboral, documentada no marco do expediente electrónico n.º 43.578-220.

Na mesma sesión negocial foi sometida á preceptiva negociación colectiva a proposta organizativa do servizo efectuada pola xefatura do SPEIS e pola xefatura da Área de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Extinción de Incendios, que incorpora criterios xerais para a prestación de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria.

Proposta que consta emitida e incorporada ao documento electrónico nº 240126993. Na devandita Mesa aprazouse a negociación para un momento posterior, logo da creación dun grupo de traballo.

**2. Mesa de Negociación do 25/06/2024**

Celebrouse unha segunda mesa de negociación do persoal funcionario do Concello de Vigo , en sesión extraordinaria de data 25 de xuño de 2024, na que se adoptaron os seguintes acordos:

"**1º.- <u>Expediente 44613-220:</u> Dar conta das actuacións realizadas polo grupo de traballo do SPEIS.-**

A Presidenta da conta das actuacións realizadas polo grupo de traballo SPEIS en expediente 44613-220 e da comunicación da Concelleira-delegada de Normalización

Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 14.06.2024 en resposta as propostas dos delegados sindicais que literalmente dí "*Vistas as aportacións sindicais achegadas no proceso de diálogo social coa representación sindical do persoal sobre a organización do SPEIS, pola Concellería trasládase que:*

***1.*** *Emitiuse proposta de determinación da xornada laboral, remitida con ocasión da convocatoria da mesa de negociación colectiva para o pasado 7 de maio do 2024 (expediente 43.578-220), que se xunta.*

***2.*** *A Área de Recursos Humanos e Formación, a nosa instancia e coa nosa conformidade, emitiu a proposta para a revisión do importe da gratificación por servizos extraordinarios realizados fora da xornada laboral ordinaria para someter a negociación colectiva (44.575-220)*

***3.*** *A xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación elaborou informes sobre as aportacións achegadas (expediente 44.613-220)*

***4.*** *Á vista deste informe, solicitouse pronunciamento da contratista do proceso de análise e valoración de postos de traballo e estudio de plantilla no Concello de Vigo, que remitiu informe asinado o 13 de xuño de 2024 sobre o complemento específico dos postos do SPEIS no marco do proceso en curso que conclúe que: "La asignación del valor del complemento específico se enmarca dentro de una potestad discrecional legalmente establecida. Esta discrecionalidad permite ajustar los factores que determinan dicho valor según las necesidades específicas de cada puesto de trabajo, sin afectar la objetividad del método", ao tempo recolle que non se pretende baixar as retribucións e que o punto de partida é a situación actual.*

***5.*** *Emitiuse informe da xefatura da Área de Seguridade e Mobilidade e da xefatura do SPEIS coa proposta de turnicidade á vista da nova xornada proposta, coa conformidade da Concellería, remitida con ocasión da convocatoria da mesa de negociación colectiva para o pasado 7 de maio do 2024 (documento núm. 240126993) que se achega novamente.*

***6.*** *Con respecto a dimensión da plantilla, a xefatura da Área de Seguridade e Mobilidade e da xefatura do SPEIS emitiron informe de data 14 de xuño de 2024, sobre as previsións da plantilla do SPEIS (documento núm. 240176396)*

***7.*** *En relación cos recursos de casación relativos á Policía Local citados na proposta, consta informe da Asesoría Xurídica ao que se achega Auto relativo as casacións admitidas, do que se desprende que non se cuestiona o método de cálculo das gratificacións. Ademais, consta informe da titular da Asesoría Xurídica ao novo cálculo proposto que tamén se achega.*

*Por tanto, trasládanse os anteriores á representación sindical con carácter previo á convocatoria de mesa xeral de negociación de persoal funcionario, no marco do proceso negocial, expresándolles a vontade política desta representación dentro dos límites que resulten da regulación que estableza a normativa xeral e orzamentaria de aplicación.*

*(…)*

**"2º.-<u>Expediente: 43578-220:</u> Proposta de determinación da xornada laboral do persoal do servizo de prevención e extinción e salvamento (SPEIS) do Concello de Vigo.**

A Presidencia da conta da proposta “ *Visto o disposto na orde de data de sinatura dixital de data 2 de febreiro do 2024 determinando o seguinte:*

*“Primeiro.- Incoar expediente administrativo para a negociación colectiva dunha proposta de xornada laboral do persoal adscrito ao SPEIS, que se determinará en 1.642h anuais, previa a tramitación administrativa que conforme a Dereito proceda*

*Segundo.- Ordenar que se proceda a solicitar informe-proposta á xefatura da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Extinción de Incendios, e á xefatura do SPEIS dela dependente, considerando a xornada que se recolle no apartado primeiro anterior, respecto dos puntos seguintes:*

- *proposta de organización de quendas*
- *proposta determinación de horarios*
- *proposta de determinación de servizos mínimos e ordinarios*
- *proposta de réxime interno da prestación do servizo no SPEIS*

*Terceiro.- Dispoñer o sometemento a negociación colectiva dunha proposta de xornada laboral de 1.642h en cómputo anual para o persoal do SPEIS e dunha proposta de organización de quendas, determinación de horarios, determinación de servizos mínimos e ordinarios, e de réxime interno da prestación do servizo no SPEIS."*

*Visto o informe emitido pola xefatura do SPEIS e xefatura da Área de Seguridade (documento 240126993) realizando proposta de horarios, organización de quendas, servizos mínimos e réxime interno da prestación do servizo con programa de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria, pola presente dispoño someter a negociación colectiva a seguinte proposta:*

*"Propoñer a determinación dunha xornada laboral de 1.642h en cómputo anual para o persoal do SPEIS vinculada á proposta de data 25 de abril do 2024 asinada pola xefatura do SPEIS e xefatura da Área de Seguridade sobre horarios, organización de quendas, servizos mínimos e réxime interno da prestación do servizo e criterios xerais rectores dun programa de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria, nos termos e condicións desta e do informe que se emita polo servizo propio de Prevención de Riscos Laborais"*

(...)

**<u>"3º Documento 240126993:</u> Proposta de memoria organizativa do Servizo de prevención e extinción de incendios (SPEIS) realizada pola xefatura do servizo de Bombeiros e a xefatura da Área de Seguridade de data 25.04.2024 (criterios xerais).**

***(...)***

*Sétimo.- Programa de SERVIZOS EXTRAORDINARIOS.*

*É o instrumento máis eficaz para resolver as necesidades do servizo a curto prazo e garantir a dotación ordinaria diaria.*

*É un instrumento accesible, xeralmente aceptado, que actúa como estabilizador automático e instantáneo fronte ás flutuacións non desexadas en materia de dotación de persoal.*

*Para que a súa utilidade non quede desvirtuada resulta indispensable delimitar ben os supostos determinantes da súa aplicabilidade, sen que poida ser visto como un freo á*

*calidade do servizo e á existencia dun cadro de persoal adecuado e permanentemente dotado.*

*O paulatino incremento da dotación de persoal en execución das respectivas OEP marcará o paso dos programas de servizos extraordinarios en interese do servizo.*

*O establecemento dun programa de servizos extraordinarios deberá responden cando menos aos seguintes principios básicos:*

- *Ter un carácter anual.*
- *A incorporación ao mesmo terá carácter voluntario, en convocatoria única.*
- *Deberá establecerse claramente un vínculo unívoco do programa coa execución das ofertas de emprego público pendentes de execución, e a precedencia da cobertura dos postos de traballo vacantes polos procedementos ordinarios sobre a atención das necesidades do servizo con servizos extraordinarios xeneralizados.*
- *O programa deberá estruturarse preferentemente en gardas de 24 horas e corenta minutos, sen prexuízo da posibilidade de realización de un número determinado de gardas por tramos horarios sempre que resulte máis beneficioso en termos de necesidades do servizo, de seguridade e saúde no traballo e de respecto dos demais dereitos estatutarios do persoal de cadro. En todo caso, o programa contemplará a duración mínima das gardas divisibles.*
- *O programa contemplará a realización dun mínimo de 11 e un máximo de 17 gardas durante toda a duración daquel, gardando a debida proporción co calendario anual do servizo.*
- *Por riba das 11 gardas, poderán contemplarse gardas en función das necesidades do servizo.*
- *Na asignación das gardas do programa deberase respectar integramente a secuencia dos descansos breves e non se contemplará a realización de máis dunha garda no mesmo treito dos descansos longos.*
- *A compensación da realización das gardas contemplará a estrita paridade entre gratificación e descansos.*
- *En ningún caso se admitirá a realización das gardas durante as vacacións anuais dos funcionarios participantes no programa.*
- *Os funcionarios que se atopen na idade da xubilación adiantada en aplicación do RD 383/2008 non poderán participar no programa.*

*(...) ”*

**“4º.-** <u>Expediente 44575-220:</u> **Proposta de revisión da fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios**, segundo as consideracións formuladas pola Intervención Municipal:

***1.-*** *Someter á preceptiva negociación colectiva previa o cálculo resultante de dividir o importe anual total de retribucións, entre as horas realizadas anualmente (1642, actualmente).*

| | |
|---|---|
| *Valor hora ordinaria ou normal =* | *Retribucións básicas + CD (importe anual) + CE (importe anual)* |
| | *Xornada de traballo en cómputo anual (1.642 como regra xeral)* |

***2.-*** *A regulación que se adopte, para garantir unha aplicación obxectiva e eficaz na súa tramitación, debería ser aplicable indistintamente tanto para o persoal funcionario como para o persoal laboral, tal e como se veu equiparando ata o momento coa aplicación do Acordo/Convenio Regulador e as Instrucións de Plantilla de 2010, sen distinción entre os distintos servizos municipais (incluídos os servizos de Prevención e Extinción de Incendios e Policía Local) e para todos os grupos e subgrupos de persoal.*

***3.-*** *Deberá observarse a regulación específica e aquelas limitacións recollidas na normativa aplicable a cada grupo de persoal, en especial a limitación das 80 horas anuais para o persoal laboral, a imposibilidade de substituír a retribución das gratificacións do persoal funcionario por tempo de descanso (máis alá da flexibilidade permitida no cumprimento da xornada) e para todos os empregados municipais a Directiva 2003/88/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo, a xornada máxima non debe exceder de “48 horas, incluídas las horas extraordinarias, por cada período de siete días”.*

*Ase mesmo é necesario garantir un período mínimo de descanso diario de 11 horas consecutivas no curso de cada período de 24 horas, e por cada período de sete días, un período mínimo de descanso ininterrompido de 24 horas, ás que se engadiran as 11 horas de descanso diario.*

***4.-*** *As gratificacións para o seu axuste ao réxime retributivo previsto no TREBEP, deben configurarse sen distinción do grupo funcionarial.*

***5.-*** *Estas gratificacións en ningún caso poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, e tan só precederá a tramitación do seu pago cando se acredite o estrito cumprimento da xornada establecida, debendo figurar saldo positivo no control horario do persoal solicitante. Esta acreditación será responsabilidade das respectivas xefaturas no momento de realizar as oportunas solicitudes, sen prexuízo do control posterior por parte da Área de Recursos Humanos e Formación."*

**3. Proposta de incremento plantilla da Área de Seguridade e Mobilidade**

Con respecto a dimensión da plantilla, a xefatura da Área de Seguridade e Mobilidade e da xefatura do SPEIS emitiron informe de data 14 de xuño de 2024, sobre as previsións da plantilla do SPEIS (documento núm. 240176396) incorporado ao expte. 44613-220, do que se deu conta á mesa de negociación.

**4. Acordo da Xunta de Goberno Local de 9/08/2024 para a determinación da xornada laboral a realizar polo persoal do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios (SPEIS) do Concello de Vigo. Expte. 43578-220**

A Xunta de Goberno Local de data 9/08/2024 acordou a determinación dunha xornada laboral de 1.642 horas en cómputo anual para o persoal do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo, nos termos do previsto no art. 8 do vixente Regulamento rector do servizo; xornada vinculada á proposta de organización do servizo de data 25 de abril do 2024, asinada pola xefatura do SPEIS e pola xefatura da Área de Seguridade, e aos criterios xerais rectores dun programa de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria, nos termos e condicións destes, en execución do acordo adoptado pola Mesa de Negociación das condicións do persoal funcionario -proceso de diálogo social desenvolto en sesións negociais de datas 07/05/2024 e 25/06/2024-; (...)

**5. Acordo da Xunta de Goberno Local de 9.08.2024 polo que se aproba o Acordo Marco para a realización de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamentos. Expte. 44930-220.**

A Xunta de Goberno Local de data 9/08/2024 acordou aprobar o Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) retribuibles mediante gratificacións, e autorizar ás xefaturas do SPEIS e da área de Seguridade e Mobilidade a organización e desenvolvemento do Acordo Marco do programa para a realización e retribución de servizos extraordinarios por riba da xornada legal anual (37,5 semanal/anual 1642) para un período máximo de 12 meses, e que deberá desenvolverse de acordo coa previsto na normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais e demais que sexan de aplicación.

**6. Acordo da Xunta de Goberno Local de 9.08.2024 sobre a proposta de aprobación do acordo da Mesa Xeral de Negociación dos funcionarios do concello relativo á organización do SPEIS (Expte. 140045-210)**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 9/08/2024, adoptou o seguinte acordo:

*"1º.- Aprobar o Acordo da Mesa Xeral de Negociación de funcionarios do Concello, adoptado en sesion extraordinaria de 25 de xuño de 2024, relativa á organización do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento que se achega como Anexo I, cos efectos previstos no arts. 38, 1 e 3 e concordantes do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo RDL 5/2015.*

*2º.- Incorporar ao presente Acordo para debida constancia, a acta da precedente sesión ordinaria da Mesa Xera de Negociación de 07 de maio de 2024, como Anexo II."*

**7º. Fiscalización da Intervención.**

O expediente foi sometido a fiscalización e consta informe favorable de data 26/11/2024, no que, se remite o señalado na fiscalizacion en orixen do expediente en data 5 de agosto de 2024, onde se indicaba no seu literal o seguinte:

*"- Debe rectificarse o redactado nesta modificacion puntual do Acordo, a aplicación orzamentaria incorporada o punto 4 do Acordo relativa a consinación de credito dos servizos extraordinarios, onde se prevee a 9200.1510000; sendo segundo orzamento de esta Entidade Local a 1360.1510000 "Gratificacions SPEIS""*

Si ben a presente proposta non modifica o contido do punto 4 do Acordo, se advertiu un erro no apartado III.2 e no apartado 4º do Anexo I da presente proposta, polo que, se incorporan as correccións dos mesmos, de xeito que onde di: *"aplicación orzamentaria 92001510000"*, debe dicir *"aplicación orzamentaria 1360.1510000".*

**II. NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)

- RDL 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local (TRRL)

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución do vixente orzamento 2024.

- Resolución de 28 de febrero de 2019, de la Secretaría de Estado de Función Pública, por la que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo.

- Ley 7/1990, de 19 de xullo, sobre negociación colectiva e participación na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos.

-Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo

-Regulamento do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios do Concello de Vigo (RSPEIS).

## III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### 1. Aprobación da nova redacción do apartado 5.2 do Acordo Marco do Programa para a realización dos servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria do SPEIS retribuíbles mediante gratificacións

Na proposta de memoria organizativa do Servizo de prevención e extinción de incendios (SPEIS) realizada polas xefaturas do servizo de Bombeiros e da Área de Seguridade en data 25.04.2024 (criterios xerais), a través do documento núm. 240126993, sometida ás Mesas de negociación de 7/05/2024 e 25/06/2024, e que serviu de fundamento para a aprobación da xornada laboral ordinaria do SPEIS por acordo da XGL de 9/08/2024 (expte. 43578-220) e da aprobación do acordo da Mesa Xeral de Negociación dos funcionarios do concello relativo á organización do SPEIS (Expte. 140045-210), da mesma data, se recolle o seguinte:

- O apartado quinto, en canto ao horario de traballo, di: "*Proponse unha duración da garda en 24 horas e corenta minutos (...)*"

- O apartado sétimo, en referencia aos servizos extraordinarios: " *(...) O programa deberá estruturarse preferentemente en gardas de 24 horas e corenta minutos, sen prexuízo da posibilidade de realización de un número determinado de gardas por tramos horarios sempre que resulte máis beneficioso en termos de necesidades do servizo, de seguridade e saúde no traballo e de respecto dos demais dereitos estatutarios do persoal de cadro. En todo caso, o programa contemplará a duración mínima das gardas divisibles (...)*

Non obstante o anterior, no apartado 5.2 do programa de servizos extraordinarios aprobado no acordo da XGL de 9/08/2024 (expte. 44930-220) se indica o seguinte:

*"En canto á duración das gardas e a súa realización programarase coa aprobación do calendario anual e as súas modificacións. As gardas poderán realizarse por tramos horarios cunha duración mínima de 4 horas e un máximo de 24 horas, sempre que resulten máis beneficiosas en termos de necesidades do servizo, de seguridade e saúde no traballo e de respecto aos demais dereitos estatutarios do persoal"*

Á vista do que antecede, en garantía do principio de seguridade xurídica, procede aprobar unha nova redacción do devandito apartado 5.2 do Acordo marco do Programa para a realización dos servizos extraordinarios fóra da xornada laboral ordinaria do SPEIS retribuíbles mediante gratificacións, de xeito que, a duración máxima das gardas prevista naquel garde a debida coherencia tanto coa proposta de organización do servizo de data 25

de abril do 2024, asinada polas xefaturas do SPEIS e da Área de Seguridade, sometida ás Mesas de negociación de 7/05/2024 e 25/06/2024, e aprobada por acordo da XGL de 9/08/2024 no expte. 140045-210, coma cos criterios xerais reitores do programa de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria recollidos na mesma memoria organizativa.

**2. Fiscalización previa**

A proposta someteuse á fiscalización previa da Intervención Xeral, de conformidade co disposto na lexislación reguladora sobre facendas locais (artigos 213 a 223), e aos efectos de verificación da existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1360.1510000. Consta informe favorable de 26/11/2024.

**3. Competencia**

A competencia para a aprobación do presente expediente reside na Xunta de Goberno Local ex artigo 127. 1, letra h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, previas as conformidades da Concellería da Área de Goberno e da Concellería-delegada de Área que, por delegación da Excma. Alcaldía e da propia Xunta de Goberno Local, teñen atribuidas competencias en materia de planificación e xestión de recursos humanos no actual réxime de delegacións competenciais.

**PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a nova redacción do apartado 5.2 do Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios por riba da xornada legal anual (37,5 semanal/anual 1642) do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) retribuibles mediante gratificacións, que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9.08.2024, para un período máximo de 12 meses, e cuxo contido íntegro, queda recollido no Anexo I á presente proposta, mantendo a súa vixencia as demais disposicións relativas á duración, réxime competencial, condicións de desenvolvemento do programa, autorizacións ás xefaturas responsables, limitacións orzamentarias e calquera outra prevista no devandito acordo, cuxo desenvolvemento queda suxeito, igualmente, ao establecido na normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais e demais que sexan de aplicación.

**SEGUNDO.-** Déase traslado do presente acordo ás correspondentes áreas, servizos e concellerías, así como á Intervención Xeral, á Dirección Superior Contable e Orzamentación, aos sindicatos e órganos de representación; e procédase á sua exposición pública no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento. Todo o cal, coa indicación de que, contra o precedente acordo se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

PROGRAMA PARA A REALIZACIÓN DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

**1. Duración**

Establécese unha duración anual, a contar dende a data de aprobación do acordo pola Xunta de Goberno Local.

Tres meses antes da conclusión do programa, a Área de Seguridade e Mobilidade avaliará o seu funcionamento e resultados. En caso de que apreciase necesidades do servizo que puidesen aconsellar a prórroga ou a aprobación dun novo programa, remitirá proposta debidamente motivada a Área de Recursos Humanos e Formación, para a súa tramitación.

**2. Número máximo de horas do programa**

En ningún caso o número de horas en exceso a autorizar no trimestre poderá exceder do resultante de multiplicar a xornada legal aplicable (1642 horas) polo número de prazas vacantes non ocupadas interinamente na data de aprobación da proposta, e sen prexuízo da súa posible minoración, ao longo do desenvolvemento do programa, no caso de que se produza a incorporación de novo persoal con cargo ás vacantes, o que deberá ser obxecto de comprobación, con carácter previo a autorización trimestral da realización de servizos extraordinarios.

**3. Carácter voluntario da incorporación**

Dado o carácter voluntario de participación no programa, poderá formar parte do mesmo todo o persoal do SPEIS que así o solicite expresamente no prazo establecido na convocatoria, e declare o coñecemento e conformidade das condicións nas que deberá realizarse aquel.

Non entanto, unha vez adscritos ao programa, os/as interesados/as veñen obrigados/as ao seu exacto cumprimento nos termos previstos no presente acordo, salvo causa sobrevida debidamente motivada que o impida.

Todo o anterior se entende sen prexuízo das obrigas ás que se suxeitan, de xeito inescusable, todos os membros do SPEIS ao deber de dar resposta axeitada ante situacións excepcionais e de emerxencia (art. 3 e 8 do RSPEIS)

**4. Autorización dos servizos extraordinarios**

A realización dos servizos extraordinarios do programa e a súa distribución será autorizada, trimestralmente, pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, previa proposta formulada pola Área de RRHH e Formación conformada pola Concelleira delegada de RRHH á vista do informe e solicitude das xefaturas do SPEIS e da Área de Seguridade.

Con carácter previo á autorización, deberá emitirse informe de existencia de crédito para o gasto proposto na aplicación orzamentaria 1360.1510000.

**5. Número de gardas de servizos extraordinarios, distribución, duración e horarios**

Fíxase un número máximo de gardas que pode realizar un efectivo debendo establecerse, tamén, o número de horas de duración da garda e o número de horas mínimo de descanso entre gardas, todo o cal estará condicionado ao que resulte da valoración do Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL), co fin de garantir que ningún participante no programa realice un número de gardas que resulte contrario á normativa de prevención de riscos laborais.

A adhesión ao programa non garante ás persoas participantes a realización dun mínimo de gardas, xa que, as gardas efectivas virán determinadas polas necesidades organizativas do servizo. No entanto o número máximo de gardas que pode realizar cada efectivo establecido neste programa ten carácter limitativo, e non se poderán superar, en ningún caso.

1. Estímase que a participación no programa podería supor a realización dun máximo de 17 gardas durante os doce meses de duración daquel, quedando condicionada a súa realización efectiva ás necesidades organizativas do programa, gardando a debida proporción, sen que en ningún caso se poidan superar as 17 gardas que se determinan como o número máximo de gardas anuais por cada efectivo.

2. En canto á duración das gardas e a súa realización programarase coa aprobación do calendario anual e as súas modificacións. As gardas poderán realizarse por tramos horarios cunha duración mínima de 4 horas e un máximo de 24 horas e corenta minutos, sempre que resulten máis beneficiosas en termos de necesidades do servizo, de seguridade e saúde no traballo e de respecto aos demais dereitos estatutarios do persoal.

3 . Na asignación das gardas de servizos extraordinarios respectarase, de acordo co horario acordado na MXNF 25/06/2024, a secuencia dos descansos breves e non se realizará máis dunha garda no mesmo treito dos descansos longos.

Esta limitación non resultará de aplicación naquelas situacións que, incidindo directamente na asignación xa programada das xornadas e determinando a súa necesidade, resulten imprevisibles ou inevitables e impidan a súa realización.

En todo caso, para a asignación excepcional de servizos extraordinarios nos descansos breves deberanse ter en conta as incidencias da garda inmediata anterior dos funcionarios afectados, a modo de informe favorable do Xefe do Corpo.

4. A realización de servizos extraordinarios que non poidan programarse con antelación comunicaranse ao persoal afectado tan pronto como xurda a súa necesidade, e se as circunstancias o permiten, con **24 horas de antelación**, deixando constancia expresa no expediente das circunstancias concorrentes.

## 6. Condicións dos participantes no programa e causas de exclusión

Poderán participar no programa o persoal do SPEIS en situación de servizo activo e nomeado con cargo a prazas de Bombeiro, Condutor Bombeiro, Cabo, Sarxento, con excepción daqueles efectivos que se atopen nalgunha das seguintes circunstancias:

- Ter cumprida a idade de xubilación anticipada en aplicación do disposto no R.D. 383/2008

- Estar afectado/a por limitacións e/ou exclusións recollidas nos informes de valoración emitidos polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) ou nos informes de vixilancia da saúde ou calquera outro de preceptiva observancia.

- Non ter superado o recoñecemento médico previo e obrigatorio.

- Non subscribir a Declaración de conformidade coas condicións do programa.

No caso de ter concedida a redución da xornada por calquera causa recollida na lexislación vixente, a participación no programa de servizos extraordinarios virá determinada proporcionalmente en función da dita xornada mediante a realización de gardas fraccionadas que sexan compatibles co respecto ao dereito de conciliación da vida persoal e familiar.

## 7. Gardas programadas e gardas en función das necesidades

As gardas efectivas virán determinadas polas necesidades organizativas do servizo.

Na medida do posible, ata once gardas poderán ser programadas co calendario laboral e as súas modificacións, co fin de garantir a prestación dos servizos ordinarios e respectar os dereitos de conciliación da vida persoal e familiar.

Así mesmo, recorrerase prioritariamente ás horas autorizadas neste programa para a realización de servizos extraordinarios en exceso da xornada, en calquera circunstancia extraordinaria da incumbencia do servizo debidamente apreciadas pola Xefatura do SPEIS (alertas meteorolóxicas, eventos públicos, campañas de prevención, etc...) , sen prexuízo das obrigas ás que se suxeitan, de xeito inescusable, todos os membros do SPEIS ao deber de dar resposta axeitada ante situacións excepcionais e de emerxencia (art. 3 e 8 do RSPEIS).

No caso de que a garda asignada como servizo extraordinario coincida cun permiso, situación de ausencia ou incapacidade temporal do/a interesado/a, non se realizará ou se reasignará ao mesmo efectivo, xa que as gardas en exceso de xornada non realizadas non

serán acumulables e poderán ser reasignadas a outros efectivos integrados no programa. Neste caso poderase exceder o número máximo de gardas establecido con carácter xeral en ata 5 adicionais, con pleno respecto ás esixencias de saúde laboral, nos termos indicados no informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais de data 16/07/2024 e en calquera outro que se emita con posterioridade.

**8. Vacacións**

O persoal funcionario participante non realizará os servizos extraordinarios en exceso de xornada previsto neste programa durante as súas vacacións.

**9. Convocatoria anual do programa**

**9.1. Inicio**

O procedemento para a conformación das persoas participantes no programa se iniciará de oficio, por Resolución da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal á proposta das xefaturas do SPEIS e área de Seguridade e Mobilidade.

**9.2. Publicación**

A convocatoria se publicará nos avisos intranet municipal, e no portal do empregado sen prexuízo da utilización doutros medios adicionais de publicidade, debendo convocarse nalgún medio que permita acreditar cando se publicou e o tempo que estivo publicada para a súa axeitada constancia.

**9.3. Presentación**

O prazo de presentación de solicitudes se fixará na convocatoria sen que poda ser inferior a 5 días hábiles.

Lugar e forma de presentación: as persoas interesadas deberán dirixir as súas solicitudes ao SPEIS no MODELO NORMALIZADO DE SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN AO PROGRAMA E DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONFORMIDADE COAS CONDICIÓNS (ANEXO I), aprobado na convocatoria e dirixido ao SPEIS, e que deberá presentarse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

**9.4. Informes e resolución**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación no programa as xefaturas do SPEIS e da Área de Seguridade solicitarán informe ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais realizándose a revisión dos últimos recoñecementos médicos, elevarán á concelleira delegada da área de Goberno de Seguridade a proposta de resolución aprobatoria da Listaxe de persoas que conforman o programa de servizos extraordinarios.

A dita resolución estará suxeita ao mesmo réxime de publicidade que a convocatoria (intranet, portal do empregado). Non obstante, as causas concretas de exclusión deberán ser obxecto de notificación individual ás persoas interesadas.

**10. Xestión do Programa**

A xefatura do SPEIS comunicará ao persoal adherido ao programa por medio de aplicación informática de xestión do SPEIS  GESTPARQUES, e con antelación as asignacións de gardas correspondentes a **servizos extraordinarios programados** para a súa realización no trimestre, con indicación do centro de traballo de realización das horas/gardas.

As asignacións das **gardas extraordinarias non programadas** se comunicarán por medio de mensaxería instantánea ao número de teléfono indicado na solicitude, a través da aplicación informática de xestión do SPEIS  GESTPARQUES.

No caso de servizos extraordinarios non programados as comunicacións das asignacións se realizarán tan pronto como xurda a súa necesidade e, **se as circunstancias o permiten**, cun tempo mínimo de preaviso de **24 horas .**

**11. Retribución ou compensación das gardas**

As horas/gardas realizadas en exceso da xornada ordinaria serán obxecto de retribución económica mediante gratificacións por servizos extraordinarios. Poderán ser obxecto de compensación horaria con descansos, en función da organización dos operativos polas xefaturas do SPEIS e Área de Seguridade e Mobilidade de acordo cos criterios establecidos polo SPRL.

Ao respecto, a Xefatura da Área de Seguridade e Mobilidade+

, e a Xefatura do SPEIS deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, sempre atendendo ás especiais circunstancias da actividade do servizo de Prevención e Extinción de Incendios.

**12. Tramitación**

**12.1. Autorización previa para a realización servizos extraordinarios**

Antes do inicio do trimestre ao que corresponda a autorización dos servizos extraordinarios, as xefaturas do SPEIS e da Área de Seguridade e Mobilidade remitirán a solicitude de autorización á  Área de RRHH e Formación cumprimentada conforme ao ANEXO I (MODELO DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE SERVIZOS EXTRAORDINARIOS), indicando o número máximo de horas a realizar no trimestre por cada unha categorías ou postos, previa verificación do número de prazas vacantes existentes na plantilla non ocupadas interinamente, así como, da súa cuantificación económica,  co obxecto de tramitar a oportuna transferencia orzamentaria para incrementar, de ser necesario, a aplicación correspondente ás gratificacións por servizos extraordinarios.

Á vista da solicitude, e tralas oportunas comprobacións, se elevará proposta pola Área de RRHH e Formación para a súa aprobación pola concellería delegada da área competente, previo informe favorable de fiscalización.

A previa a autorización de servizos extraordinarios deberá tramitarse inescusablemente con antelación suficiente ao inicio de cada un dos trimestres aos que abrangue este programa temporal.

**12.2. Aboamento de gratificacións por servizos extraordinarios**

Transcorrido o trimestre no que se teña autorizado a realización de servizos extraordinarios a xefatura do SPEIS e da Área de Seguridade e Mobilidade deberán remitir á Área de RRHH e Formación informe trimestral xustificativo da realización das horas/gardas e a solicitude de aboamento co contido que se establece no ANEXO II (MODELO DE INFORME E DECLARACIÓN RESPONSABLE DA XEFATURA DO SERVIZO), debendo reflectir o número de horas/gardas realizadas por cada efectivo en exceso de xornada, a data de realización e os servizos ou actuacións efectuados.

Á vista do que antecede será formulada proposta pola Área de RRHH e Formación coa conformidade da concelleira delegada e, logo de ser sometida a fiscalización, de resultar favorable, será ditada a Resolución pola Concellería da Área autorizando o aboamento e se fará o pago efectivo.

**8.- PRÓRROGA DO ACORDO MARCO PARA A AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 45656/220.**

Visto o informe de fiscalización do 21/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/11/2024, asinado pola técnica de organización e xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I- Mediante número de documento 240349379 (expediente 96424/212), remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación, informe proposta asinado polo Intendente Xefe da Policia Local e conformado pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no que se propón a aprobacion pola Xunta de Goberno Local da prórroga, durante o ano 2025, do Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140-220) coa modificación puntual do número máximo de xornadas a realizar (4.420) e o importe máximo das mesmas, que ascendería a 1.124.213,99 €; e co obxectivo principal de poder acometer de xeito eficaz necesidades ordinarias puntuais e os eventos extraordinarios detallados no mesmo informe, e aqueles que de xeito imprevisto poidan acontecer ao longo do ano.

II- En canto á motivación sobre a necesidade da prórroga solicitada, remitímonos ao recollido no citado informe da Xefatura da Policía Local, conformado pola Concelleira da Área, que consta incorporado ao presente expediente (trámite 2).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I- Normativa e aplicación

O artigo 24.c) Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba a lei do texto refundido do estatuto básico do empregado público TREBEP, recolle con carácter xeral que a contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios, estableceranse pola correspondentes leis de cada Administración Pública atendendo, entre outros factores, ao grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos.

Xa máis concretamente referido ao eido local, o artigo 5 do RD 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local, define o complemento de produtividade como aquel que está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que o funcionario desempeña o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignado ao mesmo.
En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Por resolución da Concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 27/12/2022, e rectificación do Anexo I de data 13/02/2023 (dándose conta do aprobado ao órgano delegante, Xunta de Goberno Local) publicados no BOP de Pontevedra de datas 19/01/2023 e 16/03/2023, aprobáronse os “Criterios para a asignación do complemento retributivo de produtividade no Concello de Vigo”, (expediente 39599-220).

Non obstante, os citados criterios manteñen vixentes transitoriamente unha serie de supostos previstos nas Instruccións sobre plantilla e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, entre os que se atopa, no seu punto terceiro, apartado j) :

*-Os programas de disponibilidade horaria que fose preciso acometer en atención a circunstancias excepcionais que podieran concurrir nalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno local e previa elaboración por parte da Unidade Xestora dun estudio da concurrencia de circunstancias motivadoras excepcionais e urxentes, a imposibilidade de reasignación de efectivos e/ou de prestar o servizo cos efectivos existentes e os obxectivos a acadar co dito programa.*

Asi mesmo, nas Bases de execución do Orzamento do exercicio 2024 vixente, base 32, no apartado, 2.5, recóllese que:

*"No caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fóra da xornada laboral, aos efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou dispoñibilidade, existe un plan previamente aprobado pola Xunta de Goberno Local ou órgano que teña a competencia delegada, cuantificando o número máximo de xornadas, custe de cada unha delas e custe total, mapa de eventos, obxectivos a perseguir, número de horas necesarias. Unha vez aprobado o Plan anual, o servizo xestor estará obrigado a tramitar o preceptivo expediente para verificar a súa adaptación ao Plan e informar sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte as xornadas que se queren executar. Con posterioridade, comprobarase para a súa fiscalización, que se achega a certificación da xefatura do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento independente, como mínimo a seguinte información: o nome do empregado/a que executou as horas ou a xornada, día en que se fixo, o evento a cubrir, referencia sucinta das necesidades a cubrir, as horas feitas se se trata de gratificación, ou xornadas se se trata de reforzos. Todo elo sen prexuízo que se poidan establecer modelos para acreditar a autorización do gasto e a súa execución. Se achegará para a súa inclusión na nómina do mes que corresponda, a proposta do gasto feita pola Área de RR.HH e Formación e o acordo adoptado de recoñecendo a obriga (Resolución do/a Sr./Sra. Concelleiro/a Delegado/a de Persoal), ao que se unirá, o acordo de autorización das xornadas."*

**II-Análise das circunstancias concretas**

O Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais do Corpo da Policía Local, aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión de data 22/06/2017 (expte. 30140-220), na súa disposición 3º, dispón a posibilidade de prórroga para sucesivas anualidades sempre que se den as causas e condicionantes de feito, circunstancias que se motivan no informe proposta asinado polo Intendente Xefe da Policia Local e conformado pola Concelleira delegada da Área, que consta incoporado ao expediente.

Solicítase a prórroga do citado acordo marco para o ano 2025, coa proposta de autorización total de 4.420 xornadas, a 13 xornadas como máximo por efectivo, que ascendería á cantidade máxima de 1.124.213,99 €.

A proposta supón unha lixeira diminución do número de xornadas con respecto ás 4.433 que foron autorizadas para o ano 2024 (expediente 43292-220), cun importe máximo de 1.128.118,55 €.

A súa execución estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria.

A autorizacion da realizacion das xornadas de disponibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policia Local, na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motivan a necesidade de realizacion de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e toda vez que por parte da Intervencion Xeral sexa

realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1320.150.0000.

Salvo erro ou omisión, segundo consulta da aplicación ginpix de persoal incorporada ao expediente, constan os seguintes datos sobre a ocupación dos postos da Policía Local:

- Dotación total Policía Local: 401     Ocupados: 338    Vacantes: 63

A estes datos habería que engadirlle dúas xubilacións voluntarias solicitadas para o mes de decembro (NP 18247 e 21031) polo que, os datos reais para o 2025, serían 336 postos ocupados e 69 vacantes, o que supón unha ocupación do 83,79 % dos 401 postos dispoñibles, todo iso, sen ter en conta o número efectivos (12) que, sendo o informe da xefatura, acadarían as condicións para acollerse á xubilación voluntaria por aplicación do coeficiente redutor no ano 2025, así como aqueles que se atopan en situación de incapacidade permanente revisable, comisión de servizos, prestación de servizos noutras áreas e permiso de estudos.

No momento de aprobación do acordo marco de 2017 que agora se pretende prorrogar, o corpo da Policía Local contaba cunha dotación total de 402 postos, dos que estaban ocupados 341 e vacantes 61, representando un 84,8% de ocupación, superior aínda pois aos datos de hoxe en día.

No informe da Xefatura da Policía Local incorporado ao expediente, recóllese ademais o impacto negativo das altas taxas de absentismo, afectando as situacións de incapacidade temporal ao persoal adscrito a Unidades de tres quendas, o que obriga a reforzar a quenda de noite.

A vista, pois, dos datos expostos, existen causas obxectivas e xustificadas que serven de motivación para acordar a prórroga solicitada.

Agora ben, sen prexuízo do anterior,  a Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial á proposta de aplicación de estudio de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo (RPT) 2023, expediente 40934/220, e que ao non contar con alegacións no período de exposición pública, elevouse a definitivo dito acordo adoptado,  procedéndose á súa publicación, no BOP de Pontevedra nº 93,  de 16 de maio de 2023 e á súa remisión ao portal de Transparencia.

Polo tanto, a presente prórroga que se está a tramitar quedará condicionada ao que resulte da tramitación da proposta dun novo acordo marco adaptado ás condicións actuais e á organización recollida da vixente RPT, para a súa análise e estudio por se, logo da tramitación procedimental oportuna, procedese a súa aprobación polo órgano competente.

CONCLUSIÓNS:

-A proposta de prórroga do Acordo Marco, trátase dun plan de dispoñibilidade de máximos (4.420 xornadas, cun máximo de 13 xornadas por efectivo) , polo que non se terá que executar na súa totalidade. O seu desenvolvemento virá determinado polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico.

- A presente prórroga queda condicionada á aprobación da proposta dun novo acordo marco xa adaptado ás condicións actuais da organización dos postos da Policía Local, logo da aprobación da última RPT do ano 2023, e da tramitación procedimental oportuna, se procedese a súa aprobación polo órgano competente, e se as circunstancias existentes así o motivasen.

-Os importe a aboar actualizarase segundo o que dipoña en cada momento a Lei de orzamentos xerais.

**FISCALIZACIÓN PREVIA**

Someteuse a fiscalización previa da Intervención Xeral, de conformidade co disposto nos artigos 213 a 223 Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos, e en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 1320.1500000- “Produtividade” do orzamento do ano 2025.

Consta informe favorable do 21/11/2024 incorporado ao expediente.

No citado informe, recóllese expresamente a seguinte observación:

*"Esta Intervención Xeral, dada a antiguedade e lonxevidade do Acordo Marco das Xornadas de Disponibilidade do Corpo da Policia Municipal de esta Entidade Local que data do ano 2017, xunto cos cambios operados na estructura retributiva e de funcionamento interno do servizo resultantes da aprobacion dunha nova Rpt especifica para o Servizo no ano precedente, adhirese o apartado de conclusions do expositivo da proposta da Area de RRHH no que se reflicte o seguinte; “* ***A presente prórroga queda condicionada á aprobación da proposta dun novo acordo marco xa adaptado ás condicións actuais da organización dos postos da Policía Local, logo da aprobación da última RPT do ano 2023, e da tramitación procedimental oportuna, se procedese a súa aprobación polo órgano competente, e se as circunstancias existentes así o motivasen. "***

O servizo xestor achega unha proposta por un importe máximo de 1.096.794,14 €, que co incremento retributivo do persoal do sector público do 2,5%, ascendería a 1.124.213,99 €.

**RÉXIME COMPETENCIAL**

Correspóndelle a competencia de aprobación á Xunta de Goberno Local conforme ao artigo 127.1 h) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Á vista do exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte,

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO-** Prórrogar durante o ano 2025 o Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220) e que terá como obxectivo principal, seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuidas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, naquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.

**SEGUNDO.-** Aprobar a realizacion dun número máximo de xornadas anuais (4.420, cun máximo de 13 xornadas por efectivo) , sendo o seu custo máximo de 1.124.213,99 €. Os importes a aboar por cada xornada de disponibilidade realizada serán actualizados segundo lexislación vixente.

**TERCEIRO.-** Delegar na Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización trimestral das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas.

**CUARTO-** A autorizacion da realizacion das xornadas de disponibilidade realizarase previa solicitude da Xefatura da Policia Local, na que conste, as circunstancias excepcionais e coxunturais que motivan a necesidade de realizacion de xornadas de disponibilidade, numero de efectivos previstos e custo das mesmas, e unhaa vez que por parte da Intervencion Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1320.150.0000.

**QUINTO-** A realización das xornadas estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico.

**SEXTO.-** A presente prórroga quedará sin efecto de producirse a aprobación da proposta dun novo acordo marco adaptado ás condicións actuais da organización dos postos da Policía Local, logo da aprobación da última RPT do ano 2023, e da oportuna tramitación procedimental, de proceder a súa aprobación polo órgano competente, de xeito que substitúa o acordo que agora se prorroga e sempre que as circunstancias existentes así o motivasen.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o adoptor no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o

día seguinte ao da notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións establecidos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(966).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL LABORAL, DE 5 AXUDANTES DE OFICIOS, POLA QUENDA LIBRE, 3ª FASE OEP 2017-18-19 E CREACIÓN LISTA DE RESERVA. EXPTE. 43753/220.**

Visto o informe de fiscalización do 26/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/11/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

**I.-** A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de septiembre de 2022) incluía cinco prazas de axudantes de oficios, dúas pola quenda libre, dúas reservadas a persoas con diversidade funcional e unha reservada a persoas con diversidade funcional intelectual, en réxime laboral e equiparadas ao subgrupo transitorio E de titulación.

**II.-** En sesión de data 15/02/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de axudantes de oficios, acordou, por unanimidade, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a seguinte proposta:

*“(...) **Primeiro.-** Propoñer o nomeamento como persoal laboral fixo, con cargo ás prazas vacantes de AXUDANTE DE OFICIOS, enmarcadas no subgrupo transitorio E de titulación, ás seguintes persoas aspirantes da quenda libre – ordinario, que superaron todos os exercicios do proceso selectivo e obtiveron as seguintes puntuacións totais, ordenadas de maior a menor:*

| NOME E APELIDOS | DNI | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| A. B. CASTRO DUARTE | ***0601** | 20,00 |
| V. GONZÁLEZ CORTEGOSO | ***1290** | 19,67 |

***Segundo.-** Propoñer o nomeamento como persoal laboral fixo, con cargo ás prazas vacantes de AXUDANTE DE OFICIOS, enmarcadas no subgrupo transitorio E de titulación, ás seguintes persoas aspirantes da quenda libre – diversidade funcional, que superaron todos os*

*exercicios do proceso selectivo e obtiveron as seguintes puntuacións totais, ordenadas de maior a menor (por desempate):*

| NOME E APELIDOS | DNI | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| A. CORTEGOSO SALGADO | ***6413** | 17,67 |
| B. LOPEZ COMESAÑA | ***9098** | 17,67 |

***Terceiro.-** Propoñer o nomeamento como persoal laboral fixo, con cargo ás prazas vacantes de AXUDANTE DE OFICIOS, enmarcadas no subgrupo transitorio E de titulación, á seguinte persoa aspirante da quenda libre – diversidade funcional intelectual, que superou todos os exercicios do proceso selectivo e obtivo as seguintes puntuacións totais:*

| NOME E APELIDOS | DNI | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| G. FERNANDEZ MARIÑO | ***6823** | 18,25 |

*(...)"*

-Na mesma proposta inclúese o resto de persoal que superou todos os exercicios do proceso selectivo e que poderían formar parte das listas de reserva conforme ao recollido nos "criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo", (Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 167, de 01/09/2022, e modificadas por acordo do mesmo órgano de data 20 de maio de 2024.

**III.-** A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 21/02/2024.

**IV.-** Dado que o aspirante V. G. C. foi proposto polos respectivos órganos de selección para a contratación en dúas prazas de persoal laboral en función do resultado da execución das OEPs 2017-2018-2019 (oficial de mantemento e axudante oficios), e a fin de evitar unha posible vulneración do disposto na Lei 53/84, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións Públicas, requiríuselle para que elixise na que quere ser contratado das dúas.

En escrito de data 25/09/2024 (doc. 240293109) o aspirante V. González Cortegoso presenta a súa elección expresa pola "Praza oficial de mantemento", entendéndose a súa renuncia á praza de Axudante de oficios (Expediente 44601/220). Consta no expediente copia da devandita renuncia en trámite núm. 26.

**V.-** En consecuencia, e conforme ao disposto no apartado 8.4.6 das Bases xerais das OEPs 2017-2018-2019, publicadas no BOP de Pontevedra de data 07/07/2020**,** foi solicitada a presentación da documentación correspondente ao seguinte aspirante segundo listado que figura na acta do tribunal no que consta o resto de persoal que superou todos os exercicios do proceso selectivo, Carnero Campos O., con DNI ***5784** (Puntuación total 19,33).

**VI.-** Consta informe de verificación administrativa segundo o cal as persoas propostas presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

**VII.-** Consta informe de verificación de datos de data 20/09/2024 no que se contempla a existencia de prazas vacantes de axudantes de oficios:

*"(...) **Praza axudante oficios, posto axudante oficios:***
*- En 252- Limpeza viaria, Posto axudante oficios (147), dotación 1– figura vacante na data de sinatura dixital.*
*- En 450- Unidade Mantem. Serv. Municipais, Posto axudante oficios (147), dotación 11– figura vacante na data de sinatura dixital.*
*- En 442- Taller vías e obras, Posto axudante oficios (147), dotación 28– figura vacante na data de sinatura dixital.*
*- En 413- Patrimonio histórico, Posto axudante oficios (147), dotación 33– figura vacante na data de sinatura dixital.*
*- En 442- Taller vías e obras, Posto axudante oficios (147), dotación 37– figura vacante na data de sinatura dixital.*
*- En 215- Medio Ambiente, Posto axudante oficios (147), dotación 42– figura vacante na data de sinatura dixital.*
*- En 442- Taller vías e obras, Posto axudante oficios (147), dotación 61– figura vacante na data de sinatura dixital.*
*Non se inclúe a información sobre vacantes ocupadas interinamente con cargo a ofertas 2020-2021-2022-2023.*

***Praza axudante oficios, outros postos:***
*Conxuntamente, verifícase que figuran prazas de axudante oficios vacantes asociadas a diversas dotacións dos seguintes postos vacantes: vixiante en xeral (156), axudante mantemento (270) e vixiante instalacións municipais (218)".*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

**-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.**

*Artigo 91. "1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.*

*2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.*

*Artígo 103."El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.*

**-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:**

O seu artigo 7 establece que:

*"El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.*

*No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se regirá por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho."*

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

*"1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.*

*2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.*

*3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia."*

**-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.**

*-Artigo 63. "La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo".*

**- O apartado 8.4.6 das Bases xerais das OEPs 2017-2018-2019, publicadas no BOP de Pontevedra de data 07/07/2020.**

*“Con todo, sempre que os órganos de selección propuxesen o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e con fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano que convoca poderá requirir do órgano de selección relación complementaria de aspirantes que sigan os/as propostos/as, para o seu posible nomeamento como funcionarios/ as de carreira ou persoal laboral fixo, nos termos do establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do do Estatuto do Empregado*

*Público (TREBEP).”*

**-Posibilidade de acumulación de prazas da quenda de discapacitados á quenda libre.**

*O Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao empleo público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade*,” regula os supostos de que queden prazas vacantes sen cubrir unha vez celebrado o proceso selectivo, concretamente nos seus artigos 3 e 5, e tamén se fai mención ao respecto no artigo 48.2 parágrafo terceiro da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

Referidos ás vacantes da quenda libre, o artigo 3 do Real Decreto 2271/2004, establece que *“Si las plazas reservadas y que han sido cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzaran la tasa del tres por ciento de las plazas convocadas, las plazas no cubiertas se acumularán al cupo del cinco por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del 10 por ciento”.*

*Polo que se lle dará traslado ao persoal técnico de RRHH e Formación do presente acordo aos efectos do estudio e valoración*

**-Convenio das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.**
No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

**<u>II.- Elaboración de listas de reserva</u>**
No apartado de “Outras disposicións comúns” das bases da convocatoria do proceso selectivo establecíase que “*as/os candidatos/as que no tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación*”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de agosto de 2022, adoptou acordo de aprobación dos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”,

(Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 167, de 01/09/2022, e modificadas por acordo do mesmo órgano de data 20 de maio de 2024.
No presente suposto, acordarase a formación da lista de reserva do persoal que superou todos os exercicios do proceso selectivo e conforme á orde de puntuación obtida (de maior a menor) establecida polo órgano de selección na súa proposta de nomeamento.

**<u>III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva</u>**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- *a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
  *b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
  *c) La intervención material del pago.*
  *d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."*

**IV. - Órgano municipal competente.**
De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.**- Contratar como empregados públicos municipais en réxime laboral fixo, con cargo ás prazas vacantes convocadas de axudante de oficios, pola quenda libre, equiparadas ao subgrupo transitorio E (AP), que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2017-2018-2019, a:

-**Pola quenda libre:** A.B Castro Duarte, DNI ***0601** e O. Carnero Campòs, DNI ***0601**.

**-Pola quenda libre, diversidade intelectual:** G. Fernández Mariño, DNI ***6823**.

**-Pola quenda libre, diversidade funcional:** A. Cortegoso Salgado ***6413** e B. López Comesaña, DNI ***9098**.

todo segundo a proposta realizada polo órgano de selección e no caso de O. Carnero Campos por motivo de renuncia previa do aspirante inicialmente proposto, segundo tramitación que consta no expediente, e por seren os aspirantes que superaron o proceso selectivo e acadaron as maiores puntuacións.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberán asinar os aspirantes propostos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a da notificación do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Declarar deserta unha praza pola quenda de discapacidade intelectual ao non constar proposta do órgano de selección por non existir ningún aspirante, a maiores do proposto no apartado anterior, que superase o proceso selectivo por dita quenda.

Dar traslado ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación para o estudio e valoración sobre a posibilidade de acumular a citada praza á seguinte oferta pública de emprego, de conformidade co exposto nos fundamentos xurídicos dos presente acordo.

**TERCEIRO.-** Aprobar a lista de reserva de axudantes de oficios (equiparado ao subgrupo transitorio E- AP) derivada da execución da 3ª fase da OEP 2017-18-19, que inclúe as persoas que poidan ser temporalmente nomeadas conforme ao establecido nos criterios de listas de reserva do Concello de Vigo, en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación, e segundo e segundo a puntuación outorgada polo Órgano de Selección (de maior a menor) conforme á documentación incorporada ao presente expediente:

| | |
|---|---|
| GARCÍA VELOSO C. | ***5088** |
| BALLESTEROS VÁZQUEZ O. | ***5838** |
| RODRÍGUEZ LAGO J.M. | ***0846** |
| LUGO PRADO E. | ***4592** |
| GARCÍA RECAMAN A. | ***4786** |
| VÁZQUEZ MARTÍNEZ B. | ***2535** |
| VILA SOUTULLO X.M. | ***1021** |
| COSTAS VÁZQUEZ A. | ***3118** |
| BASTERO ÁLVAREZ A. | ***6042** |
| BARRIO MARTÍNEZ L.M. | ***4408** |
| SOTO VIDAL S. | ***5627** |
| ALONSO VIDAL T. | ***6403** |

| | |
|---|---|
| LAGO GUERRA J.M. | ***9204** |
| COMESAÑA FERNÁNDEZ I. | ***8548** |
| VELOSO COSTAS J. | ***9910** |
| VÁZQUEZ RODRÍGUEZ J. | ***3241** |
| AGULLA GONZÁLEZ G. | ***5769** |
| IRAGO ABALDE D. | ***6507** |
| ARAUJO ÁLVAREZ J.M. | ***7959** |
| IGLESIAS PEIXOTO J.M. | ***7559** |
| CALLES ALONSO B. | ***6532** |
| DASILVA RIVAS M. | ***8217** |
| BASTOS VILLAR P. | ***7157** |
| CAPELO RODIÑO J.R. | ***8276** |
| GAGO CORRAL J.J. | ***5471** |
| FIGUEROA CAMESELLE A. | ***3378** |
| MARTÍNEZ OTERO X. | ***8441** |
| RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ G. | ***5235** |
| BASTOS CABALEIRO F. | ***7239** |
| VÁZQUEZ- GARZA JARAIZ G. | ***7794** |
| LÓPEZ DAVILA D. | ***4487** |
| FAJARDO FARIÑAS J. | ***3040** |
| DE DIOS FERNÁNDEZ D. | ***7680** |
| VÁZQUEZ CASTRO J.L. | ***7374** |
| FERNÁNDEZ GARCÍA R. | ***1883** |
| RIAL TATO E. | ***1755** |
| BALSEIRO RODRÍGUEZ D. | ***2974** |
| MÍGUEZ MÉNDEZ M.C. | ***2919** |
| AGUILAR CARRASCAL M.B. | ***0175** |

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**QUINTO**.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(967).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO A TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS PARA AS COLECCIÓNS DO PATRIMONIO CULTURAL ADSCRITAS Á CONCELLERÍA DE CULTURA. EXPTE. 3770/341.**

Visto o informe xurídico do 21/11/2024 e o informe de fiscalización do 25/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/11/2024, asinado polo xefe do Servizo de Museos, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

**ANTECEDENTES**

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

– A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 28 de agosto de 2024.

– Memoria económica de data 20 de setembro de 2022, asinada polo xefe do servizo de Museos e mailo concelleiro-delegado de Cultura.

- Retención de crédito de data 23 de setembro de 2024 (documento n.º 12024000152683-RC_FUT)
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 19 de setembro de 2024, asinado polo xefe do Servizo de Museos e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas de data 20 de setembro de 2024, asinada polo xefe do Servizo de Museos.
- Memoria xustificativa de data 12 de novembro de 2024, asinada polo xefe do Servizo de Museos e conformada polo concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe de data 15 de novembro de 2024, da xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 15 de novembro de 2024, redactado pola xefa do servizo de Contratación.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Area segundo os decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área.

**Terceiro:** En cumprimento do estabelecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación de póliza de seguro todo risco de danos materiais para as coleccións do Patrimonio Cultural adscritas á Concellería de Cultura.

**Cuarto:** De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Museos, conformada polo concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Quinto**: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións, o prezo do contrato, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) ao que fai referencia o art. 102 da LCSP; que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade

financieira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril) e a forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP)

**Sexto:** Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións, a insuficiencia de medios (art. 116 da LCSP); a non división do contrato en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (art. 29 LCSP); as condicións especiais de execución (art 202.1 da LCSP); a elección dos criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (art. 145.1 da LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas; e o lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (art. 67,5f e 67.7.e do RLCAP).

**Sétimo:** No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 e 26 da LCSP. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP.

O contrato adxudicarase aplicando o procedemento aberto simplificado e a forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 116 da LCSP.

**Oitavo** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Noveno:** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 23 de setembro de 2024.

**Décimo:** Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concellleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

**Décimo primeiro:** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da área de Goberno de Orzamentos e Facenda, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO:**

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e simplificado, de póliza de seguro todo risco de danos materiais para as coleccións do Patrimonio Cultural adscritas á Concellería de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas e os seus anexos que rexerá a citada contratación, de data 19 de setembro de 2024, redactados polo xefe do Servizo de Museos.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 15 de novembro de 2024, redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **60.000 €** (sesenta mil), sen IVE ao estar os contratos de seguros exentos de IVE, con cargo á aplicación orzamentaria 3330.224.00.00 ("Seguros coleccións e inmobles") do orzamento municipal según o seguinte:

- Anualidade 2025: 30.000 €
- Anualidade 2026: 30.000 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

## <u>ACORDO</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 11(968).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO MODIFICADO Nº1 DAS OBRAS DE "MELLORA DO CONTORNO DO CALEXÓN BALADO". EXPTE. 1368/441.

Visto o informe xurídico do 08/11/2024 e o informe de fiscalización do 21/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/11/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e a concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**<u>Antecedentes.</u>**

**1.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 1 de setembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*«Aprobar o proxecto de obras de "MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto Diego Rivas Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SEIS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS*

*CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (306.292,41 €), e data decembro de 2021 e con sinatura dixital de data 05.05.2022, Expte. 5360-443».*

*Consta no expediente administrativo de aprobación do dito proxecto, resolución favorable da Consellería de Cultura de data 8 de marzo de 2022, autorizando as obras de mellora do entorno do Calexón Balado, por atoparse as mesmas dentro do ámbito de protección integral do xacemento arqueolóxico de Pontevedra-Areal, catalogado co código GA36057083, condicionada á realización dun control arqueolóxico dos movementos de terra, coas seguintes condicións:*

*"(...) antes do inicio dos traballos, se deberá presentar o correspondente proxecto arqueolóxico asinado por técnico competente para a súa autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. En función dos resultados da intervención arqueolóxica poderían requirirse actuacións arqueolóxicas complementarias. No caso de que se localizasen restos arqueolóxicos inmobles, merecentes de ser conservados in situ, podería ser necesario facer modificacións no proxecto no que atinxe sobre todo a súa incidencia sobre o subsolo."*

**2.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de novembro de 2022, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO", asi como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de outubro de 2022.

**3.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de abril de 2023, entre outros, adoptou o seguinte acordo:
*"Adxudicar a ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do contorno do calexón Balado" (1.368-441) sendo o prezo total do contrato de 295.572,18 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 51.297,65 euros.*
*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

O contrato foi formalizado en data 24 de abril de 2023, entre o Concello de Vigo e a empresa ORESA Construcción y Servicios Globales, SL.

**4.-** O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 11 de abril de 2023, (en virtude das delegacións do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e de data 24 de xuño de 2021), e previo informe proposta do servizo xestor, acordou resolver:

*"Primeiro: Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa das obras do proxecto de "MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO" (1368-441) á Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos D. Cristina Amaro Area e ao Enxeñeiro en Topografía, D. Pablo Saavedra Salgueiro".* Expte. 5986-443.

**5.-** En data 22 de maio de 2023, asínase a acta de comprobación de replanteo negativa, por mor da execución das sondaxes arqueolóxicas previas autorizadas polo Consellería Xeral de Cultura. A acta de comprobación de replanteo foi asinada en data 31 de agosto de 2023, dando comezo as obras ao día seguinte da firma da presente acta. (Expte. 5986-443).

**6.-** Con data 7 de novembro de 2023, a Dirección Facultativa das obras emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto de "Mellora do contorno do Calexón Balado (Expte. 1368/441).

Tendo en conta o anterior, o Segundo Tenente Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos, previo informe proposta do servizo xestor, en data 8 de novembro de 2023, resolveu autorizar o inicio do expediente administrativo para a modificación do proxecto das obras de "Mellora do contorno do Calexón Balado (Expte. 1368/441)".

**7.-** En data 8 de novembro de 2023, asínase acta de suspensión temporal das obras pola necesidade de tramitación da modificación do devandito proxecto. (Expte. 5986-443).

**8.-** En data 2 de outubro de 2024, pola Dirección Facultativa da obra emítese informe técnico do proxecto modificado n.º 1 das obras (Expte. 1368/441), co seguinte contido:

"(...)

***II.- MODIFICACIÓNS***

*Neste apartado descríbense as modificacións contidas no Proxecto Modificado nº 1.*

***II.1. Modificacións derivadas das condicións xeotécnicas do terreo e do estado das estruturas existentes, distintas ás recollidas en proxecto:***

*Unha vez comezados os traballos de demolicións e a realizacións de catas nas zonas de implantación dos muros laterais do conxunto de ramplas/escaleiras previstas no proxecto de mellora do contorno do Calexón Balado, xorden as seguintes incidencias:*

*Se constata que, na profundidade máxima prevista para o asento das zapatas, o terreo está formado por un recheo con cascallos e gran cantidade de plásticos, polo que se conclúe que o terreo non ten a capacidade portante idónea para soportar as cargas dos elementos estruturais proxectados de formigón armado. En consecuencia será necesario aumentar a profundidade de escavación e modificar a estrutura dos muros de carga para adecuala ás condicións xeotécnicas do terreo, distintas ás recollidas en proxecto, xurdindo as seguintes modificacións:*

*-Se precisa mellorar a capacidade portante mediante o uso dun formigón ciclópeo baixo das zapatas, co fin de non incrementar en demasía o volume do formigón armado, nin a contía do aceiro.*

*- E necesario adoptar medidas de seguridade complementarias para o sostemento do terreo, en adecuadas condicións de seguridade, debido o incremento da profundidade de escavación, co obxecto de garantir as condición óptimas de seguridade na execución dos traballos, para o persoal que precise acceder a zona de escavación durante a execución da estrutura.*

*- A consecuencia do aumento de volume de escavación, se produce un incremento da afección da superficie contigua aos baixos destinados a actividades lúdico-comerciais, dificultando o acceso os mesmos, polo que é preciso contemplar a instalación de pasarelas que permitan o seu acceso, na medida do posible.*

*- Por último, o aumentar o volume de escavación prodúcese un incremento no cantidade de residuos xerados.*

*Por outra banda, no momento de executarse o protocolo de gretas previsto no proxecto para os sotos dos edificios, detéctanse un alto grado de deterioro na estrutura dos mesmos, en forma de gretas e humidades, polo que compre estender o devandito o protocolo de gretas aos baixos e ás primeira plantas*

*dos edificios, co fin de coñecer o estado inicial e detectar posibles afecciones que se poidan ocasionar durante o baleirado do terreo adxacente.*

*En concreto, no devandito informe acredítase a presenza de importantes humidades no soto do nº43; e un dos muros proxectados se dispón con toda a súa superficie en contacto co paramento vertical do citado local polo que, para evitar un maior deterioro do mesmo, e con obxecto de protexelo, é necesario proceder a súa impermeabilización e illamento da parte en que está en contacto ámbolos dous muros.*

*En consecuencia, veranse afectados por estas modificacións:*

- *Capítulo 1: Traballos previos*
- *Capítulo 8. Estruturas.*
- *Capítulo 12 . Xestión de residuos*

*II.2. Modificacións derivadas da aparición de redes de servizos e instalacións.*

*En proxecto figura a presencia dun cadro eléctrico nun dos muros existentes, que se precisa manter en servizo, pero tras a realización das catas obsérvase que a súa alimentación non se efectúa desde o outro marxe senón dende a súa parte traseira, perpendicularmente a rúa Rosalía de Castro, diferindo do previsto no proxecto. A causa da aparición desta canalización das redes de servizo na parte traseira, a implantación do novo muro require unha intervención singular sobre o devandito muro, polo que se requirirá o corte do muro existente*

*En consecuencia, veranse afectados por estas modificacións:*

- *Capítulo 8. Estruturas.*

***III. PROPOSTA DA MODIFICACIÓN***

*O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).*

*As citadas modificacións suscitadas, están recollidas nas circunstancias descritas no art. 204 da LCSP e no PCAP que rexe a contratación das obras, Anexo I FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO (FEC) Punto 6 MODIFICACIÓN DO CONTRATO, Apartado C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*

- *Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, estado das estruturas, contencións existentes ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto".*

*Tendo en conta o anterior, indicar que todas as modificacións recollidas no presente proxecto modificado n.º 1 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o citado anteriormente; pero nalgúns casos obrigan á introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato nos seguintes capítulos.*

- *Capítulo 8. Estruturas*

*Polo que ditas modificacións non se axustan ó establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a dita causas obxectivas. Asemade, ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15 % do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.*

*O resto das modificacións recollidas no proxecto modificado axústanse ao establecido no artigo 204 da LCSP de modificacións previstas no PCAP reitor do contrato.*

*Respecto a xustificación da especial necesidade das devanditas modificacións , indicar que, á vista das condicións xeotécnicas reais do terreo e o estado das estruturas existentes, que difiren das estimadas en*

*proxecto orixinal, ditas modificacións son necesarias e indispensables para a execución dos elementos estruturais de formigón armado das pasarelas proxectadas, garantindo ademais a seguridade do proceso construtivo, e a súa adecuación técnica. Así mesmo, respecto da modificación derivada da aparición de redes de servizo e instalacións, é necesaria para manter a alimentación do servizo ao cadro eléctrico existente.”*

E do cal se extrae o seguinte resumen cuantitativo:

*(…)*
*As modificacións propostas neste expediente, así como as variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4.i) da LCSP, resúmese nas seguintes táboas:*

| UNIDAD DE OBRA | PROYECTO ORIGINAL (P.O.) | PROYECTO MODIFICADO Nº1 P.M. | Modificacion según Art. 204 de LCSP | Variaciones según Art. 242,4i de LCSP | Modificación según Art. 205 de LCSP | DIFERENCIA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN** | **212.717,83 €** | **255.260,40 €** | **13.939,74 €** | **48,26 €** | **28.554,57 €** | **42.542,57 €** |
| GASTOS GENERALES 13% | 27.653,32 € | 33.183,85 € | 1.812,17 € | 6,27 € | 3.712,09 € | 5.530,53 € |
| BENEFICIO INDUSTRIAL 6% | 12.763,07 € | 15.315,62 € | 836,38 € | 2,90 € | 1.713,27 € | 2.552,55 € |
| **SUMA** | **253.134,22 €** | **303.759,88 €** | **16.588,29 €** | **57,43 €** | **33.979,94 €** | **50.625,66 €** |
| BAIXA DE 3,499996 % | 8.859,69 € | 10.631,58 € | 580,59 € | 2,01 € | 1.189,30 € | 1.771,90 € |
| **ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN** | **244.274,53 €** | **293.128,29 €** | **16.007,70 €** | **55,42 €** | **32.790,64 €** | **48.853,76 €** |
| IVA 21% | 51.297,65 € | 61.556,94 € | 3.361,62 € | 11,64 € | 6.886,03 € | 10.259,29 € |
| **ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN CON IVA** | **295.572,18 €** | **354.685,23 €** | **19.369,32 €** | **67,06 €** | **39.676,68 €** | **59.113,05 €** |

| CÓD. | DESCRIPCIÓN | Importe E.M, | Importe E.M. | IMPORTE OBRA | IMPORTE OBRA | IMPORTE OBRA | IMPORTE OBRA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | TRABAJOS PREVIOS | 12.457,47 € | 16.864,03 € | 4.358,30 € | 48,26 € | 0,00 € | 4.406,56 € |
| 2 | PAVIMENTACIÓN Y FIRMES | 107.116,79 € | 107.116,79 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| 3 | ABASTECIMIENTO | 7.947,47 € | 7.947,47 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| 4 | SANEAMIENTO | 16.255,52 € | 16.255,52 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| 5 | ELECTRICIDAD | 377,56 € | 377,56 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| 6 | TELECOMUNICACIONES | 2.021,05 € | 2.021,05 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| 7 | ILUMINACIÓN | 24.613,34 € | 24.613,34 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| 8 | ESTRUCTURAS | 9.011,10 € | 45.898,54 € | 8.332,87 € | 0,00 € | 28.554,57 € | 36.887,44 € |
| 9 | JARDINERIA Y SEÑALIZACION | 12.295,98 € | 12.295,98 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| 10 | MOBILIARIO URBANO | 9.012,28 € | 9.012,28 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| 11 | VARIOS | 5.000,00 € | 5.000,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| 12 | GESTION DE RESIDUOS | 3.180,31 € | 4.428,88 € | 1.248,57 € | 0,00 € | 0,00 € | 1.248,57 € |
| 13 | SEGURIDAD Y SALUD | 3.428,96 € | 3.428,96 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| | TOTAL PRESUPUESTO | **212.717,83 €** | **255.260,40 €** | | | | |

*As modificacións propostas neste expediente, resúmense nas seguintes táboas:*

| | Importe P.E.M. | Líquido | % respecto do P.E.M. orixinal |
|---|---|---|---|
| Modificacións segundo Art. 204 de LCSP (previstas en el PCAP) | 13.939,74 € | 19.369,32 € | 6,55 % |
| Variacións segundo Art. 242.4i de LCSP | 48,26 € | 67,06 € | 0,02 % |
| Modificacións segundo Art. 205 de LCSP (No previstas en el PCAP por introdución de nuevos precios) | 28.554,57 € | 39.676,68 € | 13,42 % |
| **TOTAL** | 42.542,57 € | 59.113,05 € | |

”.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**I.- As prerrogativas da modificación dos contratos.-** A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

**II.- Da modificación dos contratos.-** O artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;

b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP): as modificacións previstas no PCAP e as modificacións non previstas.

**III.- Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación.-** Neste caso o PCAP aprobado pola Xunta de Goberno local en data 18 de novembro de 2022 consta dun prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras polo procedemento aberto aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 17.12.2020 e publicado no perfil do contratante e dun anexo I - folla de especificacións do contrato subscrito pola técnica de administración xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o 10 de outubro de 2022.

Por outra banda, a cláusula 36 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares contempla no seu apartado 6, que na elaboración do proxecto de obras modificado e para aquelas unidades de obra non previstas no orzamento do proxecto, terase en conta o cadro de prezos unitarios previsto no Anexo V.

**IV.- As modificacións previstas.-** En relación coas modificacións previstas, artigo 204 da LCSP, no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas reitor do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 18 de novembro de 2022, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas cos traballos previos, pavimentación e firmes, abastecemento, saneamento, electricidade, telecomunicacións, iluminación, estruturas, xardinería e rego, mobiliario urbano, xestión de residuos e seguridade e saúde.

- Circunstancias que determinan a modificación:
  - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, estado das estruturas, contencións existentes ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto.
  - Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, ou usos e seguridade no funcionamento da instalacións sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

- Límites da modificación: 20% sobre o prezo do contrato.

De acordo co informe técnico da dirección facultativa no seu apartado II. 1,– tanto os aspectos a modificar – *As unidades de obra relacionadas con Traballos previos*, *Estrutura e Xestión de residuos-* como as circunstancias que determinan a modificación -*Condicións xeotécnicas do terreo e estado das estruturas existentes distintas das recollidas no proxecto* – teñen o seu encaixe no apartado 6 das FEC.

En canto ao límite da modificación, consta no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, que as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 204 da LCSP ascenden a un total de **19.369,32 euros, supoñendo o 6,55% do prezo do contrato.**

Polo que podemos concluír que a proposta de modificación contemplada no apartado II.1- Modificacións derivadas das condicións xeotécnicas do terreo e do estado das estruturas existentes, distintas ás recollidas en proxecto está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP.

**V. As modificacións non previstas.-** En relación coa posibilidade de modificación regulada no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

a Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.

b Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figuran os seguintes:

- cando as modificacións no sexan substanciais.(art.205.2.c da LCSP). Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

No caso que nos ocupa, aínda que as modificacións descritas no apartado II.1 e II.2, tanto no referente aos aspectos a modificar como as circunstancias que determinan a modificación, teñen o seu encaixe no apartado 6 das FEC, nalgúns casos é necesario á introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato, polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e limítanse a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a ditas causas obxectivas, atopándose polo tanto contempladas nos supostos do artigo 205.2.c) da LCSP, tal e como se xustifica no informe da dirección facultativa no seu apartado III PROPOSTA DA MODIFICACIÓN, que indica o seguinte:

*"(...) indicar que todas as modificacións recollidas no presente proxecto modificado n.º 1 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o citado anteriormente; pero nalgúns casos obrigan á introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato nos seguintes capítulos:*

- *Capítulo 8. Estruturas*

*Polo que ditas modificacións non se axustan ó establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a dita causas obxectivas.*

*Asemade, ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15 % do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e limítanse a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a ditas causas obxectivas. "*

Respecto a xustificación da súa especial necesidade e e razóns polas que ditas prestacións non se incluíron no contrato inicial, cabe dicir que:

*"(...) Respecto a xustificación da especial necesidade das devanditas modificacións , indicar que, á vista das condicións xeotécnicas reais do terreo e o estado das estruturas existentes, que difiren das estimadas en proxecto orixinal, ditas modificacións son necesarias e indispensables para a execución dos elementos estruturais de formigón armado das pasarelas proxectadas, garantindo ademais a seguridade do proceso construtivo, e a súa adecuación técnica. Así mesmo, respecto da modificación derivada da aparición de redes de servizo e instalacións, é necesaria para manter a alimentación do servizo ao cadro eléctrico existente".*

Estas modificacións propostas supoñen a introdución de novas unidades de obra non previstas no contrato que representan un **13,42%** do orzamento inicial do contrato. Así mesmo, as modificacións non previstas ascenden a un total de **39.676,68 euros**, supoñendo o **13,42%** do prezo do contrato, tal e como se extrae das seguintes táboas adxuntas:

| CÓDIGO | UD | DESCRIPCIÓN | MEDICION | PRECIO | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|
| PN.01 | M2 | Elementos metálicos de apuntalamento e sostemento do terreo para vaciado do terreo durante a execución dos muros de formigón armado, totalmente instalados. | 73,80 | 199,10 € | 14.694,32 € |
| PN.02 | M3 | Formigón ciclópeo, realizado con formigón HM-20/P/40/X0 fabricado en central e vertido con cubilote (60% de volume) e bolos de pedra de 15 a 30 cm de diámetro (40% de volume), para formación de cimentación | 53,00 | 111,11 € | 5.888,83 € |
| PN.03 | M | Corte de muro por vía húmida en elementos de formigón armado, sin percusión, ni vibración, realizado con equipo de corte por vía húmida. | 3,50 | 572,03 € | 2.002,11 € |
| PN.04 | M | Pasarela provisional para acceso a locais comerciais en voladizo con meseta de chapa lagrimada de aceiro galvanizado, con un anchura de ata 2m, varanda lateral de protección, incluso pezas especiais para fixación de la plataforma ós soportes, totalmente instalada | 5,00 | 1.194,01 € | 5.970,05 € |

| | |
|---|---|
| **IMPORTE TOTAL DE UNIDADES OBRANUEVAS** | **28.554,57 €** |
| **P.E.M. PROXECTO ORIXINAL** | **212.717,83 €** |
| **PORCENTAXE (%) DE IMPORTE TOTAL DE UNIDADES DE OBRAS NOVAS** | **13,42%** |

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condiciones que cualificarían ditas modificacións de substanciais - xa que a obra resultante coas modificacións descritas non require clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obras novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato-, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

Polo que podemos concluír que parte da proposta de modificación contemplada no apartado II.1 e a proposta de modificación contemplada no apartado II.2, e que en ámbolos dous casos obrigan a introdución de novos prezos unitarios no previstos no contrato, afectando unicamente ao Capítulo 08. Estruturas, están comprendidas nos supostos do artigo 205.2c) da LCSP.

**VI.- O interese público das modificacións propostas** - A dirección facultativa argumenta no seu informe técnico, no apartado VIII CONCLUSIÓN, as razóns de interese público das modificacións propostas ao sinalar o seguinte:

*"(...)*
*As modificacións propostas no presente Proxecto Modificado N.º1 das obras de "MELLORA DO CONTORNO DO CALEXÓN BALADO", estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese público, xa que permiten levar a bo termo, en condicións axeitadas de seguridade e accesibilidade, a execución da obra proxectada que posibilita a renovación dun espacio público de uso intensivo debido a súa localización céntrica na cidade, solucionándose o problema de mobilidade peonil entre as rúas Rosalía de Castro e a rúa Areal (que presentan un gran desnivel entre ambas) mediante a disposición de ramplas e escaleiras que facilitan unha aproximación accesible e inclusiva para todos os cidadáns, e asegurando o abastecemento de enerxía eléctrica en condicións de seguridade, coa mínima afección aos usuarios e residentes da contorna."*

**VII.- Ampliación do prazo de execución do contrato.-** O PCAP que rexe o presente contrato recolle na cláusula 26.4.a) que o prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en caso de modificación do contrato, sendo o prazo da prórroga o que resulte do proxecto modificado, e non podendo exceder da metade do prazo inicial.

Asemade, o devandito PCAP establece no apartado 4 das FEC, un prazo de execución das obras de 4 meses, contados dende o día seguinte á sinatura da acta de comprobación de replanteo (31.08.2023).

Tendo en conta a acta de paralización da execución das obras asinada en data 08.11.2023, o prazo de execución da obras atópase vixente, polo que en consecuencia, considerase procedente a ampliación do prazo por dous (2) mes, tal e como se establece no Proxecto Modificado nº1 e no informe da dirección da facultativa.

**VIII.- Procedemento para a modificación dos contratos-** O procedemento a seguir para a modificación dos contratos figura regulado con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1 Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).

2 Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)

3 Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de

contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao articulo 211 da LCSP.

2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
   a Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
   b Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
   c Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP).

Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que, no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, non é necesario remitir copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, xa que a contía do contrato non excede de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

**XIX.- Do reaxuste da garantía definitiva-** O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimentase variación o seu prezo, deberá reaxustarse a

garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados dende a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

**X.-** Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa de data 02.10.2024, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 6 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 08.11.2023, en virtude do Decreto de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 22 de xuño de 2023, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Respecto ao trámite de audiencia aos redactores do proxecto, consta audiencia así como as observacións manifestadas polos redactores sobre a orixe da modificación, sen que formularan oposición á solicitude de modificación do citado proxecto en data 23.03.2023, así como valoración técnica destas alegacións e a súa consideración no informe asinado en data 04.11.2024 pola Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal (ttes. 200, 205 e 206 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre o proxecto modificado, as modificacións propostas e os novos prezos, e a conformidade deste, en data 30.09.2024.(ttes. 199, 203 e 204 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal de data 04.11.2024. (tte. 220 do expediente dixital)

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP), xa que o prezo inicial do contrato non supera a contía de 6.000.000 euros, nin as modificacións non previstas superan o 20% do prezo inicial do contrato

8º.-Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

**XI.- Réxime de recursos.-** Este contrato non está suxeito a regulación harmonizada nin supera a contía de 3.000.000 €, polo que contra este acordo que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo ou con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición (artigo 44 e 191.4 da LCSP).
De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**XII.-** Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**1º.-** Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de "MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO" redactado pola dirección Facultativa da obra, D. Pablo Saavedra Salgueiro e Dna. Cristina Amaro Area, cun orzamento total que ascende a 354.685,23 €, o que supón un gasto adicional líquido por importe de **59.113,05 €**, dos cales un 6,55% (19.369,32 €) corresponden a modificacións por causas xustificadas previstas no artigo 204 da LCSP e un 13,42 % (39.676,68 €) a modificacións por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2c) da LCSP. Asemade inclúese un 0,02% (67,06 €) por variacións de medicións segundo o previsto no artigo 242.4. da LCSP.

**2º.-** Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 1532 6190035 do vixente orzamento por importe de 59.113,05 €.

**3º.-** Autorizar a ampliación do prazo da obra en DOUS (2) MESES, de acordo co novo programa de traballo incluído no proxecto modificado nº1 das obras de "MELLORA DO ENTORNO DO CALEXÓN BALADO".

**4º.-** Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato, no prazo de 15 días contados dende a data de notificación do acordo de modificación consoante ao disposto no artigo 109.3 da LCSP.

**5º.-** Instar á mercantil ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185), adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

**6º.-** Proceder a publicación dos anuncios da modificación nos termos dos artigos 63.3 e 207.3 da LCSP e no Portal de Transparencia no termos do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**7º.-** Notifícase o presente acordo, que esgota a vía administrativa, aos interesados, e que contra o mesmo, poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou dita Resolución, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 12(969).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE A RÚA ALVARO CUNQUEIRO E A RÚA LOPEZ MORA". EXPTE. 2079/441.

Visto o informe xurídico do 31/10/2024 e o informe de fiscalización do 19/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/11/2024, asinado pola técnica de xestión, e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 14.04.2023 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE A RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA LÓPEZ MORA" á mercantil Eptisa Servicios de Ingeniería SL.

2.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE A RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA LÓPEZ MORA" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Joel Liñares Masid.

3.- Previo informe da Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos de data 26.06.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en datas 27 e 28.06.2024, a Xunta de Goberno Local, en

sesión de data 05.07.2024 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE A RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA LÓPEZ MORA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Joel Liñares Masid, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CINCOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL CENTO SETENTA E CATRO EUROS con OITENTA E SETE CÉNTIMOS (1.594.174,87€) e sinatura dixital de data 7 de xuño de 2024. Expte. 6298-443.

4.- o expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 05.07.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6298-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Joel Liñares Masid

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 26.08.2024.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento ,Servizos e Deportes de data 26.08.2024.

D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do servizos Administrativo e de Control orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 30.09.2024.

E) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable municipal en data 02.10.2024.

F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 03.10.2024.

G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 03 e 04.10.2024.

H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 21.10.2024.

I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 28.10.2024.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local

(disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.06.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE A RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA LÓPEZ MORA”**, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CINCOCENTOS NOVENTA

E CATRO MIL CENTO SETENTA E CATRO EUROS con OITENTA E SETE CÉNTIMOS (1.594.174,87 €) segundo a distribución de anualidades proposta:

| | |
|---|---|
| 2024 | 100.000,00 € |
| 2025 | 1.494.174,87 € |
| TOTAL | 1.594.174,87 € |

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 28.10.2024.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1539.609.00.70 – proxecto de gasto 24153970 (Vigo Vertical Pintor Lugris)- por importe de 100.000 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2025, na aplicación orzamentaria 1539.609.00.70 crédito por importe de 1.494.174,87 €.

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1.494,17%.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 13(970).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL". EXPTE. 2081/441.

Visto o informe xurídico do 31/10/2024 e o informe de fiscalización do 19/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/11/2024, asinado pola técnica de xestión, e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1.- O Concelleiro da Área de Fomento en data 15.02.2024 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de "REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL" a favor do arquitecto Emilio Estévez Fernández.

2.- O dito arquitecto presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de "REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL", cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E OITO MIL SEISCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (138.684,93 €).

3.- Previo informe da Enxeñeira Técnica de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 13.06.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 17.06.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21.06.2024 aprobou o proxecto básico e de execución para a "REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL", redactado polo Arquitecto D. Emilio Estévez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E OITO MIL SEISCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (138.684,93 €) e data da sinatura dixital 12 de xuño de 2024. Expte. 6430-443.

4.- o expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 21.06.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6430-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto D. Emilio Estévez Fernández.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 02.09.2024.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento ,Servizos e Deportes de data 02.09.2024.

D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 24.09.2024.

E) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30.09.2024.

F) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable municipal en data 02.10.2024.

G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 26.09.2024.

H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 17.10.2024.

I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 17.10.2024.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 13.06.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto básico e de execución para a **"REFORMA DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL",** cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E OITO MIL SEISCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (138.684,93 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

| | |
|---|---|
| 2024 | 10.000,00 € |
| 2025 | 128.684,93 € |
| TOTAL | 138.684,93 € |

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 17.10.2024.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9330.6320015 – proxecto de gasto 24933015 (Reforma dependencias Policía Local), provinte da modificación orzamentaria nº 11/2024, suplemento de crédito e crédito extraordinario (expediente 86/142), por importe de 10.000,00 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2025, na aplicación orzamentaria 9330.6320015, crédito por importe de 128.684,93 €.

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1.286,85%.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(971).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "CUBRICIÓN DA PISTA DEPORTIVA EN ZAMÁNS". EXPTE. 2120/441.**

Visto o informe xurídico do 18/11/2024 e o informe de fiscalización do 20/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/11/2024, asinado pola técnica de xestión, e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e o Concelleiro da Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais en datas 17 e 18.04.2023 resolveron autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor do Arquitecto Emilio Estévez Fernández.

2.- O Arquitecto Emilio Estévez Fernández presenta trala fase de supervisión, proxecto de "CUBRICIÓN DA PISTA DEPORTIVA EN ZAMÁNS", cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS TRINTA E DOUS MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS con SETENTA CÉNTIMOS (832.342,70 €).

3.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 05.09.2024 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 13.09.2024 aprobou o proxecto de "CUBRICIÓN DA PISTA DEPORTIVA EN ZAMÁNS" redactado polo Arquitecto Emilio Estévez Fernández cun orzamento base de licitación máis IVE de

OITOCENTOS TRINTA E DOUS MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS con SETENTA CÉNTIMOS (832.342,70 €) e sinatura dixital de data 02.09.2024, Expte. 6274-443.

4.- o expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 13.09.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6274-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto D. Emilio Estévez Fernández.
B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 15.10.2024.
C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento ,Servizos e Deportes de data 16.10.2024.
D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 16.10.2024.
E) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable municipal en data 16 e 17.10.2024.
F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 23.10.2024.
G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 24 e 25.10.2024.
H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 12.11.2024.
I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 12.11.2024.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 05.09.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CUBRICIÓN DA PISTA DEPORTIVA EN ZAMÁNS", cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS TRINTA E DOUS MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS con SETENTA CÉNTIMOS (832.342,70 €) Ive engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|---|---|
| 2024 | 82.342,70 € |

| | |
|---|---|
| 2025 | 750.000,00 € |
| TOTAL | 832.342,70 € |

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 12.11.2024.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3420.6220015 (CUBERTA PISTA DEPORTIVA ZAMANS), proxecto de gasto 24342015, crédito procedente da modificación orzamentaria nº 11/2024, suplemento de crédito e crédito extraordinario (expediente 86/142), aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión de data 24.09.2024, por importe de 82.342,70 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2025, na aplicación orzamentaria 3420.6220015, crédito por importe de 750.000,00 €.

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 910,83 %.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(972).- ESTABLECEMENTO DO CUSTO UNITARIO DA CONCESIONARIA DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO DE VIGO- ANO 2021. EXPTE. 1836/441.**

Visto o informe xurídico do 14/11/2024 e o informe de fiscalización do 21/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/10/2024, asinado polo técnico da administración xeral da Área de Fomento e Servizos, o xefe dos servizos xurídicos da Área de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 25 de outubro de 1990, adxudicou á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada “FCC AQUALIA VIGO UTE”, a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

**II.-** O contrato foi formalizado en documento administrativo o día 8 de xaneiro de 1991, por un prazo de duración de vintecinco anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 1991.

**III.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de novembro de 2011 acordou declarar a prórroga da concesión por un período de 5 anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato. Esta prórroga finalizou o 31 de decembro de 2020.

**IV.-** Con data 30 de decembro de 2020, a Xunta de Goberno acordou unha segunda prórroga da concesión por un período con vixencia de 5 anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, con arranxo ás condicións económico-administrativas do contrato, vinculada á execución e financiamento dun plan de investimentos durante o período da prórroga polos importes que se sinalan no primeiro apartado da parte dispositiva do acordo.

**V.-** Pola concesionaria do servizo, o 30 de xuño de 2022, achégase Informe relativo á solicitude de aprobación do Coste Unitario da concesión correspondente ao ano 2021.

**VI.-** Consta no expediente os seguintes informes:

- Informe sobre o procedemento de cálculo do concepto de “m3 de auga facturada” no contrato de concesión do servizo municipal do ciclo integral da auga da Dirección de ingresos, de data 21.12.2023

- Informe en relación coa determinación da retribución do concesionario, tras a modificación introducida en 2021 na ordenanza das tarifas —prestacións patrimoniais de carácter publico non tributario— do Servizo, de data 22.12.2023

- Informe para a obtención do custo unitario da concesión administrativa da xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas para 2021 emitido pola dirección de ingresos.

No informe de data 18.10.2024 asinado polo técnico de administración especial-economista e directora da Área da Dirección de Ingresos recóllese o seguinte:

*«**1. ANTECEDENTES***

*Constitúe o obxecto deste informe proceder ao cálculo do custo unitario do contrato de concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento para o ano 2021, ao fin de prestar ou non conformidade á **Solicitude de aprobación do custo unitario da concesión correspondente ao ano 2021**, remitido pola Concesionaria FCC Aqualia Vigo UTE con data de 30 de xuño de 2022 (en adiante, “solicitude da concesionaria”).*

*A solicitude da concesionaria baséase no custo unitario para 2020 que resulta do informe asinado con data de 30 decembro de 2021 polo Xefe da área de investimentos, o Técnico de administración especial-economista, a Xefa de inspección de tributos e a Directora de ingresos e xestión catastral delegada.*

*Dito informe determinaba o custo unitario para 2020, do seguinte modo:*

*"...O custe unitario da concesión queda determinado polos seguintes importes:*

*A. Custe de explotación xeral:*
- *Custe unitario de explotación: 0,5576 € / m$^3$*
- *Canon Concello de Vigo: 0,0300 € / m$^3$*
- *Recuperación Plan de investimentos: 0,2226 € / m$^3$*

*B. Custe de explotación da Nova EDAR Lagares:*
- *Custe termino fixo: 3.595.383 €*
- *Custe termino variable: 3.446.389 €*

*O custe total de explotación da Nova EDAR Lagares para 2020 é de 7.041.772 €. Ao dividir este importe polos m$^3$ de auga facturada, obtense un coste unitario de explotación da Nova EDAR Lagares para 2020 de 0,1673 € / m$^3$.*

*O custe unitario total da concesión para 2020 é o seguinte:*

| ANO | Custe unitario de explotación (€/m$^3$) | Canon do Concello de Vigo (€/m$^3$) | Recuperación Plan de Investimentos (€/m$^3$) | Custe Unitario Nova EDAR Lagares (€/m$^3$) | Custe unitario total para 2020 (€/m$^3$) |
|---|---|---|---|---|---|
| **2020** | 0,5576 | 0,0300 | 0,2226 | 0,1673 | **0,9775** |

*Polo tanto, a desviación de tarifa para 2020 establécese no seguinte cadro:*

| ANO | Volumen Real Facturado (m3) | Ingreso Real Facturado (€) | Tarifa Media Ingresos (€/m3) | Custe unitario da concesión (€/m3) | Desviación Tarifa (€) |
|---|---|---|---|---|---|
| **2020** | 42.084.363,00 | 41.106.801,55 | 0,9768 | 0,9775 | **32.801,60** |

*En base ao anterior, determínase o **custe unitario da concesión en 2020 en 0,9775 €/m$^3$,** que en comparación coa tarifa media de ingresos de 0,9768 €/m$^3$, arroxa unha diferencia a favor da concesionaria de 32.801,60 €, cifra que se integra no modelo financeiro da concesión, para ser efectiva en exercicios posteriores."*

***2. FACTURACIÓN EN 2021***

*Os datos de facturación contidos na solicitude da concesionaria de data de 30 de xuño de 2022 presentan diferencias mínimas fronte ás cantidades que resultan dos padróns mensuais e bimestrais de recibos e as liquidacións de auga en alta. Así, a solicitude da concesionaria indica para 2021 un volume de facturación de 42.663.086 m$^3$ e uns ingresos de 42.301.894,41 €, mentres que os datos calculados segundo os criterios do informe económico de data 21/12/2023 e do informe xurídico de data 22/12/2023, que obran no expediente, a partires dos padróns aprobados no exercicio, son **42.663.118 m$^3$ de volume facturado e 42.301.742 € de importe facturado en 2021,** segundo resulta do seguinte detalle:*

| | VOLUME FACTURADO (m$^3$) | IMPORTE FACTURADO (€) |
|---|---|---|
| **Xaneiro** | 716.110 | 456.140 |

| | | |
|---|---|---|
| **Febreiro** | 5.969.573 | 6.215.624 |
| **Marzo** | 780.039 | 636.450 |
| **Abril** | 6.266.966 | 6.296.005 |
| **Maio** | 817.292 | 588.520 |
| **Xuño** | 6.300.620 | 6.385.318 |
| **Xullo** | 943.344 | 643.961 |
| **Agosto** | 6.513.341 | 6.484.025 |
| **Setembro** | 987.219 | 800.753 |
| **Outubro** | 6.311.392 | 6.688.125 |
| **Novembro** | 929.228 | 767.338 |
| **Decembro** | 6.127.994 | 6.339.482 |
| **TOTAL** | **42.663.118 m$^3$** | **42.301.742 €** |

### 3. CÁLCULO DOS COMPOÑENTES DO CUSTO

#### a) Custo unitario de explotación xeral

*O custo unitario de explotación xeral para 2020 foi de* **0,5576 € /m$^3$**.

*A solicitude da concesionaria calcula o índice de actualización K(t) para 2021, sendo o ano base (última actualización) 2018. As magnitudes indicadas na solicitude da concesionaria son correctas, a excepción do índice do factor man de obra, para o cal aplica un incremento do 2,5% do factor man de obra, que se corresponde coa subida salarial prevista para 2021. Con posterioridade á elaboración da súa solicitude, a concesionaria acordou o novo convenio colectivo de empresa para o período 2021-2025, publicado no BOP o 23 de marzo de 2023. A porcentaxe de incremento salarial para 2021 é do 3,50 %. Así, os índices reais da man de obra para 2021 son os seguintes:*

| ANO | CONVENIO ESTATAL | CONVENIO EMPRESA | ÍNDICE MAN OBRA |
|---|---|---|---|
| 2018 | 121,34 | 121,13 | 121,13 |
| 2019 | 124,98 | 122,70 | 122,70 |
| 2020 | 128,73 | 124,05 | 124,05 |
| 2021 | 130,66 | **128,39** | **128,39** |

*Polo tanto, o índice real da man de obra para 2021 é 128,39, superior ao de 127,15 estimado pola concesionaria.*

*Ao calcular o índice K(t) para o custo de explotación xeral para 2021, co índice real para 2021, obtense o seguinte resultado:*

| Ano | Man de obra | | Materiais Siderúrxicos | | Enerxía | | Gastos Xerais | | Termo Indep. | K(t) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | a | H(t) | c | S(0) | b | E(t) | d | G(0) | e | |
| 2018 | 0,606 | 121,13 | 0,176 | 1.161,70 | 0,108 | 3.159,50 | 0,06 | 103,18 | 0,05 | |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *2019* | | *122,70* | | *1.171,60* | | *3.329,90* | | *104,41* | | *1,015913* |
| *2020* | | *124,05* | | *1.076,10* | | *3.316,90* | | *105,23* | | *1,008231* |
| *2021* | | *128,39* | | *1.103,40* | | *3.060,50* | | *104,67* | | *1,024999* |

*O resultado obtido para o factor K(t) é inferior ao 2,5% (2,4999%), do mesmo modo que no cálculo realizado pola concesionaria (1,8793%), polo que en ningún caso procede a actualización do custo, de acordo co artigo 93 do Prego de condicións que rexe a concesión.*

*En consecuencia,* ***o custo de explotación xeral en 2021 é de** **0,5576 € / m³**, **igual que en 2020.***

***b) Canon do Concello de Vigo***

***A solicitude da concesionaria considera correctamente o importe contractual fixo de 0,0300 € / m³ en concepto de canon do Concello de Vigo.***

***c) Termo fixo da EDAR Lagares***

*O importe aprobado pola XGL de 10 de maio de 2018 en concepto de termo fixo da EDAR Lagares é de 3.468.588,42 € (3.124.854,43 € en concepto de custo de execución material, e 343.733,99 € en concepto de gastos xerais e termo independente), ao que se engade o importe da tarifa a aboar a ACUAES.*

*A solicitude da concesionaria calcula o índice de actualización K(t) para 2021, sendo o ano base 2018 (abril de 2018). Esta fórmula é análoga á prevista para o custo de explotación xeral, modificándose os pesos dos factores. Do mesmo modo que no apartado a), o cálculo realizado pola concesionaria debe axustarse coa inclusión do cómputo do incremento salarial efectivo do 3,5%, en lugar do 2,5%. Igualmente, o resultado é indiferente en ambos casos:*

| ***Ano*** | ***Man de obra*** | | ***Materiais Siderúrxicos*** | | ***Enerxía*** | | ***Gastos Xerais*** | | ***Termo Indep.*** | ***K(t)*** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *2018* | *0,457* | *121,13* | *0,338* | *1.191,80* | *0,095* | *3.111,00* | *0,06* | *103,18* | *0,05* | *-* |
| *2019* | | *122,70* | | *1.171,60* | | *3.329,90* | | *104,41* | | *1,007607* |
| *2020* | | *124,05* | | *1.076,10* | | *3.316,90* | | *105,23* | | *0,985697* |
| *2021* | | *128,39* | | *1.103,40* | | *3.060,50* | | *104,67* | | *1,001665* |

*O factor K(t) é inferior ao 2,5% (0,16%), do mesmo modo que no cálculo realizado pola concesionaria (-0,3%), polo que en 2021 non aplica a actualización.*

*Tendo en conta que a tarifa a aboar a ACUAES en 2021 é de 127.481,70 €,* ***o custo do termo fixo do EDAR Lagares para 2021 é de 3.596.070,42 €****, segundo resulta do seguinte cadro:*

| ***Ano*** | ***Custo de execución material*** | ***Gastos xerais e termo independente*** | ***ACUAES*** | ***TOTAL PARTE FIXA EDAR LAGARES*** |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **2021** | 3.124.854,43 € | 343.733,99 € | 127.481,70 € | **3.596.070,12 €** |

**d)** ***Termo variable da EDAR Lagares***

*O termo variable do custo de explotación da EDAR Lagares ven definido no Acordo da XGL de 10 de maio de 2018 segundo a seguinte fórmula:*

$Y= -0{,}0185259481*X^2 + 447{,}2147082586 * X + 947.333{,}394896657$

*Onde:*

*"X" é o valor real do volume medio tratado no ano en m³/h*
*"Y" é o importe en €/ano do termo variable do custo de explotación da EDAR Lagares*
*Sobre o importe que resulte da fórmula anterior aplícase un 11% en concepto de gastos xerais e termo independente.*

*Ademais, no caso de que o coeficiente de actualización de custos previsto en dito acordo da XGL supere o 2,5%, aplicarase a porcentaxe correspondente.*

*A cuantificación contida na solicitude da concesionaria é correcta.*

*O volume medio tratado na EDAR Lagares en 2021, en m³/h, é de **6.524**, que é o resultado, redondeado á unidade, da media aritmética dos volumes medios mensuais:*

| MES | $m^3/h$ | MES | $m^3/h$ |
|---|---|---|---|
| Xaneiro | 8.169 | Xullo | 4.958 |
| Febreiro | 11.580 | Agosto | 4.649 |
| Marzo | 7.020 | Setembro | 4.976 |
| Abril | 7.056 | Outubro | 5.751 |
| Maio | 6.829 | Novembro | 5.081 |
| Xuño | 5.846 | Decembro | 6.369 |

*Así, o custo do termo variable da EDAR Lagares cuantifícase do seguinte modo:*

| Ano | Volume medio tratado (m3/h) | -0,0185259481*X2 | 447,2147082586 *X | 947.333,394896657 | Gastos xerais e termo independente (11%) | TOTAL PARTE VARIABLE EDAR LAGARES (sen actualización) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **2021** | 6.524 | -788.512,07 | 2.917.628,76 | 947.333,39 | 338.409,51 | **3.414.859,59 €** |

*O índice de actualización K(t) para 2021 calculado na solicitude da concesionaria aplica a fórmula prevista no devandito acordo da XGL, sendo o ano base 2018 (abril de 2018). A diferencia das fórmulas de actualización do custo de explotación xeral e do termo fixo do custo da EDAR Lagares, a fórmula de actualización de custos aplicable para o termo variable non inclúe o índice da man de obra. A cuantificación realizada na solicitude da concesionaria é correcta:*

<table>
<tr><th>Ano</th><th colspan="2">Materiais Siderúrxicos</th><th colspan="2">Enerxía</th><th colspan="2">Gastos Xerais</th><th>Termo Indep.</th><th>K(t)</th></tr>
<tr><td>2018</td><td rowspan="4">0,555</td><td>1.191,80</td><td rowspan="4">0,335</td><td>3.111,00</td><td rowspan="4">0,06</td><td>103,18</td><td rowspan="4">0,05</td><td>-</td></tr>
<tr><td>2019</td><td>1.171,60</td><td>3.329,90</td><td>104,41</td><td>1,014875</td></tr>
<tr><td>2020</td><td>1.076,10</td><td>3.316,90</td><td>105,23</td><td>0,969481</td></tr>
<tr><td>2021</td><td>1.103,40</td><td>3.060,50</td><td>104,67</td><td>0,954259</td></tr>
</table>

*O factor K(t) é do -4,5741%, coincidente co calculado pola concesionaria na súa solicitude. Como no caso das restantes compoñentes do custo de explotación, o resultado obtido é inferior ao 2,5%, polo que non aplica a actualización*

*En consecuencia,* ***o custo de explotación variable da EDAR Lagares para 2021 é de 3.414.859,59 €.***

***e) Recuperación do Plan de investimentos***

*O custo unitario que corresponde aos investimentos executados pola concesionaria e aprobados polo concello, de acordo cos pregos contractuais e os acordos de prórroga da concesión, calcúlase mediante a aplicación dun modelo financeiro de recuperación do investimento. Este modelo reflexa a forte compoñente financeira derivada do desfase temporal entre o momento no que se producen os desembolsos da concesionaria, e o momento en que teñen lugar os ingresos tarifarios que incorporan a cota de recuperación dos investimentos (a contraprestación á concesionaria).*

*Así, esquematicamente, o modelo introduce para cada mes unhas saídas (pagos por investimentos) e unhas entradas (cota de recuperación dos investimentos por cada $m^3$ cobrado no mes, que depende do importe do cobro e do ano no que se orixinan os ingresos). Sobre o saldo mensual do modelo, sexa debedor ou acredor, aplícase a taxa de xuro contractual (EURIBOR medio a 12 meses para o mes de decembro inmediatamente anterior ao ano en que se produce o saldo, máis un diferencial do 2,82%). Adicionalmente, as desviacións de tarifa, de existir, incorpóranse ao modelo con signo negativo ou positivo, repartidas de modo lineal ao longo do ano de referencia:*

*A excepción da propia taxa de recuperación de investimentos, todas as magnitudes nas que se basea o modelo financeiro están regradas, é dicir, o cálculo das mesmas é obxectivo e non admite ámbito ningún de interpretación ou discrecionalidade. É importante sinalar, sen embargo, que as magnitudes que representan fluxos financeiros da concesionaria (a distribución mensual dos pagos polos investimentos e dos $m^3$ e os importes cobrados pola concesionaria) non son inmediatamente dispoñibles polo Concello, debendo ser sometidos periodicamente a comprobación. Por motivos de eficiencia e economía, a auditoría destes cobros e pagos da concesionaria vense realizando de forma conxunta para varios exercicios, sendo realizada por última vez no ano 2020, para os fluxos ata o 31.12.2019, sen que se tiveran atopado incorreccións materiais[1]. No período entre auditorías o Concello comproba que os cobros e pagos aplicados pola concesionaria presentan uns ratios congruentes coas restantes magnitudes do modelo.*

1 O carácter dinámico do modelo financeiro permite que, no caso de detectarse incorreccións, o axuste nos saldos do modelo poda ser realizado con posterioridade, sen afectar ao custo unitario ou á taxa de recuperación de investimentos do exercicio en cuestión.

*Ata a fin da primeira prórroga, a 31.12.2020, a determinación da taxa de recuperación de investimentos tense baseado nunha planificación previa do importe dos investimentos a executar pola concesionaria en cumprimento das súas obrigas contractuais, da estimación dos ingresos de tarifa, da evolución da facturación e cobros, e do custo unitario da concesión. Estes plans financeiros eran posteriormente axustados tendo en conta os datos reais para cada ano, e a taxa de recuperación fixábase dun modo coherente coa execución do plan de investimentos tendo en conta o efecto dos xuros sobre o modelo. Como o modelo financeiro incorporaba os déficits ou superávits de tarifa de cada exercicio, o saldo do modelo cuantificaba o equilibrio ou desequilibrio económico da concesión no seu conxunto.*

*Á data de finalización da primeira prórroga, o saldo do modelo era próximo ao equilibrio.*

*O Acordo da XGL de 30 de decembro de 2020 polo que se declara a segunda prórroga para o período 2021-2025 estimaba unha "capacidade de investimentos de 40.471.411,63 €", e establecía que "**a previsión dos investimentos acordados para a súa execución no período desta prorroga, deberá ser revisado de forma anual de acordo coa evolución real do modelo económico financeiro**. [...] De acordo co resultado obtido, as desviacións positivas posibilitarán unha maior capacidade de inversión e de existir desviación negativa sobre a prognose que fundamenta a prorroga, se deberá proceder a realizar os axustes necesarios minorando a capacidade inversora co obxecto de garantir o equilibrio para a prognose final do prazo da prorroga a 31/12/2025".*

*Do antedito resulta que o modo de determinación da taxa de recuperación do investimento que mellor reflicte o equilibrio económico do contrato na segunda prórroga é o que parte da tarifa media de ingresos e do custo unitario da concesión. A diferencia entre ambas magnitudes sería a que determina a capacidade de investimento xerada por cada m$^3$ de auga facturada e, polo tanto, o importe que debe considerarse como taxa de recuperación do investimento para cada exercicio:*

| ANO | Custo unitario de explotación (€/m$^3$) | Canon do Concello de Vigo (€/m$^3$) | Custo Unitario Nova EDAR Lagares (€/m$^3$) | Custo unitario (sen investimentos) (€/m$^3$) | Tarifa media de ingresos (€/m$^3$) | Diferencia (€/m$^3$) = cota recuperación investimento |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **2021** | 0,5576 | 0,0300 | 0,1643 | **0,7519** | **0,9915** | **0,2396** |

*Así, a diferencia entre a tarifa media de ingresos e o custo unitario (excluída a propia cota de recuperación do investimento) representa a capacidade unitaria de investimento por m$^3$ en 2021. Así, **a cota de recuperación dos investimentos considerada pola concesionaria para 2021 de 0,2396 €/m$^3$ coincide coa capacidade de investimento da tarifa, polo que dito criterio representa adecuadamente o equilibrio financeiro da concesión.***

*A actualización do modelo financeiro de recuperación dos investimentos que presenta a concesionaria non varía a estrutura, construción e criterios da mesma aceptados anteriormente. **O modelo financeiro que anexa a concesionaria é correcto en todos os aspectos analizados**[2], tanto no que respecta aos criterios de elaboración, como aos datos históricos do modelo ata 2021, asi como aos cálculos aritméticos efectuados.*

*Así, a concesionaria efectúa correccións para magnitudes anteriores ao ano 2021, fronte aos importes incluídos no informe de 30 de decembro de 2021 sobre o custo unitario para 2020. As modificacións anteriores a 2021 refírense a pagos de investimentos executados pola concesionaria e recoñecidos polo concello, por un lado, e aos m$^3$ cobrados pola concesionaria e a recuperación do plano de investimentos, por outro:*

2 Coa salvagarda, xa indicada na páxina anterior, de que a distribución mensual dos pagos polos investimentos e dos m$^3$ e os importes cobrados pola concesionaria nos anos 2020 e 2021 non foron sometidos a comprobación polo concello. En todo caso, os hipotéticos axustes a realizar afectarían aos saldos anuais do modelo, sen que as compoñentes do custo unitario se vesen afectadas.

*i. Pagos de investimentos realizados pola concesionaria. O modelo financeiro actualizado realiza axustes mínimos relativos á imputación dos pagos aos meses nos que foron efectivamente liquidados. A principal diferencia consiste en 50.000 € que foran imputados inicialmente en novembro e decembro de 2020, e que teñen sido corrixidos e imputados a xaneiro e marzo de 2021, sendo o impacto no modelo, residual.*

*ii. Recuperación do investimento. O modelo financeiro actualizado incorpora os m³ cobrados e a recuperación do investimento segundo os datos reais para 2020, no lugar das previsións contidas anteriormente.*

*A concesionaria adapta o modelo financeiro para os anos 2021-2025 á realidade de que o ritmo de investimentos en 2021 foi inferior ao previsto no acordo da segunda prórroga. De feito, o modelo financeiro actualizado inclúe uns pagos por investimentos practicamente nulos en 2021, fronte aos máis de 5 millóns € previstos anteriormente. Estes pagos distribúense en exercicios posteriores. O importe total por pagos de investimentos correspondentes ao plan aprobado para a segunda prórroga é de 1.111 € en 2021, importe imputado a novembro.*

*O resto dos elementos do modelo financeiro actualizado poden ser comprobados:*

i. *$m^3$ facturados: A cantidade introducida no modelo é 42.663.086 $m^3$. Existe unha pequena diferencia (32 $m^3$) fronte á calculada segundo os criterios do informe económico de data 21/12/2023 e do informe xurídico de data 22/12/2023, que obran no expediente, a partires dos padróns aprobados no exercicio e das liquidacións de auga en alta, que é de 42.663.118 $m^3$ (apartado 2 do presente informe). A diferencia é dunha orde de magnitude tan pequena que non ten influencia nos restantes resultados do modelo.*

ii. *Taxa de xuro. A taxa de xuro aplicada ao modelo desde o exercicio 2011 é a media aritmética das medias mensuais do euribor a un ano para o ano de referencia, ao que se engade un diferencial do +2,82%. A media aritmética do euribor medio mensual en 2021 foi dun -0,49%, polo que ao aplicar o diferencial do +2,82%, obtense* ***a taxa de xuro do 2,33% aplicada no modelo.***

***O saldo do modelo financeiro a 31 de decembro de 2021 é de 9.676.838 € favorable ao Concello,*** *de novo magnitude correctamente calculada. Este resultado aparentemente anómalo explícase polo reducido volume de pagos por investimentos imputados ao modelo en 2021, así como pola elevada capacidade de recuperación dos investimentos xerada pola tarifa nese exercicio. A partir de 2022 comezan a reflectirse no modelo pagos substanciais pola execución da ETAP de O Casal, de modo que a 31 de decembro de 2025 o saldo do modelo queda equilibrado*

*Cómpre apuntar que no período transcorrido entre a solicitude da concesionaria e a elaboración do presente informe tense producido un forte incremento dos índices de actualización do custo unitario previstos nos pregos, e que afecta ao exercicio 2022 e seguintes. O incremento do custo unitario é de tal magnitude que invalida a parte prospectiva do Plan financeiro presentado pola concesionaria en 2021, xa que nas circunstancias actuais a capacidade de investimento da tarifa de ingresos estimada para o período 2021-2025 é moi inferior aos 40,47 millóns de € previstos na solicitude de 2021. Esta problemática non afecta nen á parte histórica do Plan (ata 2021) nen á cota financeira de recuperación dos investimentos para 2021, e será analizada no marco da aprobación do custo unitario para 2022.*

*Como resulta do exposto,* ***a taxa de recuperación dos investimentos de 0,2396 €/m3 para 2021 é correcta e definitiva****, sen prexuízo de que as referidas circunstancias de evolución do custo unitario, posteriores á elaboración da solicitude da concesionaria, obriguen á actualización do Plan financeiro de recuperación do investimento para o ano 2022 e posteriores.*

## *4. CÁLCULO DO CUSTO UNITARIO DA CONCESIÓN PARA O ANO 2021*

*Empregando as magnitudes calculadas nos puntos anteriores, o custo unitario da concesión queda determinado polos seguintes importes:*

- *Custo de explotación xeral:*
  - *Custo unitario de explotación:* *0,5576 € / $m^3$*
  - *Canon Concello de Vigo:* *0,0300 € / $m^3$*
  - *Recuperación Plan de investimentos:* *0,2396 € / $m^3$*

- *Custo de explotación da Nova EDAR Lagares:*
  - *Custo termo fixo:* *3.596.070,12 €*
  - *Custo termo variable:* *3.414.859,59 €*

*O custo total de explotación da Nova EDAR Lagares para 2021 é, polo tanto de 7.010.929,71 €. Ao dividir este importe polos $m^3$ de auga facturada (42.663.118), obtense un custo unitario de explotación da Nova EDAR Lagares para 2021 de 0,1643 € / $m^3$*

*O custo unitario total da concesión para 2021 é o seguinte:*

| ANO | Custo unitario de explotación (€/$m^3$) | Canon do Concello de Vigo (€/$m^3$) | Recuperación Plan de Investimentos (€/$m^3$) | Custo Unitario Nova EDAR Lagares (€/$m^3$) | Custo unitario total para 2021 (€/$m^3$) |
|---|---|---|---|---|---|
| **2021** | 0,5576 | 0,0300 | 0,2396 | 0,1643 | **0,9915** |

*Polo tanto, a desviación de tarifa para 2021 establécese no seguinte cadro:*

| ANO | Volumen Real Facturado (€/$m^3$) | Ingreso Real Facturado (€) | Tarifa Media Ingresos (€/m3) | Custo unitario da concesión (€/m3) | Desviación Tarifa (€) |
|---|---|---|---|---|---|
| **2021** | 42.663.118 $m^3$ | 42.301.742 € | 0,9915 | 0,9915 | **0 €** |

*O custo unitario calculado é igual á tarifa media de ingresos (0,9915 €/$m^3$), resultados que coinciden cos calculados pola concesionaria na súa solicitude. Esta igualdade é consecuencia de aplicar ao Plan financeiro de recuperación de investimentos a capacidade xerada pola tarifa, como se vén de xustificar no apartado 3.e). As diferencias mínimas no volume e no ingreso facturado en 2021 fronte ás calculadas na solicitude da concesionaria materialízanse en diferencias no custo unitario e na tarifa media de ingresos soamente a partir do quinto decimal, polo que non afectan ao resultado final.*

*En base ao anterior, determínase o **custo unitario da concesión en 2021 en 0,9915 €/$m^3$**, que é igual á tarifa media de ingresos para o mesmo exercicio (0,9915 €/$m^3$). En consecuencia, **ao peche de 2021 existe unha situación de equilibrio económico da concesión».***

**VII.** O 25.10.2024 a concesionaria manifestou a súa conformidade ao contido do informe referido no punto anterior.

## *FUNDAMENTOS TÉCNICO E XURÍDICOS*

### I.- Normativa aplicable á concesión da xestión do servizo público municipal de abastecemento de agua e saneamento de Vigo

Tanto a adxudicación como a formalización do contrato de concesión que tratamos tiveron lugar baixo a vixencia da Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril (en adiante LCE) polo que, de acordo coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 13/1995, de 18 de maio, pola que se aproba a Lei de Contratos das Administracións Públicas; a Disposición Transitoria Única da Lei 53/1999, de 28 de decembro, que modifica a anterior; a Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto Lexislativo 2/2000 , de 16 de xuño, que aproba o Texto Refundido da Lei de contratos; a Disposición Transitoria Primeira da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; a Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de noviembre, que aproba o Texto Refundido desta Lei; e a Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, a norma de aplicación a este contrato é a Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril.

O réxime económico da concesión, e polo tanto a retribución do concesionario regúlase nas cláusulas 80.ª e seguintes do PCE, así como polo establecido na cláusula 3.

A retribución anual do contrato ven determinada polo custo unitario de explotación, revisado conforme á formula e ás ponderacións establecidas polo concursante na súa oferta, na "variante una" de aplicación a todo o volume de auga facturada aos abonados durante a vida do contrato, polo canon da concesión e polas cargas financeiras correspondentes ao plan de inversións. No custe unitario de metro cúbico debe incluírse o custe do servizo da nova EDAR do Lagares nos termos acordados pola XGL de data 10.05.2018.

A correcta aplicación dos termos referidos foi analizado polo informe da Área de Ingresos municipal de data 18.10.2024.

**II.- Competencia**.- Corresponde a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do concello de Vigo (disposición adicional segunda 4 LCSP) a adopción do acordo que se propón

Con base aos sinalados antecedentes, cumpridos os trámites legais preceptivos PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º. Establecer como custe unitario da concesión para o ano 2021 a cantidade de 0,9915 euros/metro cúbico.

2º. Notifíquese o presente acordo á interesada no expediente, con indicación de que o acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.
Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(973).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CONGRESOS DE INTERESE TURÍSTICOS NO ANO 2024. EXPTE. 8625/104.**

Visto o informe xurídico de data 19/11/2024 e o informe de fiscalización do 26/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/11/2024, asinado pola técnica do servizo de Turismo, e conformado pola Concelleira delegada de Turismo e Xuventude, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES.**

Á vista da proposta de data 25 de setembro de 2024 da Comisión Avaliadora composta pola Concelleira de Turismo e a Técnica do Servizo de Turismo, como órgano instrutor do procedemento, consonte coa cláusula décimo terceira que regula esta convocatoria, esta técnica procede a elevar a proposta á Xunta de Goberno Local en base a análise realizado por dita Comisión de Avaliación.

Establece a cláusula terceira que a cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros) e segundo a cláusula oitava, unha vez valorados os criterios de puntuación de todas as solicitudes, estas ordenaranse de maior a menor a puntuación obtida, outorgándose a subvención en rigorosa orde de prelación, ata esgotar o crédito existente.

Os criterios para a concesión da subvención, de acordo co disposto na cláusula sétima, é a seguinte:

VALORACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO EVENTO OU CONGRESO.
As solicitudes valoraranse conforme aos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación tendo en conta os seguintes criterios:

**1.1- Capacidade de comercialización do proxecto turístico.**
Deberá definir en memoria detalla a duración da campaña de promoción turística. Valorarase con ata un máximo de 10 puntos.

- De 1 a 5 días, valorarase ata un máximo de 5 puntos.
- De 6 a 10 días, valorarase ata un máximo de 9 puntos.

Cando supere os 10 días valorarase con 10 puntos.

**1.2.- Accións de promoción.**

Deberá definir en memoria detallada o plan de promoción turística indicando o número de publicacións e os soportes, así como as publicacións que se realizaron. Valorarase con ata un máximo de 25 puntos.

- **Promoción online, (Web, Newsletter, App, canal Youtube, etc...)**. Valorarase ata máximo 10 puntos.
  -Entre 5 e 10 publicacións, valorarase con ata 5 puntos.
  -Entre 11 e 20 publicacións, valorarase con ata 9 puntos.
  Cando supere as 20 publicacións se valorará con 10 puntos.

- **Promoción en RRSS (Facebook, Instagram, Twiter, etc...)**. Valorarase ata un máximo de 5 puntos.
  -Entre 10 e 20 publicacións, valorarase con ata 2,5 puntos.
  -Entre 21 e 30 publicacións, valorarase con ata 4 puntos.
  Cando supere as 30 publicacións se valorará con 5 puntos.

- **Promoción en distintos soportes (comunicación, radio, prensa, revistas, televisión, vallas publicitarias, mobiliario urbano, rótulos, camisetas, etc...).** Valorarase con ata 10 puntos.
  -Entre 5 e 10 soportes, valorarase con ata 5 puntos.
  -Entre 11 e 20 soportes, valorarase con ata 9 puntos.
  Cando supere os 20 soportes se valorará con 10 puntos.

**1.3.-Ámbito da actividade promocional, rexional, autonómico, nacional ou internacional.**
Valorarase con ata 10 puntos.

-Rexional, valorarase con ata 2,5 puntos
-Autonómico, valorarase con ata 5 puntos.
-Nacional, valorarase con ata 7,5 puntos.
-Internacional, valorarase con ata 10 puntos.

**1.4.- Antigüidade do evento ou congreso de interese turístico.**
Valorarase con ata 10 puntos.

-Entre 2 e 10 anos, valorarase con ata un máximo de 5 puntos.
-Entre 11 e 15 anos, valorarase con ata un máximo de 9 puntos.

Cando supere os 15 anos valorarase con 10 puntos.
O evento ou congreso debe ter unha antigüidade mínima de 2 anos.

**6.-** Para a **determinación das contías concretas** da subvención dos eventos ou congresos de interese turístico, teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- Entre 25 e 35 puntos: 50% do custe da actividade subvencionada.

- Entre 36 e 45 puntos: 75% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 46 e 55 puntos: 100% do custe da actividade subvencionada.

A subvención máxima por evento non poderá superar os 25.000,00€, ni superar o 100% do custe da actividade subvencionada.

## II. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

As entidades solicitantes de subvención son as seguintes:

| EXPTE. | ENTIDADE/EVENTO | IMPORTE SOLICITADO |
|---|---|---|
| 8701-104 | MUESTRALO, ORGANIZACION DE EVENTOS FERIALES SL/FEIRA NAVALIA | 25.000,00 € |
| 8696-104 | COLEXIO OFICIAL DE QUIMICOS DE GALICIA / XXVIII ENCONTRO GALEGO PORTUGUÉS DE QUÍMICA | 20.000,00 € |
| 8695-104 | EVENTOS DEL MOTOR SL / XXXIII SALÓN DEL AUTOMOVIL Y MOTOCICLETA DE VIGO 2024 | 25.000,00 € |
| 8698-104 | TRAVIESAS HOCKEY CLUB / CIRCUITO 3X3 HOCKEY PATÍNS RIAS BAIXAS | 7.000,00 € |
| 8697-104 | VEGANAGAL SL / 4ª EDICIÓN FEIRA VEGANA E SOSTIBLE DE GALICIA | 25.000,00 € |
| 8700-104 | ASOCIACIÓN TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA | 25.000,00 € |
| 8702-104 | ASOCIACIÓN PYTHON ESPAÑA | 12.000,00 € |
| 8699-104 | PEPITA TERY PRODUCCIONES SL | 25.000,00 € |

As bases da convocatoria establece que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais estar ao corrente de pago coas obrigacións tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Axencia Estatal de Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social así como co Concello de Vigo, da mesma forma as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€ presentarán declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións que substituirá a certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

Da Comisión Avaliadora reunida en data 18/11/24 se desprende que:

1.- As solicitudes presentadas polas entidades: **COLEXIO OFICIAL DE QUÍMICOS DE GALICIA**, a **ASOCIACIÓN TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA** e a **ASOCIACIÓN PYTHON ESPAÑA** quedan excluídas do proceso por non cumprir coa cláusula quinta:

***"QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.***

*1.- Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas e desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo, **con ánimo de lucro**, e contribúan á promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria"*

- A entidade **TRAVIESAS HOCKEY CLUB** queda excluída por non cumprir co obxecto da subvención:

*"CLÁUSULA PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN*

*O obxecto da subvención, á que se refiren as presentes bases, é contribuir á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos, **relacionados co sector MICE**, con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo, durante o ano 2024"*

- A entidade **PEPITA-TERY PRODUCCIONES S.L.** queda excluída por non cumprir co obxecto da subvención segundo a cláusula segunda das bases reguladoras:

***"CLÁUSULA SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES***

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen no período entre **o 1 de xaneiro ata o 1 de novembro de 2024**".*

- A entidade **MUESTRALO, ORGANIZACION DE EVENTOS FERIALES SL/FEIRA NAVALIA** queda excluída por non cumprir co obxecto da subvención segundo a cláusula cuarta das bases reguladoras:

***"CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.***

*1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
***Non serán obxecto de subvención, nin tidas en conta á hora de cuantificar os custes derivados da organización da actividade, aqueles eventos e congresos que de maneira directa ou indirecta, sexan sufragados total ou parcialmente, mediante calquera outro concepto orzamentario deste Concello de Vigo.***
*(xúntase no expediente o documento 240353437 "certificación da XGL do outorgamento das subvencións para a organización de feiras e festivais industriais e comerciais con sede en*

*Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2024" polo que se concede subvención a esta entidade).*

2.- Que os eventos presentados que cumpren cos criterios establecidos nas "BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE "SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS OU CONGRESOS CON FINES DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2024" son os seguintes::

| EXPTE | ENTIDADE/EVENTO | SOLICITA |
|---|---|---|
| 8695-104 | EVENTOS DEL MOTOR SL / XXXIII SALÓN DEL AUTOMOVIL Y MOTOCICLETA DE VIGO 2024 | 25.000,00 € |
| 8697-104 | VEGANAGAL SL / 4ª EDICIÓN FEIRA VEGANA E SOSTIBLE DE GALICIA | 25.000,00 € |
| TOTAL | | 50.000,00€ |

En base ao exposto, **proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo**:

**Primeiro.-** Outorgar as subvencións para a organización de eventos eventos ou congresos con fines de interese turístico no ano 2024 ás entidades e cos importes que se sinalan na seguinte táboa, dispondo o gasto con cargo á partida orzamentaria 4320.4700000 "subvencións, eventos e actividade, patrocinio" da Concellería de Turismo do orzamento en vigor.

| EXPTE | ENTIDADE/EVENTO | SOLICITA |
|---|---|---|
| 8695-104 | EVENTOS DEL MOTOR SL / XXXIII SALÓN DEL AUTOMOVIL Y MOTOCICLETA DE VIGO 2024 | 25.000,00 € |
| 8697-104 | VEGANAGAL SL / 4ª EDICIÓN FEIRA VEGANA E SOSTIBLE DE GALICIA | 25.000,00 € |
| TOTAL | | 50.000,00€ |

**Segundo.-** Desestimar ás solicitudes presentadas polas entidades: COLEXIO OFICIAL DE QUIMICOS DE GALICIA, a ASOCIACIÓN TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA e a ASOCIACIÓN PYTHON ESPAÑA por non cumprir coa cláusula quinta, que dispón:

***"QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.***

*1.- Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas e desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo, **con ánimo de lucro**, e contribúan á promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria."*

- Desestimar a solicitude presentada pola entidade TRAVIESAS HOCKEY CLUB por non cumprir co obxecto da subvención, cláusula primeira segundo a cal:

*"CLÁUSULA PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN*

*O obxecto da subvención, á que se refiren as presentes bases, é contribuir á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos, **<u>relacionados co sector MICE</u>**, con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo, durante o ano 2024)"*

- Desestimar a solicitude presentada pola entidade PEPITA-TERY PRODUCCIONES S.L. por non cumprir co obxecto da subvención segundo a cláusula segunda das bases reguladoras:

*"CLÁUSULA SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES*
*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen no período entre **<u>o 1 de xaneiro ata o 1 de novembro de 2024</u>**"*

- Desestimar a solicitude presentada pola entidade **MUESTRALO, ORGANIZACION DE EVENTOS FERIALES SL/FEIRA NAVALIA** queda excluída por non cumprir co obxecto da subvención segundo a cláusula cuarta das bases reguladoras:

***"CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.***

*1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
***<u>Non serán obxecto de subvención, nin tidas en conta á hora de cuantificar os custes derivados da organización da actividade, aqueles eventos e congresos que de maneira directa ou indirecta, sexan sufragados total ou parcialmente, mediante calquera outro concepto orzamentario deste Concello de Vigo.</u>***

**Terceiro.-** Notificar o acordo a tódolos interesados, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do dia seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

**Cuarto.-** Ordear a publicación da concesión das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto nos artigos 20 LXS e 35 do RLXS, en

aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(974).- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA O NOVO ACCESO AO COLEXIO PÁRROCO DON CAMILO EN SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE. 18337/411.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/11/2024, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico, e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, co ditame favorable do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 26/11/2024, que di o seguinte:

Examinado o presente expediente, consistente na tramitación do *«Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña»* instrumento urbanístico de iniciativa pública, promovido por esta administración, e á vista da derradeira documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, polo arquitecto- coordinador D. Angel J. Santorio Cuartero, en datas 07.10.2024 e 12.11.2024,- Doc. Núm. 240306655 e -Doc. Núm. 240346826, respectivamente, actualizada e refundida que substitúe e anula a anteriormente remitida, e que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital aos efectos de proceder á aprobación provisional do dito instrumento de planeamento de desenvolvemento, procédese á emisión do seguinte informe xurídico con proposta de acordo, para o que resultan relevantes os seguintes,

**I.- Antecedentes e feitos**

I.I. Información urbanística vixente: Clasificación urbanística do ámbito afectado

Con data do 10.11.2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación núm. 1658/2014, pola que se declarou a nulidade do PXOM de 2008 aprobado definitivamente mediante as Ordes de 16.05.2008 (de forma parcial) e do 13.07.2009 (documento de subsanación de deficiencias), dita declaración de nulidade significou a reviviscencia do PXOM de 1993 nomeado de *"Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXO- 88 á Lei 11/1985, de 22 de abril, á LASGA (Lei 11/1985, do 22 de agosto, de Adaptación do Solo a Galicia"* , o cal foi aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (o acordo de aprobación definitiva foi publicado no DOG núm. 87 do 10.05.1993 e a súa normativa e ordenanzas foi publicada no BOPPO núm. 133, do 14.07.1993).

O vixente PXOU/1993 clasifica os terreos do presente ámbito case na súa totalidade no solo urbanizable programado dentro do ámbito delimitado do Plan Parcial SUP PP 1 Igrexa B, sen desenvolvemento, e o resto como solo urbano na súa meirande parte cualificados coa ordenanza 3.3,

na delimitación do solo de núcleo rural 0701 Igrexa C, e o resto fora das aliñacións destinados a viario (PO-552).

O PXOU/1993 é un instrumento de planeamento xeral aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e non adaptado a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA). Polo tanto resúltalle de aplicación o réxime previsto na Disposición Transitoria 1ª apartado 2º da LSG, e o pautado en similares termos na Disposición Transitoria Segunda, apartado 2, do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG) aprobado polo Real Decreto 143/2016.

I.II. Actuacións administrativas realizadas

I.II.1) Expediente de Contratación

Previa a oportuna tramitación e de conformidade co pautado na Lei 9/2017, de Contratos do sector público, con data do 04.03.2021 no eido das atribucións conferidas polo artigo 5.2 dos vixentes Estatutos desta XMU, o Xerente de urbanismo e o Secretario da XMU, validaron a proposta de formalización da contratación do servizo para a asistencia técnica correspondente á redacción do presente «Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña» (Exp.12670/407).

En cumprimento do estipulado no amentado contrato administrativo, con data do 04.06.2021 o equipo redactor achegaba a través do rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo (Cod.Sol.W531585-8128 e Doc. Núm .210098276) documentación técnica consistente en: Borrador e documento ambiental Estratéxico do «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña».

I.II.2) Procedemento ambiental

Con data do 08.07.2021 a Vicepresidenta da Xerencia municipal de urbanismo ditou Resolución, pola que se dispuxo, solicitar o inicio do procedemento de Avaliación ambiental simplificada ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, cuxa parte resolutoria reza como segue: << *Primeiro.- Solicitar ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña", de conformidade co previsto no artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal), e ao abeiro do pautado no Capitulo I do Titulo II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e da Lei 9/2021, do 21 de febreiro, e poñer a súa disposición a tales efectos xunto coa solicitude formulada o Borrador do Plan e Documento ambiental estratéxico, redactado por un equipo multidisciplinar configurado polos arquitectos Dª. Laura Pena Porto , D. Santos Vila González, e D. Ángel J. Santoiro Cuartero (coordinador dos traballos), a técnica superior de urbanismo Dª. Paz Doblas Carrera e pola enxeñeira medioambiental Dª. Noemí López Rodríguez, baixo a supervisión dos servizos técnicos desta XMU- entidade impulsora e promotora da presente actuación- e asinada dixit*almente *con firma válida polo dito arquitecto- coordinador D. Angel J. Santorio Cuartero, con data abril de 2021..>>*

En cumprimento do resolto, procedeuse a dar traslado da dita Resolución, ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, xuntando o Borrador e DAE, solicitando o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, de conformidade co previsto no artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de

febreiro, do Solo de Galicia, (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal) e ao abeiro do pautado no Capítulo I, do Título II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e da Lei 9/2021, do 21 de febreiro.

En cumprimento do instado por esta administración, con data do 27.09.2021 a referida Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ditou Resolución, pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña», no que se resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ao concluír que tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non se prevén efectos ambientais significativos, e ao que se xunta unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o DAE o o Borrador, e que corresponden aos seguintes organismo: Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo, e Instituto de Estudos do Territorio, nos que conclúen respectivamente que:

- O informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, sinala que, *"O obxecto do PEID é crear un novo acceso rodado e peonil ao CEIP Don Camilo, a través de solo clasificado como Solo urbanizable e Solo Urbano.* ***O PEID constitúe instrumento adecuado para ese obxecto, conforme co sinalado no artigo 183.1 do RLDG."***

- O informe do Instituto de Estudos do Territorio, sinala que, *"O plan especial de infraestruturas non presentará unha forte incidencia paisaxística, toda vez que as obras que se pretenden executar son coherentes coas características paisaxísticas da contorna, podendo supoñer unha mellora na paisaxe urbana da zona ao dotala dunha infraestrutura que reduciría a intensidade circulatoria nas vías de menor sección empregadas ata o de agora para o acceso ao CEIP".*

Dita Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, inseriuse mediante anuncio do 28.09.2021, no DOGA núm. 197, do 17.10. 2021, polo que se fai público o informe ambiental estratéxico do PEID.

II.II.3) Da aprobación inicial

Con data do 19.04.2024 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte Acordo:<< *PRIMEIRO:Prestar aprobación, con carácter inicial ao «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña », instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 05 de febreiro de 2024,- Doc. Núm. 240043224- e 20 de febreiro de 2024 -Doc. Núm. 240063322, actualizada e refundida, achegada en soporte dixital, elaborada con data xaneiro de 2024 polo arquitecto Angel Jaime Santorio Cuartero. SEGUNDO: Someter a información pública o presente expediente, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de senllos anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, e na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaria xeral, con notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente. Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que*

*resulten preceptivos, de conformidade coas características do ámbito e consonte á normativa urbanística e sectorial de aplicación; en todo caso, informe de estradas de Galicia por estar suxeita ás afeccións da estrada PO-552 de competencia autonómica, informe en materia de patrimonio, (artigo 34 da LPCA).Á vista do resultado dos trámites anteriores, resolverase sobre a procedencia de introducir no Documento de Modificación as rectificacións pertinentes cuxo alcance, determinará, no seu caso, a oportunidade e procedencia dun novo trámite de información pública e requirimento de informes, artigo 144.12 RLSG.TERCEIRO:O contido íntegro do instrumento inicialmente aprobado estará disponíble no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/, e no Portal de Transparencia.>>*

Deste xeito, en cumprimento do acordado, procedeuse á apertura do correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de dous (2) meses, mediante a inserción dos cadanseus correspondentes anuncios no "Faro de Vigo" do 26.04.2024, e no "Diario Oficial de Galicia" núm. 96 do 20.05.2024, así como na sede electrónica do Concello de Vigo e no BOE núm. 130, do 29.05.2024.

Neste senso, consta incorporado ao expediente dixital de razón, dilixencia do xefe dos servizos centrais da XMU, de data 01.08.2024 na que fai constar que o, *"Plan Especial de infraestruturas e dotacións para o novo acceso ao colexio Párroco don Camilo, en San Andrés de Comesaña", someteuse ao trámite de información pública, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 26 de abril de 2024), no Diario Oficial de Galicia (número 96, do 20 de maio de 2024), na sede electrónica do Concello de Vigo e no Boletín Oficial do Estado (número 130, do 29 de maio de 2024).durante o dito prazo presentáronse os seguintes escritos de alegacións:*

| *Data rexistro entrada* | *Número de documento e código de solicitude* | *Interesado* |
|---|---|---|
| *14/05/2024* | *240151048* | *Alfredo Rial Fernández* |
| *19/06/2024* | *240181183* | *Mª del Carmen Alonso Vidal* |

*Fóra do dito prazo presentouse o seguinte escrito de alegación:*

| *Data rexistro entrada* | *Número de documento e código de solicitude* | *Interesado* |
|---|---|---|
| *31/07/2024* | *240233971* | *Mª del Carmen Fernández Gesteiro e Araceli Fernández Fernández (herdeiras de José Fernández Fernández)* |

En base a mesma, con data 01.08.2024 o Secretario da XMU subscribe certificación do resultado da exposición pública, do seguinte teor literal, *"Que, durante o período de información pública do expediente núm. 18337/411, do "Plan Especial de infraestruturas e dotacións para o novo acceso ao colexio Párroco don Camilo, en San Andrés de Comesaña", aberto polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 26 de abril de 2024), no Diario Oficial de Galicia (número 96, do 20 de maio de 2024), na sede electrónica do Concello de Vigo e no Boletín Oficial do Estado (número 130, do 29 de maio de 2024), segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 1 de agosto de 2024, polo Xefe dos Servizos Centrais da XMU, presentáronse en prazo os seguintes escritos de alegación:*

| *Data rexistro entrada* | *Número de documento e código de solicitude* | *Interesado* |
|---|---|---|
| *14/05/2024* | *240151048* | *Alfredo Rial Fernández* |
| *19/06/2024* | *240181183* | *Mª del Carmen Alonso Vidal* |

*Fóra do dito prazo presentouse o seguinte escrito de alegación:*

| *Data rexistro entrada* | *Número de documento e código de solicitude* | *Interesado* |
|---|---|---|
| *31/07/2024* | *240233971* | *Mª del Carmen Fernández Gesteiro e Araceli Fernández Fernández (herdeiras de José Fernández Fernández)* |

Neste estado da tramitación, e trala achega polo equipo redactor de varias entregas da documentación técnica preceptiva no presente trámite de aprobación provisional, toda ela consensuadas cos técnicos desta XMU, con datas do 07.10.2024 e 12.11.2024 (Doc. Núm. 240306655 e Doc. Núm. 240346826) inseríase no Rexistro electrónico desta XMU, documentación técnica completa do presente instrumento de planeamento de desenvolvemento, aos efectos de proceder a súa aprobación provisional.

Axuizado o contido da documentación remitida, foron emitidos os informes técnicos que deseguido se relacionan, de carácter favorable ao presente trámite de aprobación provisional, a cuxo contido íntegro nos remitimos, por mor da necesaria concisión e brevidade administrativas, incorporados ao presente expediente electrónico:

- Informe da arquitecta adscrita ao servizo de planeamento e xestión, asinado en data 15.11.2024, en referencia aos aspectos técnicos de planeamento e no axuste da documentación ás NNTTPP (trámite 391 do expediente dixital).
- Informe do enxeñeiro de camiños adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas, asinado en data 19.11.2024, en referencia aos aspectos relacionados co planeamento de novas infraestruturas e, de xeito particular, no referido ao novo vial de accesos ao centro (trámite 397 do expediente dixital).

**II.- Fundamentos de Dereito e Consideracións Xurídicas**

II.I. Normativa examinada

Plan básico autonómico de Galicia, Decreto 83/2018, do 26 de xullo,
TRLS/2015 (Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana,

LSG (Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

RLSG (Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLS),

Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,

LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),

LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),

PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/1985, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia.

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),

O resto de disposicións que puideran afectar,

II.II- Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica

Os plans especiais de infraestruturas e dotacións, de conformidade co disposto nos artigo 73 da LSG e 183 do RLSG, teñen por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, instalacións destinadas aos servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas e a implantación dos usos previstos nos termos da LSG e o RLSG.

O 177.1 do RLSG dispón que, os plans especiais de infraestruturas e dotacións poderán planificar a implantación de dotacións urbanísticas de carácter público ou privado en calquera clase de solo, estean ou non previstas no plan xeral.

Neste marco, o Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo é un plan especial non previsto no plan xeral; Deste xeito, no informe emitido en fase de consultas do 02.09.2021 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda se sinala que ***"O PEID constitúe instrumento adecuado para ese obxecto, conforme co sinalado no artigo 183.1 do RLSG."***

O presente PEID emprázase nos barrios de Tombo e Eidos, na parroquia de Comesaña entre o CEIP Párroco Don Camilo ata a estrada de Camposancos (PO-552) discorrendo nun eixo Noreste -Sudeste.

O PXOU93 clasifica os terreos do ámbito case na súa totalidade no solo urbanizable programado (SUP) dentro do ámbito delimitado do Plan Parcial SUP PP 1 Igrexa B, que carece de desenvolvemento urbanístico, e o resto como solo urbano, na súa meirande parte cualificados coa ordenanza 3.3, na delimitación do solo de núcleo rural 0701 Igrexa C, e o resto fora das aliñacións destinados a viario (PO-552).

O PXOU/93 é un plan non adaptado nin a actual Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) nin á anterior Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Polo tanto aplicaráselle a Disposición Transitoria 1ª apartado 2º da LSG, e o PXOU93 conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte as regras sinaladas nela.

Deste xeito, e no que atinxe ao ámbito e aos obxectivos da presente Modificación, remitímonos integramente ao reflectido no informe técnico do 15.11.2024, así como a Memoria do PEID que identifica o obxecto do PEID como a implantación dun novo acceso de comunicación viaria, rodada e peonil, ao CEIP Párroco Don Camilo dende a estrada de titularidade autonómica PO-552 a través de solo clasificado como solo urbano e solo urbanizable.

O PEID ven xustificado pola necesidade de dotar dun acceso rodado que garanta as condicións de seguridade viaria ao CEIP, dando resposta á necesidade concreta e urxente do centro escolar, á vista dos antecedentes e informes que constan no expediente.

A ordenación proposta establece a cualificación do solo como dotacional e non modificará a clasificación do solo, de conformidade cos artigos 70.5 da LSG e 178.2 do RLSG.

O solo destinarase a usos dotacionais de comunicación viaria e, en menor medida, de equipamento sociocultural de uso educativo (referido á ordenanza 3.3 de zonas culturais e sociais do PXOU93 vixente) libre de edificación, necesarios para servir de conexión e acceso desde o propio vial ata o centro escolar. O axuste no solo adicado a equipamento (ordenanza 3.3) da situación de orixe vese compensada na ordenación proposta coa zona sinalada de conexión co vial proxectado.

A proposta amosa un viario de sección transversal de 16 metros e de pendente máxima ao 12%, cuxo desglose de anchos/datos mínimos incorporase á ficha resumo de magnitudes da memoria. Así mesmo, a proposta incorpora un itinerario peonil adaptado, que acompaña o percorrido deste viario, cunha pendente que non supera o 6%, tendo en conta o disposto na normativa estatal en materia de accesibilidade, o cal garante a accesibilidade peonil dende a estrada autonómica PO-552 buscando adaptarse á topografía do ámbito.

O proxecto axusta a topografía actual ao longo do seu percorrido para facilitar o acceso ao centro escolar baixando a cota de chegada do viario ao CEIP. Neste senso, o PEID sinala que o deseño definirase ao pormiudo no proxecto de urbanización e a definición xeométrica da actuación e o seu acomodo mediante plataformas ou banqueos á topografía. Xa que logo, o proxecto de urbanización deberá prestar especial coidado nos bordes do ámbito delimitado e a resolución dos accesos ao CEIP mediante as solucións construtivas e vexetais precisas de topografía, materiais e vexetación que se adapten a este percorrido e eviten calquera impacto visual, con respecto á normativa vixente.

Esta nova infraestrutura viaria se plantexa como un elemento de oportunidade de cara ao futuro, reflectida no desenvolvemento do planeamento, xa que á vez que se incorpora un viario rodado de acceso e saída dos espazos escolares e deportivos do CEIP á estrada autonómica que aumentará a seguridade viaria na área, o itinerario peonil proxectado poderá integrarse nunha futura zona verde (prevista nos estándares da LSG incorporadas na ficha de xestión do ámbito do PXOM aprobado provisionalmente) que sirva de conector entre ela, o equipamento escolar e as súas instalacións deportivas e de lecer.

Neste senso, a súa natureza é a dun plan de desenvolvemento, dos relacionados nos artigos 70 e 72 da LSG e nos artigos 177, 178, e 180 a 181, así como o artigo 184 do seu Regulamento de desenvolvemento, coas finalidades, obxecto e documentación que neles se describen.

II.III. Integridade documental do expediente e actuacións administrativas realizadas

O Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, que neste intre se somete a aprobación provisional, consiste na documentación técnica presentada no Rexistro xeral desta XMU o 07.10.2024 e 12.11.2024,- Doc. Núm. 240306655 e -Doc. Núm. 240346826;conformado pola documentación que de seguido se relaciona, dando cumprimento ao disposto no artigo 184 do RLSG: OO.INDEX, 01. MX: Memoria informativa, Memoria xustificativa, Ficha resumo, Anexo mobilidade, Anexo vixencia

planeamento, Relación de titulares catastrais, Estudo acústico, Estudo da Paisaxe, Xustificación da integración de informes sectoriais, informe de participación pública; O2. PINF: Índice e planos, 03.PORD: Índice xeral e plano; 04. NU: Normas Urbanísticas, O5.CAT: Memoria, Ficha, Normas protección; 06.EE: Estudio económico, Memoria de viabilidade; O7.AAA: DAE: Planos de información, Planos de alternativas 0,1,2,3 e 4, IAE: Anexos (planos anexo DAE, informes a consultas, suxerencias, informe ambiental, e informes transportes e de servizos existentes); O8. MOD_OD PXOU: Memoria e planos sobre a ordenación do IOP e PXOU vixente.

Sobre a suficiencia e conformidade da documentación técnica *supra* relacionada e da ordenación proposta, informou en data 15.11.2024 a arquitecta adscrita ao servizo de planeamento de desenvolvemento e xestión, no que conclúe que, *o PEID incorpora a documentación requirida no artigo 184 do RLSG e ten o grao de precisión adecuado aos seus fins;* Pola súa banda, e respecto aos aspectos relacionados co planeamento de novas infraestruturas e, de xeito particular, no referido ao novo vial de accesos ao centro, informou con data do 17.11.2024 o enxeñeiro de camiños do servizo de urbanización e infraestruturas.

Pola súa banda, e no que respecta aos aspectos económicos do presente PEID, singularmente no referente a súa incidencia nas Facendas públicas, con data do 09.04.2024 o Interventor xeral municipal emite informe de fiscalización (trámite 188) no que conclúe que, << *Tendo o Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña a natureza de Plan Especial non previsto no PXOM/1993, conforme ao indicado no informe-proposta que, conforme á normativa aplicable, ten por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, instalacións destinadas aos servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas e a implantación dos usos previstos nos termos da LSG e o RLSG,* ***a súa tramitación e aprobación non está sometida a fiscalización previa da Intervención municipal, por non constituír un acordo que comporte a aprobación de gastos ou recoñecemento de obrigacións de pago,*** *nin tampouco se esixa a constancia no expediente de documentación de retención de crédito respecto dos investimentos que deba acometer a Administración actuante a resultas das determinacións do instrumento de planeamento, de ser o caso, nin tampouco ao control financeiro xa que non se trata dunha materia para a que legalmente se esixe unha maioría especial. (..)*

*Conclusións: Primeira.- O expediente 18337-411, no que se propón aprobar inicialmente o «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña»,* ***non está sometido a función interventora****, xa que non supón a aprobación ou autorización de gastos, nin se esixe a constancia no expediente de documentación de retención de crédito para o financiamento das infraestruturas previstas no mesmo. A estes efectos, a documentación incorporada no expediente estima uns custes totais da actuación de 1.102.101,96 euros, importe que constitúe unha mera aproximación ou estimación da inversión proxectada. O financiamento da infraestrutura, así como o resto de custes da urbanización, realizarase na súa totalidade con recursos propios do Concello de Vigo. Segunda.- Tampouco está suxeito a control financeiro pola intervención xeral municipal, xa que ao tratarse dun instrumento de planeamento de desenvolvemento non se trata dunha materia para a que legalmente se esixa una maioría especial ; Terceira.- Conforme ao disposto no artigo 12.4 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, e demais normativa concordante e aplicable, o expediente examinado incorpora un informe ou memoria de sostibilidade económica, aínda que o citado documento limítase a concluír que en canto ao custo do mantemento das infraestruturas ou de prestación de servizos urbanos que se deban implantar despois da recepción*

*das obras de urbanización, estes corresponderán integramente ao Concello de Vigo, sen mención adicional algunha.*
*En calquera caso, esta intervención considera que tendo en conta as magnitudes orzamentarias deducidas da liquidación dos orzamentos correspondentes ao exercicio 2023, en particular, como magnitudes mais representativas para avaliar a capacidade de afrontar novos gastos a existencia dun aforro bruto de 36 millóns de euros e un aforro neto legal de 39,36 millóns de euros, considérase que a facenda local ten marxe suficiente par facer fronte ao gasto que se derive da actuación..>>*

II.IV. Análise individualizada de cada unha das alegacións presentadas

Tal e como se indicou no relato de feitos, e así consta na certificación expedida polo Secretario da XMU o día 01.08.2024 no período legal de exposición pública presentáronse dous escritos de alegacións, baixo os números de documento 240151048 e 240181183; fora do prazo legal, presentouse unha alegación, co número de documento 240233971.

Incorpórase e forma parte da documentación técnica presentada ao trámite de aprobación provisional, o documento nomeado *“Informe de Participación Pública”* no que o equipo redactor da resposta individualizada as alegacións presentadas no trámite de exposición ao público do Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP “Párroco Don Camilo”; De acordo co informe do equipo redactor proponse a estimación da Alegación núm. 1 e a desestimación da Alegación núm. 2 e núm.3.

Tralo estudo das ditas alegacións, a técnica xurídica que redacta e asina o presente informe xurídico, comparte integramente o concluído polo equipo redactor, do xeito que segue.

- Alegación núm. 1 (Doc. Núm. 240151048)

Resumo: As alegantes solicitan que se cambie as notificacións ao seu nome.

Resposta: A notificación operada por esta administración efectuouse validamente ao titular catastral, tal e como esixe a lexislación de aplicación; non obstante, proponse estimar a alegación, ao quedar debidamente acreditado documentalmente a súa calidade de herdeiras na finca de referencia.

- Alegación núm. 2 (Doc. Núm. 240181183)

Resumo: O alegante expón que o proxecto afecta a unha parcela da súa propiedade, na saída ou conexión coa parte urbanizada da estrada, ao ser lindante coa beirarrúa do vial nomeado Estrada de Camposanco da Xutna de Galicia da PO-552 Vigo, no tramo Vigo-Baiona; expondo que o erro da súa falta de notificación proveña do erro existente no grafismo da súa finca, dado que linda coa beirarrúa que no seu día foi obxecto de expropiación pola Xunta de Galicia, Solicitando a súa inclusión como propietaria da dita superficie de terreo.

Resposta: Proponse desestimar na súa totalidade, non correspondendo o axuizamento nesta fase de planeamento; será na fase de xestión, prevista por expropiación, onde se analizará o solicitado, logo de acreditarse debidamente o reclamado,.

Faise constar que, mediante oficio da Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda de data 30.08.2024 (Not. Núm. 10114-2024 ) déuselle traslado a Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de

Galicia do dito escrito de alegación, á vista do afirmado pola alegante, respecto da non inclusión dunha franxa de terreo que afirma ser da súa titularidade e non da administración autonómica, ao ser resultado do procedemento expropiatorio levado a cabo pola Xunta de Galicia para a construción da estrada PO-552 Vigo no tramo Vigo-Baiona.

- Alegación núm. 3 (Doc. Núm. 240233971)

Resumo: O alegante solicita que se valore a efectos de expropiación os bens que no dito escrito enumera.

Resposta: Desestimase na súa integridade, dado que non corresponde o seu axuizamento nesta fase de planeamento, será na fase de xestión , prevista por expropiación onde se analizará o solicitado, logo de acreditarse debidamente o reclamado.

II.V. Integración dos informes sectoriais emitidos ao documento de aprobación inicial

Incorpórase e forma parte da documentación técnica presentada ao presente trámite de aprobación provisional, o documento nomeado *"Xustificación da integración dos informes sectoriais emitidos ao documento de aprobación inicial"* no que o equipo redactor da resposta individualizada ao contido e integración no presente documento, das consideracións/ e ou observacións efectuadas polos seguintes organismos nos cadanseus correspondentes informes sectoriais, xuntando unha táboa resumo, coa correspondencia da súa incorporación ou non en atención ao concluído nos ditos informes sectoriais.

As modificacións introducidas no documento para a aprobación provisional, atendendo as alegacións presentadas no prazo de exposición ao público xunto coas correccións derivadas de erros e informes sectoriais non se aprecia, un cambio substancial no documento inicialmente aprobado, nin a adopción dos novos criterios respecto da clasificación, cualificación do solo nin a estrutura xeral e orgánica do territorio (artigo 75.1 c) da LSG)

II.VI. Formulación dos Plans Especiais

No que respecta a súa formulación, o artigo 74 da LSG e no mesmo senso o artigo 185 do seu Regulamento de desenvolvemento, estipula que os plans especiais poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

II.VII. Procedemento e tramitación

O presente PEID, ten a natureza dun instrumento de desenvolvemento non previsto no PXOM/1993, poren a súa tramitación e aprobación axustarase as regras establecidas no artigo 75 da LSG e 186 do seu Regulamento , do xeito que segue:

- Aprobación inicial, polo órgano municipal competente e sometemento a información pública, como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Asemade notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das

administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

- Cando con posterioridade ao trámite de información pública, se pretenderan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado abrirase un novo trámite de información pública.
- Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.
- A aprobación de plans especiais non previstos no plan xeral, requirirá en todo caso, a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refire ao control de legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais,
- Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que foran pertinentes, someténdoo co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu preceptivo informe, que terá que ser emitido nun prazo de dous meses, a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da consellería, transcorrido dito prazo sen que se tivese comunicado o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan.
- Cumprimentados os anteditos trámites, o Concello procederá a súa aprobación definitiva.

O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local.

Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG.

Conclusión.-Tralo análise técnico e xurídico, co dito alcance de avaliar a integridade documental do instrumento urbanístico, as actuacións administrativas realizadas, a calidade técnica da ordenación proxectada, e a conformidade coa lexislación vixente, Infórmase favorablemente polas que subscriben a presente proposta,  a aprobación provisional do « «Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña» instrumento urbanístico de iniciativa pública, promovido por esta administración.

Xa que logo, procede neste intre, propor ao órgano municipal competente, a súa aprobación provisional.

II.VII. Órgano competente

A competencia para aprobar provisionalmente o «Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña», reside na Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (art. 127.1.d] LRBRL), por proposta do Consello de Xerencia da XMU (art. 10º.1.b) dos Estatutos da XMU).

En consecuencia, visto o que antecede, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Estimar, e desestimar os escritos de alegacións presentados no período de exposición pública correspondente a aprobación inicial do *«Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña»,* co seguinte resultado: Estimar  o escrito de alegación presentado co número de documento 240151048, e desestimar os escritos de alegacións presentados cos números de documentos 240181183 e 240233971, en base e de conformidade co exposto no corpo da presente.

SEGUNDO: Prestar aprobación, con carácter provisional ao *«Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña»,* instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo en datas 07.10.2024 e 12.11.2024,- Doc. Núm. 240306655 e Doc. Núm. 240346826 - actualizada e refundida, achegada en soporte dixital, redactada e asinada dixitalmente polo arquitecto A.J.S.C, con data setembro de 2024.

TERCEIRO: Someter o *«Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao Colexio Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña»*» provisionalmente aprobado, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo, para o seu informe preceptivo no que se refira ao control de legalidade e tutela de intereses supramunicipais, así como ao cumprimento das determinacións establecidas nas Directrices de Ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais, consonte co previsto no artigo 75.e) da LSG e concordantes do seu Regulamento de desenvolvemento, que deberá ser emitido no prazo de (2) dous meses, a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da consellería competente. Transcorrido dito prazo sen que se tivese comunicado o informe recadado, se entenderá emitido con carácter favorable, podendo continuarse coa tramitación do plan.

CUARTO: Notificar individualmente o presente acordo  aos alegantes o presente acordo, significándolle que é un acto de trámite non susceptible de recurso administrativo, sen prexuízo do disposto no artigo 112 “in fine” da LPACAP

QUINTO: O contido íntegro do instrumento provisionalmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico *https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/,* no apartado de Planeamento de desenvolvemento en tramitación, e no Portal de Transparencia.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente para resolver decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Adxudicación da contratación do aseguramento de vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal . Expte. 16340/435.

.- Adxudicación da contratación das obras do proxecto de nova grada de Gol do Estadio municipal de Balaídos. Expte. 1966/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**18(975).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO ASEGURAMENTO DE VEHÍCULOS A MOTOR E REMOLQUES DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL . EXPTE. 16340/435.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 28/11/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación do 27/11/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal (16340-445)

**<u>LEXISLACIÓN APLICABLE</u>**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do seguro de vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal (16340-445)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 6 de setembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de "ASEGURAMENTO DE VEHÍCULOS A MOTOR E REMOLQUES DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL".*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 22.08.2024.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 22.08.2024.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS MIL SEISCENTOS CORENTA EUROS (300.640,00 €), IVE exento en virtude do artigo 20.1.16 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9202.224.00.00 "Seguro de vehículos", segundo a distribución de anualidades proposta.*

| | |
|---|---|
| *2025* | *150.320,00 €* |
| *2026* | *150.320,00 €* |
| *TOTAL* | *300.640,00 €* |

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 25 de outubro de 2024adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal (16340-445) na seguinte orde descendente:*

| | *Licitador* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| *1* | *OCCIDENT GCO, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD UNIPERSONAL* | *100,00* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OCCIDENT GCO, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD UNIPERSONAL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrase que deberán acreditar a habilitación profesional esixida na cláusula 9.1.7º) do PCAP.*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OCCIDENT GCO, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD UNIPERSONAL, o día 28 de outubro de 2024, que presenta a documentación requirida o 11 de novembro de 2024, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 20 de novembro de 2024, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a OCCIDENT GCO, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD UNIPERSONAL para que puidera emendar a documentación relativa ao certificado de débedas da ATRIGA. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figuran o obxecto social, o nomeamento do representante e a habilitación requirida.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (105.224,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (105.224,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 15.032,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 27 de novembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OCCIDENT GCO, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD UNIPERSONAL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OCCIDENT GCO, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD UNIPERSONAL, segundo o acordo da Mesa de Contratación, de data 25 de outubro de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.2 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a OCCIDENT GCO, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD UNIPERSONAL o procedemento aberto para a contratación do seguro de vehículos a motor e remolques do parque móbil municipal (16340-445) por un prezo total do contrato de 300.640,00 euros, IVE exento, e coas seguintes condicións:*

a) *A redución dos prezos unitarios do contrato consignados no Anexo II ao PPTP é a seguinte:*

| TIPO VEHÍCULO | PREZO UNITARIO |
|---|---|
| VEHÍCULOS 1ª CATEGORÍA | 437,00 € |

| | |
|---|---|
| VEHÍCULOS 2ª CATEGORÍA | 469,00 € |
| VEHÍCULOS 3ª CATEGORÍA | 312,00 € |
| VEHÍCULOS 4ª CATEGORÍA | 547,00 € |
| VEHÍCULOS 5ª CATEGORÍA | 858,00 € |
| VEHÍCULOS 6ª CATEGORÍA | 1.092,00 € |
| VEHÍCULOS 7ª CATEGORÍA | 234,00 € |

b) *Incrementa a suma asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor e ocupantes en relación ao mínimo indicado no PPT en 70 %.*

c) *Incrementa a suma asegurada por gastos asistencia sanitaria en centros non concertados en relación ao mínimo indicado no PPT en 100 %.*

d) *Consideración de terceiro en caso de sinistro para os bens propiedade do Concello de Vigo (distintos de vehículos): si.*

e) *Incrementa a suma asegurada por falecemento, invalidez permanente en relación ao mínimo indicado no PPTP para os condutores das motos en 10 %.*

f) *Os riscos excluídos que figuran na oferta presentada.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(976).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS. EXPTE. 1966/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 29/11/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 28/11/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de nova grada de gol do Estadio municipal de Balaídos (1.966-441)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de nova grada de gol do Estadio municipal de Balaídos (1.966-441)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 5 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS" cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E CINCO MILLÓNS SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS TRECE EUROS con DEZ CÉNTIMOS (25.642.713,10 €), Ive engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:*

| | |
|---|---|
| *2024* | *270.000,00 €* |
| *2025* | *11.500.000,00 €* |
| *2026* | *13.872.713,10 €* |
| *TOTAL* | *25.642.713,10 €* |

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 25 de xuño de 2024.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9330.632.00.10 (INVESTIMENTOS MELLORA E. M.BALAIDOS), proxecto de gasto 14933010, do vixente orzamento 2024 por importe de 270.000,00 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial dos exercicios 2025 e 2026, na aplicación orzamentaria 9330.632.00.10, crédito por importe de 11.500.000,00 € e 13.872.713,10 € respectivamente.*

*Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 4259,26% e para a terceira anualidade nun 5138,04%.*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 7 de novembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de nova grada de gol do Estadio municipal de Balaídos (1966-441) na seguinte orde descendente:*

| Orde | Empresas licitadoras | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| **1º** | **S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA** | **95,05** |
| 2º | S.A.AVINTIA PROYECTOS Y CONSTRUCCIONES, S.L. | 80,72 |
| 3º | ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. | 79,48 |
| 4º | CIVIS GLOBAL, S.L.U. | 75,52 |
| 5º | SACYR CONSTRUCCIÓN | 73,76 |
| 6º | COMSA, S.A.U. | 67,26 |
| 7º | FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. (60 %) - PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (40 %) | 61,57 |
| 8º | ORECO BALGON, S.A. | 50,30 |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, o día 7 de novembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 20 de  novembro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante (nomeamento de delegado e acordo de confidencialidade).
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante (declaración de ausencia de conflito de intereses).
- Seguro de caución por un importe de 1.025.700,00 euros en concepto de garantía definitiva, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Declaración de vixencia de datos no Rexistro Xeral de Contratistas. Consultado de oficio e incorporado o certificado ao expediente, consta nel acreditada a solvencia económica e financeira e técnica e profesional a través da clasificación esixida no PCAP (C-3-6), o poder de representación do asinante da oferta e o seu DNI, así como os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Así mesmo, foi incorporado ao expediente o certificado de estar ao corrente coa Tesourería Municipal.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 28 de novembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 21 e 30 de outubro de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a* S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA (A-32.015.844) *o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de nova grada de gol do Estadio municipal de Balaídos (1.966-441) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 24.821.940,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.307.940,00 euros.*
b) Oferta a execución da seguinte mellora: implantación dun sistema de avaliación de edificios intelixentes (PM1), cuantificada en 276.638,00 euros (PEM).

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(977).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE (RA.01/12/2024)
Francisco Javier Pardo Espiñeira.